


Manual do profesorado galego



XUNTA
DE GALICIA



ANPE
SINDICATO INDEPENDENTE



TRABALLO INDEPENDENCIA EFICACIA
SINDICALISMO NEGOCIADOR
PROFESIONALIDADE ESCOLA DEREITOS
EIVINDICATIVO PROFESORADO
ENSINO ENSINO PÚBLICO
INDEPENDENCIA EFICACIA
EFENSOR PROFESOR ENSEÑANZA
NSINO SINDICALISMO INDEPENDENCIA
PROFESIONALIDADE ESCOLA DEREITOS
DOCENTES NEGOCIADOR
TRABALLO ESCOLA DEREITOS
EIVINDICATIVO PROFESORADO
EFENSOR PROFESOR ENSEÑANZA
TRABALLO INDEPENDENCIA EFICACIA
SINDICALISMO NEGOCIADOR
PROFESIONALIDADE ESCOLA DEREITOS
EIVINDICATIVO PROFESORADO
ENSINO ENSINO PÚBLICO
DOCENTES ENSEÑANZA
EFENSOR PROFESOR INDEPENDENCIA
NSINO SINDICALISMO DOCENTES
PROFESIONALIDADE ESCOLA EFICACIA
DOCENTES NEGOCIADOR
TRABALLO ESCOLA DEREITOS
EIVINDICATIVO PROFESORADO
ENSINO ENSINO PÚBLICO

Manual do profesorado galego



XUNTA
DE GALICIA







Cando Julio Díaz Escolante me propuxo realizar unha actualización do *Manual do profesorado galego* aceptei rapidamente cunha condición: que nesta actualización participase tamén Mónica García Fernández.

Mónica García Fernández vén desempeñando un labor encomiable na Subdirección Xeral de Recursos Humanos desde hai máis dunha década, cunha dedicación e un coñecemento moi profundo de toda a lexislación aplicable ao persoal docente, pilotando a transformación de procedementos ordinarios en procedementos electrónicos, que permiten unha modernización e unha evolución da aplicación das novas tecnoloxías na xestión.

Resumindo, que Mónica García Fernández e eu traballásemos, ao mesmo nivel de responsabilidade, na actualización do *Manual do profesorado galego* supoñía para min unha enorme tranquilidade e unha garantía dun traballo final de maior calidade.

O *Manual* actualízase nun momento no que se están a producir cambios importantes. A aprobación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a declaración a extinguir do corpo de profesores técnicos de formación profesional, a creación do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, a integración do profesorado do corpo que se vai extinguir de profesores técnicos de formación profesional son cuestións que se tratan neste manual, algunha delas condicionadas a que determinadas normas se terminen aprobando tal e como están nestes intreos en tramitación.

Tamén será moi importante para o persoal interino e para a xestión dos recursos humanos a adaptación que se poida realizar da normativa do persoal docente ao disposto no artigo 10, e na disposición adicional décimo sétima do texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, segundo a redacción que lle deu a Lei 20/2021.

Sobre esta publicación de preguntas e respostas é necesario resaltar que non teñen por que ser asumidas por cada interesado ou interesada. Algunhas respostas están baseadas en xurisprudencia consolidada, outras en informes xurídicos solicitados e emitidos e outras moitas na interpretación que das normas vén facendo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Cómpre dicir que estas interpretacións non vinculan nin sequera a propia Administración educativa, que poderá modificalas, nin as persoas interesadas en cada procedemento, que poderán discrepar a través dos medios legais establecidos, e, basicamente, coa interposición dos recursos administrativos ou contencioso-administrativos que procedan.

Por último, quero volver a aproveitar esta oportunidade que se me brinda para agradecerlle ao persoal da Subdirección Xeral de Recursos Humanos o entusiasmo e ilusión cos que desempeñan o seu labor, sempre coa finalidade de tratar de conseguir un funcionamento o máis eficaz posible.

Santiago de Compostela, outubro de 2022

José Luis Canosa Baldomir

ANPE
SINDICATO INDEPENDENTE

AGRADECIMENTO



Coñezo a J. Luís Canosa desde hai máis dun cuarto de século e sempre mantivemos unha máis que boa relación, tanto persoal como profesional. De feito, e a pesar de que traballamos desde distintos ámbitos educativos, Canosa como representante dunha Administración educativa e eu como responsable dunha organización sindical independente e profesional sempre defendemos os mesmos obxectivos: por unha banda, colocar o ensino galego á vangarda dos servizos públicos e, pola outra, prestixiar o excelente traballo realizado polos docentes galegos.

Alá polo ano 2005 viu a luz o primeiro *Manual do profesorado galego*. Un manual esencial e imprescindible que, durante nada máis e nada menos que 17 anos, foi fonte de consulta constante por parte dos equipos directivos e do profesorado galego. Pero claro, despois desta eternidade, chegou o momento de afrontar unha profunda actualización e, a verdade, é que foi moi doado, simplemente foi dicirlo a Jose Luís e, automaticamente, xa me dixo que si, o que lle agradezo sinceramente. Ben é certo que me puxo condición, unha soa: que Mónica García, a súa xefa de servizo de Primaria, participase activamente na súa actualización. Isto agradoume aínda máis, pois considero a Mónica unha excelente profesional, meticulosa e rigorosa no desempeño da súa función de todo o que ten que ver coa xestión dos recursos humanos da Consellería e da lexislación que hai que aplicar no ámbito educativo galego.

Quero agradecerlles aos dous este excelente traballo, profesional e completo. Unha guía de consulta esencial para o profesorado galego. Feita desde unha perspectiva distinta á simple recompilación da normativa educativa, moi lonxe do que o profesorado solicita nas súas consultas profesionais do día a día. Este magnífico compendio de preguntas e respostas organizadas por temáticas son as cuestións profesionais que o profesorado demanda diariamente no desenvolvemento das súas tarefas educativas.

Grazas Mónica.

Grazas J. Luís.

TEMAS

Acceso á información pública	7
Adquisición doutra especialidade	8
Catálogo de postos de traballo	11
Clasificación dos centros educativos	13
Comisións de servizos de conciliación da vida familiar e laboral	14
Comisións de servizo por motivos de saúde	16
Competencia docente	18
Cómputo dos prazos	22
Concurso de adxudicación de destinos provisionais (CADP)	24
Concurso xeral de traslados	32
Concurso de traslados específico	42
Concurso-oposición	44
Consolidación parcial do complemento específico polo exercicio da dirección de centros escolares	51
Corpo de profesores técnicos de formación profesional	53
Criterios de perda do destino definitivo	59
Dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas	61
Dereitos das persoas interesadas no procedemento administrativo	62
Desprazamento por falta de horario	63
Dirección de centros docentes públicos	64
Elección de horarios	69
Equipo directivo	72
Estabilización de emprego temporal	72
Habilitacións para o exercicio da docencia en centros privados	83
Integración total ou parcial ou cambio de ensinanzas desde un centro a outro	89
Intercambios provisionais	89
Licenzas e permisos	92
Mobilidade nos propios centros	99
Órganos colexiados	100
Perda da condición de persoal funcionario	104
Permutas	105
Persoal auxiliar coidador	106
Profesorado de relixión	107
Profesorado itinerante	110
Prórroga no servizo activo	112
Recurso de alzada	113
Recurso de reposición	115
Recoñecemento de especialidades do persoal funcionario de carreira do corpo de mestres	116
Redución de xornada	118
Rehabilitación da condición de persoal funcionario	119
Responsabilidade civil	119
Retribucións	120
Réxime disciplinario	123
Sexenios	126
Situacións administrativas	127
Supresións de postos	132
Xornada de traballo do persoal docente	133

ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Que é información pública?

Todos os contidos ou documentos, con independencia do seu formato ou soporte, que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións pola Administración (*entre outros suxeitos previstos na lei).

Como se formaliza o acceso á información pública?

Preferiblemente mediante o modelo normalizado PR100A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Hai que motivar a solicitude?

A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información. Con todo, poderá expoñer os motivos polos que solicita a información que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución.

Existen límites para o acceso á información pública?

Este dereito soamente se pode limitar naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información en relación coa aplicación de dereitos constitucionalmente protexidos ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro).

Quen resolve as solicitudes de información pública?

No ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle á persoa titular da secretaría xeral, a secretaría xeral técnica, a dirección xeral ou a delegación territorial no caso da Administración xeral da comunidade autónoma, e á persoa titular dos órganos de goberno ou executivos das entidades instrumentais do sector público que posúan a información.

Cal é o prazo de resolución?

Un (1) mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Transcorrido este prazo sen resolución, a solicitude entenderase desestimada.

Que recurso podo interpoñer?

A lei establece a posibilidade de interpoñer unha reclamación ante o/a Valedor/a do Pobo no prazo dun (1) mes desde a notificación da resolución (*agás as ditas polo Parlamento de Galicia, Consello Consultivo, Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Económico e Social, Consello Galego de Relacións Laborais e Consello da Cultura Galega en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e, en todo caso, respecto dos seus actos en materia de persoal e contratación nas que só cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo).

- Recurso contencioso-administrativo

É información pública a documentación que figure en poder dos tribunais de selección de persoal docente?

Os tribunais de selección son órganos administrativos de carácter técnico ao servizo da Administración, de xeito que a documentación que elaborasen é información pública.

Pódense considerar os modelos de corrección dos tribunais de selección como documentos de traballo interno para xustificar unha posible inadmisión da solicitude de información pública?

Non, dado que son documentos de interese público, xa que se empregan para a selección do persoal empregado público docente.

A finalidade da lei é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública sometendo as decisións adoptadas ao escrutinio público para acreditar un exercicio obxectivo e ponderado.

ADQUISICIÓN DOUTRA ESPECIALIDADE DENTRO DO MESMO CORPO

Podemos presentarnos para a adquisición doutra especialidade noutra comunidade autónoma distinta á que pertencemos?

Non. O artigo 52 do Real decreto 276/2007 establece que “as administracións educativas determinarán, mediante as oportunas convocatorias, as especialidades que poidan adquirirse a través dos procedementos establecidos neste título. A estas convocatorias poderán concorrer unicamente funcionarios de carreira directamente dependentes da Administración educativa convocante”.

Podemos presentarnos para a adquisición doutra especialidade se somos persoal funcionario en prácticas?

Non. Hai que ser persoal funcionario de carreira como se establece no artigo 52 citado no apartado anterior.

No corpo de mestres, é preciso posuír a titulación esixida para ingresar no corpo?

Non. O requisito é ser funcionario de carreira do corpo de mestres. O artigo 53.1 do Real decreto 276/2007 establece que “o persoal funcionario do corpo de mestres poderá adquirir novas especialidades, dentro do mesmo corpo, mediante a realización dunha proba”.

Nos restantes corpos, é preciso posuír a titulación esixida para ingresar no corpo e especialidade?

Si. O artigo 54.2 do Real decreto 276/2007, relativo á adquisición doutra especialidade por persoal funcionario doutros corpos, establece que “os que desexen participar nos procedementos de adquisición dunha nova especialidade deberán posuír o nivel de titulación e os demais requisitos que se esixen para o ingreso libre na devandita especialidade”.

Para presentarse á adquisición doutra especialidade, é necesario estar en situación de servizo activo ou é posible presentarse desde outras situacións administrativas como excedencia voluntaria ou servizos especiais?

Non é necesario estar en situación de servizo activo.

No caso de encontrarse en situación de excedencia voluntaria poderemos presentarnos na comunidade autónoma na que nos concederon a excedencia.

Se estamos en comisión de servizos noutra comunidade autónoma, podemos presentarnos na nosa comunidade autónoma, pero non na que transitoriamente estamos prestando servizos.

Convócanse todas as especialidades de todos os corpos?

Non. Normalmente convócanse as especialidades que se ofertan para o ingreso libre.

Existe límite de prazas neste procedemento?

Depende da convocatoria. No artigo 52 do Real decreto 276/2007, establécese que nas convocatorias se poderá determinar o número de profesores que adquieran novas especialidades por este procedemento.

En que consiste a proba? Hai unha proba práctica?

No corpo de mestres, nunha exposición oral dun tema elixido entre tres.

Nos restantes corpos, na exposición dun tema elixido polo persoal aspirante de entre os extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade atendendo aos seguintes criterios:

- Naquelas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51, deberá elixirse entre catro temas.
- Naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas, deberá elixirse entre cinco temas.

Para todos os corpos, o Real decreto 276/2007 establece que “para aquelas especialidades nas que así se determine, a proba poderá incorporar contidos de carácter práctico”.

Como se cualificará a proba?

Nos artigos 53 e 54 do Real decreto 276/2007, establécese que “a valoración da proba será de apto ou non apto e obterán a nova especialidade unicamente os que fosen cualificados con apto”.

Deberase realizar unha fase de prácticas?

Non.

O persoal docente que acadase unha nova especialidade por este procedemento terá dereito a adscribirse a unha vacante desta especialidade no seu centro de destino definitivo?

Si, pero só o persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensinanza secundaria e os profesores técnicos de formación profesional, de acordo co establecido no artigo 16.1.d) do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro.

Unha vez obtido o novo posto, só se poderá exercer este dereito con ocasión da adquisición doutra nova especialidade.

O persoal docente que acabe de adquirir unha nova especialidade poderá participar no concurso de traslados simultaneamente por todas as especialidades que posúa?

Si. Todo o persoal docente que posúa máis dunha especialidade, se participa voluntariamente, poderá optar por participar por unha, varias ou por todas as especialidades nunha única solicitude.

No caso de ter que participar obrigatoriamente no concurso de traslados tamén será obrigatorio que participe por todas, incluída a que acaba de adquirir.

CATÁLOGOS DE POSTOS DE TRABAJO

Que establece o Acordo do 8 de xuño de 2007 dos catálogos dos centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria e centros públicos integrados sobre a atención á diversidade?

Que os catálogos permitirán a atención á diversidade do alumnado dos centros públicos de educación infantil e primaria.

Poderase incrementar o número de persoal especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe que se establece no acordo de catálogos?

Si. Nas normas xerais sobre os catálogos establécese que “naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa específica se poderán incrementar os catálogos en función do número e tipo de necesidades, especialmente de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe”.

En que centros aparece persoal especialista en Pedagogía Terapéutica?

Nos centros de educación primaria, educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados de catro ou máis unidades de primaria.

En que centros aparece a segunda persoa especialista en Pedagogía Terapéutica?

Nos centros de educación primaria, educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados de 18 ou máis unidades de educación primaria.

En que centros aparece a primeira persoa especialista en Audición e Linguaxe?

- Nos centros de educación primaria con 13 ou máis unidades.
- Nos centros de educación infantil con 3 ou máis unidades.
- Nos centros de educación infantil e primaria con 13, 14, 15, 16 e 17 unidades, computando as de educación infantil e primaria conxuntamente.

En que centros aparece a segunda persoa especialista en Audición e Linguaxe?

- Nos centros de educación primaria con 30 ou máis unidades.
- Nos centros de educación infantil e primaria con 30 ou máis unidades, computando as de educación infantil e primaria conxuntamente.

Como se potencia no Acordo de catálogos do 8 de xuño de 2007 a atención preferente a todo o alumnado de educación infantil?

Poñendo un profesor ou unha profesora de apoio por cada tres unidades.

Que principio importante se aplicou no Acordo de catálogos de 8 de xuño de 2007?

Que cada unidade teña un mestre ou unha mestra xeneralista.

Nos catálogos, o profesorado especialista en Música fai de xeneralista?

Non.

Nos catálogos de postos de traballo, o profesorado especialista en Lingua Estranxeira: Francés fai de xeneralista?

Si, pero establécese que aqueles centros educativos nos que se imparte a Lingua Estranxeira: Francés se dotarán dun profesor ou profesora xeneralista máis.

A partir de cantas unidades terán os centros unha persoa especialista en orientación?

A partir de 12 unidades de primaria.

A partir de cantas unidades terán os centros unha persoa especialista en orientación compartida?

A partir de seis unidades de primaria.

Nos centros de educación infantil e primaria, a partir de cantas unidades aparece a segunda persoa especialista de Lingua Estranxeira: Inglés?

A partir de 8 unidades de educación primaria.

A un centro de educación infantil e primaria, con 3 unidades de infantil e 12 de primaria, cantos profesores ou profesoras especialistas de Lingua Estranxeira: Inglés lle corresponden por catálogo?

Dous.

Cando lle corresponden por catálogo tres profesores ou profesoras especialistas de Lingua Estranxeira. Inglés a un centro de educación infantil e primaria?

A partir de 15 unidades de educación primaria.

Con quantas unidades lle corresponde a un centro de educación primaria a segunda persoa especialista en Música?

Con 21.

Aos centros de educación infantil e primaria, cando lles corresponde a segunda persoa especialista en Música?

Nos centros de 16, 18, 19, 20 e 21 unidades de primaria que teñan, polo menos, 22 unidades computadas de educación infantil.

CLASIFICACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

TIPO A	Colexios de 40 ou máis unidades Centros específicos de educación especial
TIPO B	Colexios de 18 a 39 unidades
TIPO C	Colexios de 6 a 17 unidades
TIPO D	Colexios de 3 a 5 unidades

INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS, CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, CENTROS QUE IMPARTEN ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E CENTROS ESPECÍFICOS DE ADULTOS

TIPO A	Centros de máis de 1.350 alumnos/as Conservatorios superiores de música Escolas de artes plásticas e deseño nas que se impartan ensinanzas superiores Escola de restauración Escola de arte dramática Centros residencias docentes Centros integrados de formación profesional
TIPO B	Centros de 751 a 1.350 alumnos/as
TIPO C	Centros de menos de 750 alumnos/as
TIPO D	Extensións ou seccións delegadas

COMISIÓN DE SERVICIOS DO PERSOAL FUNCIONARIO

DOS CORPOS DOCENTES E DO PERSOAL LABORAL DOCENTE QUE IMPARTE DOCENCIA EN CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN EN ATENCIÓN A SITUACIÓNS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL. PROCEDEMENTO CÓDIGO ED010A.

Teño concedida unha comisión de servizos por conciliación familiar. É obrigatorio que se me adxudique unha praza no concurso de destinos provisionais por esta comisión?

Non, a adxudicación estará supeditada á existencia de praza vacante ou necesidade de profesorado para o curso académico correspondente e que me corresponda a adxudicación dunha praza das solicitadas de acordo cos criterios establecidos na regulación da adxudicación de destinos provisionais para o curso académico que corresponda.

A que data se computa a idade dos fillos ou fillas?

Ao 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel en que se efectúa a solicitude.

O meu fillo ou filla é adoptado, desde cando se computa a idade?

A idade computarase desde a resolución xudicial.

Estou embarazada de tres meses no prazo establecido para formular a solicitude. Podo formular a solicitude de comisión de servizos por conciliación familiar?

Si, pode efectuarse a solicitude sempre que exista embarazo a termo final con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte a aquel en que se presenta a solicitude.

Teño destino definitivo nun centro público integrado con réxime de xornada partida a 45 km da miña localidade de residencia. Podo formular a solicitude de comisión de servizos?

Si, xa que non lles será esixible o requisito de ter destino definitivo nunha localidade a unha distancia superior a 60 km da localidade de residencia a aquelas persoas que presten servizos nos centros de educación infantil, educación infantil e primaria, educación primaria, colexios rurais agrupados, centros de educación especial e centros públicos integrados que teñen réxime de xornada partida.

Tiven que participar no concurso de traslados á localidade ou localidades que se solicitan na comisión de servizos?

Si, é obrigatorio, agás casos excepcionais que serán valorados pola comisión de valoración.

A miña parella é persoal docente tamén. Podemos solicitar ambos os dous a comisión?

Non, só se permite a solicitude por unha das persoas integrantes da parella de feito ou dos cónxuxes.

Teño concedida a custodia compartida por sentenza xudicial. Poden as dúas persoas proxenitoras solicitar a comisión?

Si, neste caso as dúas persoas proxenitoras poden solicitar a comisión.

É obrigatoria a presentación electrónica da solicitude?

Si, é obrigatorio presentar a solicitude e a documentación por medios electrónicos no procedemento código ED010A.

Como debo formular as peticións?

En primeiro lugar, hai que solicitar peticións aos centros e/ou localidades nun radio de 20 km de distancia á localidade de residencia. Unha vez formuladas estas peticións, poderanse solicitar outros centros e/ou localidades.

Teño obriga de solicitar un centro penal que está a 20 km da miña localidade de residencia?

Non, os centros penais, os centros de educación permanente de adultos e os centros ordinarios en que se imparten ensinanzas de adultos e aqueles centros en que se imparten ensinanzas en réxime de xornada partida serán de solicitude voluntaria.

Cal é o prazo para formular as solicitudes?

10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do concurso xeral de traslados no *Diario Oficial de Galicia*.

Nos anos en que se convoque o concurso xeral de traslados de ámbito estatal e se resolva por corpos en distintas datas, o prazo contarase a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do último concurso de traslados no *Diario Oficial de Galicia*.

Acabo de aprobar o procedemento selectivo. Podo formular a solicitude?

Si, no prazo de 2 días hábiles desde a publicación da relación de persoas aprobadas polo tribunal correspondente

Podo renunciar á comisión de servizos?

Si, no prazo establecido para estes efectos no concurso de adxudicación de destinos provisionais con anterioridade á adxudicación definitiva.

Adxudicaronme mediante a resolución definitiva unha praza en comisión de servizos nun concurso específico. Debo renunciar á comisión de servizos?

Non é preciso, xa que a normativa establece que as persoas que teñan concedida unha comisión de servizos non poderán participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais de modo que a solicitude de comisión de servizos será excluída de oficio neste caso.

**COMISIÓN DE SERVIZOS DO PERSOAL FUNCIONARIO
DOS CORPOS DOCENTES E DO PERSOAL LABORAL DOCENTE QUE IMPARTE
AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE
EDUCACIÓN, EN CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA COMPETENTE
EN MATERIA DE EDUCACIÓN EN ATENCIÓN A SITUACIÓNS PERSOAIS
ESPECIAIS POR MOTIVOS DE SAÚDE. PROCEDIMENTO CÓDIGO ED010B.**

Teño concedida unha comisión de servizos por motivos de saúde. É obrigatorio que se me adxudique unha praza no concurso de destinos provisionais por esta comisión?

Non, a adxudicación estará supeditada á existencia dunha praza vacante ou necesidade de profesorado para o curso académico correspondente e que lle corresponda a adxudicación dunha praza das solicitadas de acordo cos criterios establecidos na regulación da adxudicación de destinos provisionais para o curso académico que corresponda.

Poden concederme unha comisión de servizos por motivos de saúde da miña avoa?

Sí, sempre que, con carácter xeral, teña un grao de discapacidade recoñecido de, polo menos, o 65 por 100 e que conviva e estea ao seu coidado directo e ademais non exista ningunha persoa familiar en primeiro grao ou, de existir, estea incapacitada para o seu coidado directo.

Podo solicitar unha comisión de servizos por motivos de saúde se son persoal funcionario de carreira dependente doutra administración educativa?

Sí, sempre que estea en situación de servizo activo e cumpra cos requisitos esixidos.

Cal será a orde de adxudicación neste último caso?

A adxudicación dunha praza de comisión de servizos por motivos de saúde a persoal docente procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia estará condicionada a que obteña praza todo o profesorado dependente da consellería, agás o persoal docente interino e substituto.

Poden concederme unha comisión de servizos por motivos de saúde se teño a miña localidade de residencia a menos de 50 km do meu destino definitivo?

Si, sempre que preste servizos con carácter definitivo nun centro de educación infantil, educación infantil e primaria, educación primaria, colexios rurais agrupados, centro de educación especial ou centro público integrado en réxime de xornada partida.

Tamén se poderá exceptuar este requisito cando as razóns por motivos de saúde alegadas así o aconsellen de xeito indubidable.

Tiven que participar no concurso de traslados á localidade ou localidades que se solicitan na comisión de servizos?

Si, é obrigatorio, agás casos excepcionais que serán valorados pola comisión de valoración.

Ademais, poderase exceptuar este requisito cando a solicitude se fundamente en causas sobrevidas ao remate do prazo de presentación de solicitudes do concurso.

É obrigatoria a presentación electrónica da solicitude?

Si, é obrigatorio presentar a solicitude e a documentación por medios electrónicos no procedemento código ED010B.

Como debo formular as peticións?

En primeiro, lugar hai que solicitar peticións aos centros e/ou localidades nun radio de 20 km de distancia á localidade de residencia. Unha vez formuladas estas peticións, poderanse solicitar outros centros e/ou localidades.

Cal é o prazo para formular as solicitudes?

10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do concurso xeral de traslados no *Diario Oficial de Galicia*.

Nos anos en que se convoque o concurso xeral de traslados de ámbito estatal e se resolva por corpos en distintas datas, o prazo contarase a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do último concurso de traslados no *Diario Oficial de Galicia*.

Acabo de aprobar o procedemento selectivo. Podo formular solicitude?

Non, o persoal que supere o procedemento selectivo do ano correspondente unicamente poderá solicitar, de ser o caso, unha comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral, ademais da solicitude ordinaria.

Rematou o prazo de presentación de solicitudes por comisión de servizos de saúde e detectáronme unha enfermidade grave. Como debo proceder?

Con anterioridade á resolución definitiva do concurso de adxudicación de destinos provisionais publicarase na páxina web www.edu.xunta.gal un prazo extraordinario de solicitudes por causas sobrevidas para estes supostos.

Podo renunciar á comisión de servizos?

Si, no prazo establecido para estes efectos no concurso de adxudicación de destinos provisionais con anterioridade á adxudicación definitiva.

Adxudicáronme mediante a resolución definitiva unha praza en comisión de servizos nun concurso específico. Debo renunciar á comisión de servizos?

Non é preciso, xa que a normativa establece que as persoas que teñan concedida unha comisión de servizos non poderán participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais, de modo que a solicitude de comisión de servizos por motivos de saúde será excluída de oficio neste caso.

COMPETENCIA DOCENTE

(As respostas que se ofrecen en relación coa educación secundaria obrigatoria e o bacharelato supeditanse a que se confirmen no futuro real decreto que regule a asignación de materias en educación secundaria obrigatoria e en bacharelato ás especialidades dos corpos docentes).

1. A materia Expresión Artística da educación secundaria obrigatoria asígnase á especialidade de:	Debuxo
2. A materia Economía e Emprendemento da educación secundaria obrigatoria asígnase ás especialidades de:	Economía Organización e Xestión Comercial Nos centros nos que exista profesorado das dúas especialidades seguirase esta orde de prelación para impartir a materia.
3. A materia Formación e Orientación Persoal e Profesional da educación secundaria obrigatoria asígnase ás especialidades de:	Economía Formación e Orientación Laboral Orientación Educativa
4. A materia Educación en Valores Cívicos e Éticos da educación secundaria obrigatoria asígnase á especialidade de:	Filosofía

5. A materia Dixitalización da educación secundaria obrigatoria asígnase ás especialidades:	Informática Tecnoloxía. Nos centros nos que exista profesorado da especialidade de Informática, este terá preferencia sobre o da especialidade de Tecnoloxía para impartir a materia Dixitalización.
6. A especialidade de Tecnoloxía, en que materias terá atribución docente na educación secundaria obrigatoria?	Dixitalización Tecnoloxía Tecnoloxía e Dixitalización
7. A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negociación, do bacharelato asígnase ás especialidades:	Administración de Empresas Economía
8. A materia Ciencias Xerais do bacharelato asígnase ás especialidades:	Bioloxía e Xeoloxía Física e Química
9. Que materias do bacharelato se lle asignan á especialidade de Debuxo?	Cultura Audiovisual Debuxo Artístico I e II Debuxo Técnico I e II Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I e II Deseño Fundamentos Artísticos Historia da Arte (se posúen unha licenciatura ou grao en Belas Artes ou en Historia da Arte) Movementos Culturais e Artísticos Proxectos Artísticos Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica Volume
De conformidade co futuro real decreto, o persoal funcionario do corpo de catedráticos de ensino secundario e o do corpo de profesores de ensino secundario das especialidades que se inclúen no anexo III, poderán impartir docencia no bacharelato e na educación secundaria obrigatoria de acordo coas correspondencias que nel se especifican e sempre que reúnan as condicións que nel se detallan e sen prexuízo da preferencia que, para impartir as materias respectivas, teñen os profesores das especialidades ás que se refiren os anexos I e II. De acordo co anexo III deste futuro real decreto e coas condicións establecidas no parágrafo anterior, a materia Química pode ser impartida polo profesorado da especialidade de:	Análise e Química Industrial

11. De conformidade co mesmo anexo, a materia Bioloxía pode ser impartida polo profesorado da especialidade de:	Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal, sempre que se trate de persoas licenciadas ou graduadas en ciencias con formación en Bioloxía Procesos de Cultivo Acuícola Procesos de Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos Procesos Sanitarios
12. De conformidade co mesmo anexo, a materia Física e Química da educación secundaria obrigatoria pode ser impartida polo profesorado da especialidade de:	Bioloxía e Xeoloxía
13. De conformidade co mesmo anexo, a materia Debuxo Técnico I e II pode ser impartida polo profesorado da especialidade de:	Construcións Cívicas e Edificación Procesos e Produtos en Madeira e Moble
14. De conformidade co mesmo anexo, a materia Latín I e II pode ser impartida polo profesorado da especialidade de:	Grego
15. De conformidade co mesmo anexo, a materia de Grego I e II pode ser impartida polo profesorado da especialidade de:	Latín
16. Os ámbitos dos programas de diversificación curricular serán impartidos por persoal funcionario dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario de que especialidades?	Dalgunha das especialidades que teñan atribución docente para impartir calquera das materias que se integran neses ámbitos
17. O ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais dos ciclos formativos de grao básico será impartido por persoal funcionario dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario de que especialidades?	Alemán Francés Xeografía e Historia Inglés Italiano Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Portugués
18. O ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico será impartido por persoal funcionario dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario de que especialidades?	Bioloxía e Xeoloxía Física e Química Matemáticas Tecnoloxía

19. O profesorado da especialidade de Educación Infantil impartirá todas as áreas do currículo de educación infantil. Poderá ser apoiado no seu labor por persoal do corpo de mestres doutras especialidades?	Si. O artigo 3.1 do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, establece que “no segundo ciclo de educación infantil poderán ser apoiados no seu labor docente, por mestras e mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran nas condicións que determinen as administracións educativas.
20. De conformidade co artigo 3.3 do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, o profesorado do corpo de mestres, coas especialidades das diferentes Linguas Estranxeiras, Educación Física e Música, ademais das áreas propias da súa especialidade, poderá impartir as áreas propias da especialidade de Educación Primaria?	Si.
21. O profesorado do corpo de mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, ademais das atribucións específicas da súa especialidade, poderá impartir as áreas propias da especialidade de Educación Primaria?	Si. Así o establece o artigo 3.5 do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro.
22. Que profesorado desempeñará os postos de traballo en unidades que agrupen alumnado de educación infantil xunto a alumnado de educación primaria?	Estes postos serán ocupados indistintamente por persoal funcionario do corpo de mestres coa especialidade de Educación Primaria ou de Educación Infantil.
23. Unha persoa coa titulación de grao en Educación Infantil pode presentarse ao concurso-oposición para ingresar na especialidade de Educación Física?	Si. A disposición adicional novena.1 da LOE establece que “para o ingreso no corpo de mestres serán requisitos indispensables estar en posesión do título de mestre ou o título de grao correspondente e superar o correspondente proceso selectivo.
24. No suposto anterior, ao ser nomeada a persoa funcionaria de carreira do corpo de mestres acadará a especialidade de Educación Primaria?	Non. Tería que ter o título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en Educación Primaria.
25. Esta persoa que ingresou coa titulación de grao en Educación Infantil no corpo de mestres pola especialidade de Educación Física podería obter a especialidade de Educación Primaria por experiencia docente?	Si. O artigo 4.2.c) do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, establece como unha das vías para acadar outras especialidades: “Por impartir as áreas propias da especialidade de Educación Primaria durante tres anos, a partir da entrada en vigor deste real decreto, e en máis do 30 por cento do seu horario, nos supostos descritos nas subepígrafes 3 e 5 do artigo 3, adquirírase a especialidade de Educación Primaria”.

26. De conformidade coa disposición adicional terceira do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, as administracións educativas regularán os requisitos de formación que se esixirán para impartir nunha lingua estranxeira as ensinanzas da etapa de educación primaria cuxos proxectos educativos comporten un réxime de ensinanza plurilingüe. Cales son os requisitos mínimos?	Un nivel B2. A citada disposición adicional terceira establece que “os devanditos requisitos, a partir do curso 2013/14, acreditarán, cando menos, competencias dun nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, na lingua estranxeira correspondente”.
27. De conformidade coa disposición adicional cuarta.2 do Real decreto 1594/2011, o persoal funcionario do corpo de mestres das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:	Poderá desempeñar funcións de atención á diversidade na educación secundaria.

CÓMPUTO DE PRAZOS

LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (BOE NÚM. 236, DO 2 DE OUTUBRO), ARTIGO 30

Como se computan os prazos en días naturais?

Contar os prazos en días naturais implica que se computan todos os días do ano, incluídos os sábados, domingos e festivos.

Cando os prazos se computan en días naturais, a Administración ten a obriga de facer constar esta circunstancia nas notificacións.

Nun prazo de días hábiles, que días debemos excluír do cómputo?

Os sábados, domingos e festivos.

Que días son hábiles no rexistro electrónico da Xunta de Galicia?

O rexistro electrónico da Xunta de Galicia réxese, para os efectos do cómputo dos prazos, pola data e hora oficiais da sede electrónica. O calendario e horas oficiais podense consultar na páxina web <https://sede.xunta.gal>

Se un prazo remata en día inhábil, prorrógase o prazo?

Si, ata o primeiro día hábil seguinte.

Nun prazo dun mes no que o cómputo se inicia o día 31 de xaneiro, cando remata?

O día 28 de febreiro, ou 29 se o ano é bisesto, xa que, se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Estou solicitando unha comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde e recibo unha notificación electrónica para que presente unha documentación no prazo de 10 días hábiles. Cando se empeza a computar o prazo? Cando remata o prazo? Que acontece se non accedo á notificación?

Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación no sistema de notificación electrónica da Xunta de Galicia (notifica.gal). A notificación entenderase practicada no momento en que se acceda ao contido desta.

O prazo remata unha vez que transcorran 10 días hábiles desde o acceso ao contido da notificación electrónica de conformidade co calendario e horas oficiais da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Exemplo: o acceso ao contido da notificación ten lugar o xoves, día 20 de outubro de 2022 (día hábil). O prazo comeza o venres día 21 de outubro de 2022 e finaliza o venres día 4 de novembro de 2022, xa que temos que excluír do cómputo os sábados, os domingos e o día 1 de novembro de 2022 por ser día festivo no calendario da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio (é obrigatorio para o persoal empregado público para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición), entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido. Neste caso terase por efectuado o trámite e seguirase o procedemento.

Exemplo: a posta á disposición da notificación electrónica tivo lugar o luns día 17 de outubro de 2022, de xeito que o xoves, día 27 de outubro de 2022, remata o prazo de 10 días naturais. O día 28 de outubro de 2022 a Administración terá por efectuada a notificación e seguirá o procedemento.

Publícase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se procede á adxudicación definitiva do concurso de adxudicación de destinos provisionais e teño un prazo dun mes para interpoñer o recurso de reposición. Cando empeza e cando remata o prazo?

O prazo comeza desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución e remata o mesmo día no que tivo lugar a publicación. Exemplo: se a publicación tivo lugar o martes día 22 de agosto de 2022, o prazo comeza o mércores día 23 de agosto e remata o xoves día 22 de setembro de 2022.

CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DE DESTINOS PROVISIONAIS (CADP)

PROCEDEMENTO CÓDIGO ED002B

Se son persoal interino do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, teño que formular unha solicitude por ambos os dous corpos?

Non, é suficiente se se formula unha solicitude por un dos corpos. Tampouco ten que participar por todas as listas das que forma parte, xa que é suficiente se participa por unha soa lista.

Se son persoal interino do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, e formulo unha solicitude en cada corpo, podo obter praza nos dous corpos?

Non. Se obteño praza nun corpo, automaticamente exclúese a miña solicitude do outro corpo. Neste caso adxudícase en primeiro lugar o corpo de mestres.

Son persoal interino do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, e formulo unha solicitada en cada corpo. Na resolución provisional obteño unha praza no corpo de mestres, pero quero obter unha praza no corpo de profesores de ensino secundario. Que debo facer?

Neste caso, se lle corresponde unha praza no corpo de profesores de ensino secundario ou prefere recibir chamamentos no corpo de profesores de ensino secundario, debe renunciar á adxudicación de destino provisional obtida no corpo de mestres, no prazo de reclamacións e renuncias.

Formulei unha solicitude de comisión de servizos por razón de saúde e/ou por conciliación familiar. Teño obriga de realizar unha solicitude ordinaria?

Si, sempre que sexa persoal docente suprimido, desprazado, en expectativa ou interino. No caso de que participe con destino definitivo non teño que realizar unha solicitude ordinaria.

Son persoal interino e teño concedida unha comisión de servizos por razón de saúde. Aprobei o concurso-oposición polo mesmo corpo e especialidade da que son persoal interino. Térase en conta a miña solicitude de comisión de servizos por razón de saúde formulada como persoal interino?

Si, a adxudicación realizarase empregando a solicitude formulada como persoal interino e modificarase o colectivo polo que se participa.

Son persoal interino e teño concedida unha comisión de servizos por conciliación familiar. Aprobei o concurso-oposición polo mesmo corpo e especialidade da que son persoal interino. Térase en conta a miña solicitude de comisión de servizos?

Si, a adxudicación terá en conta a solicitude formulada como persoal interino, agás que desexa formular unha nova solicitude no prazo establecido para o persoal que aproba o procedemento selectivo. Neste último caso, quedaría sen efecto a realizada como persoal interino.

Son persoal interino e teño concedida unha comisión de servizos por razón de saúde. Aprobei o concurso-oposición por outro corpo ou outra especialidade. Podo participar con comisión de servizos por razón de saúde no concurso de adxudicación de destinos provisionais?

Si, neste caso realizarase unha copia da solicitude ordinaria que se formula como persoal que aproba o procedemento selectivo (agás o apartado relativo ás provincias) para poder participar no concurso cunha comisión de servizos por razón de saúde ademais da ordinaria.

Son persoal interino e xa teño presentada unha solicitude ordinaria no concurso de adxudicación de destinos provisionais. Aprobei o concurso-oposición. Teño que formular unha nova solicitude ordinaria?

Si, o persoal interino que supere o procedemento selectivo, aínda no suposto de que sexa o mesmo corpo e especialidade en que prestaba servizos estará obrigado a facer unha nova solicitude ordinaria e quedará sen efecto a realizada como persoal docente interino.

Aprobei o concurso-oposición. Que solicitudes teño que formular no concurso de adxudicación de destinos provisionais?

O persoal que supere o procedemento selectivo terá que formular obrigatoriamente unha solicitude ordinaria pola especialidade pola que aproba. Ademais, de ser o caso, poderá formular unha solicitude de comisión de servizos por conciliación familiar.

Son persoal docente suprimido e estou en excedencia por coidado de familiares. Teño que participar no concurso?

Si, o profesorado suprimido ou en expectativa de destino que estea en situación de servizos especiais ou de excedencia por coidado de familiares, ou teña concedida unha licenza por estudos por todo o curso, ou teña un permiso sindical a tempo completo, deberá participar na convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación administrativa, agás que solicite expresamente o reingreso á situación de servizo activo.

Son persoal funcionario interino en excedencia por coidado de familiares. Estou obrigado a participar?

Si, debe participar na convocatoria e, no caso de obter destino, solicitar, se o desexa, unha nova excedencia, que lle será autorizada de reunir os requisitos para a súa concesión.

Teño concedida unha comisión de servizos. Podo participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais?

Non, agás que se trate dunha de comisións de servizos por razóns de saúde, de conciliación da vida familiar e laboral e por concelleiro ou concelleira.

Son persoal obrigado a participar no concurso e non formulei a solicitude no prazo establecido. Que acontece neste suposto?

Neste caso, se ten presentada electronicamente unha solicitude no procedemento ED002B con anterioridade, recupérase a solicitude anterior para a adxudicación. No caso de que non conste ningunha presentación electrónica anterior, a Administración elaborará de oficio unha solicitude onde unicamente constarán as provincias. A orde das provincias será por orde crecente de código (15, 27, 32, 36)

Son persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres. Participo no concurso coa especialidade de primaria?

Si, o persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres que sexa nomeado o 1 de setembro do ano en curso persoal funcionario de carreira participará no concurso coa especialidade que posúe e ademais coa especialidade de Primaria sempre que reúna os requisitos para obter a devandita habilitación de conformidade co establecido no Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro.

Son persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres. Podo solicitar vacantes de Orientación?

Si, sempre que posúa algunha das seguintes titulacións: licenciatura de Psicopedagogía, licenciatura ou grao de Pedagogía, Psicoloxía, ou licenciatura en Filosofía e Ciencias da Educación (especialidades de Psicoloxía ou Ciencias da Educación) ou en Filosofía e Letras (especialidades de Pedagogía ou Psicoloxía).

Acabo de aprobar o procedemento selectivo. Podo participar a prazas de Orientación?

Si, ademais da especialidade pola que aprobe, sempre que posúa algunha das titulacións que se refiren no apartado anterior.

Son persoal funcionario de carreira do corpo de mestres. Podo participar no concurso polas especialidades das que estou solicitando habilitación no mes de xuño?

Si, a aplicación web do concurso permite formular peticións ás especialidades das que solicitou previamente habilitación no mes de xuño, aínda que non estea resolto o procedemento. Pola súa vez, adxudicarase destino nestas especialidades, de ser o caso, se cumpre cos requisitos establecidos para obter a habilitación.

É obrigatorio a presentación electrónica da solicitude?

Si, o artigo 14 da Orde do 7 de xuño de 2018 establece que as solicitudes do procedemento código ED002B deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos.

Teño que formular e presentar electronicamente a solicitude ordinaria de participación todos os anos?

Non, a solicitude formulada será válida para as seguintes convocatorias a partir do curso académico 2019/20 mentres se manteña a obriga de participar neste procedemento. Deste modo, a aplicación web recuperará a última solicitude formulada e presentada electronicamente

Se desexa modificar a súa solicitude da convocatoria anterior, poderá acceder á aplicación web, formular unha nova solicitude e presentala electronicamente. Neste caso terase en conta esta última solicitude.

Son persoal docente suprimido do corpo de mestres. Se exerzo o dereito preferente a centro, poden adxudicarme en calquera especialidade, incluso da que non son titular?

Si, neste caso daráselle prioridade ao centro sobre a especialidade, de modo que se adxudicará con preferencia o centro en que se exerce o dereito preferente en praza da especialidade da que non se é titular fronte a outra praza da que se é titular doutro centro da mesma ou distinta localidade. A única especialidade que non se adxudicará obrigatoriamente é a Lingua Estranxeira: Inglés.

Son persoal docente suprimido do corpo de mestres e exerzo o dereito preferente a centro, pero non obteño destino. Que ocorre neste caso?

A Administración elaborará unha solicitude en que se lle engadirá a localidade e, se é o caso, a zona de dereito preferente para a adxudicación de destino.

Son persoal docente suprimido do corpo de mestres e non exerzo o dereito preferente. Que acontece se non obteño destino?

A Administración elaborará unha solicitude en que se ordenarán as especialidades de que sexa titular pola orde do código e, a continuación, as especialidades para as que non está habilitado, agás Lingua Estranxeira: Inglés para a adxudicación de destino.

Dispoño do nivel B2 para poder impartir en bilingüismo. Como podo solicitar as prazas bilingües?

En primeiro lugar débese ter en conta que debe figurar na base de datos de persoal que posúe o nivel de competencia lingüística. No caso de que non sexa así, deberá poñerse en contacto co servizo de persoal para que llo inclúan.

As peticións deben formularse de modo independente de modo que se desexa que se lle adxudique un centro ou unha localidade con bilingüismo e sen él deberá introducir na aplicación web a mesma petición dúas veces: unha con bilingüismo e outra sen el. Ademais, a orde na que introduza as peticións é importante, xa que se lle adxudicará con prioridade segundo a orde na que formule as peticións. Deste xeito, se desexa que se lle adxudique con prioridade unha vacante no centro con bilingüismo debe introducir antes esta petición que a petición de praza no mesmo centro sen bilingüismo.

Solicitei unha praza nunha localidade e resultoulle adxudicada a unha persoa que pertence a un colectivo que se adxudica con posterioridade ao meu. Cal é a razón?

Na maioría dos casos, a motivación desta adxudicación débese á petición realizada. Se a praza ofertada é unha praza con itinerancia ou con afíns e a súa petición non inclúe as itinerancias ou afíns, non se lle adxudicará.

Neste caso, cómpre ter en conta que, se formula as peticións con itinerancia, o motor de adxudicación sempre adxudicará con preferencia as vacantes sen itinerancias e sen afíns, pero no caso de que a praza sexa con itinerancias e/ou afíns seralle adxudicada.

Por esta razón, se ten interese nunha localidade concreta, é importante que considere formular as peticións con itinerancias e/ou afíns, xa que o motor de adxudicación ao procesar a nosa petición actuará do seguinte xeito:

- 1º Intentará adxudicar as vacantes de todos os centros desa localidade, coa ordeación do anexo da convocatoria, e, dentro de cada un deles, de todas as especialidades posibles, sen afíns e sen itinerancia.
- 2º No caso de que non atope ningunha vacante do modo anterior, procederá a localizar as vacantes coas mesmas condicións, con afíns e que non sexan itinerantes.
- 3º Se non atopase tampouco ningunha vacante coas condicións anteriores, entón procederá a localizar as vacantes coas mesmas condicións sen afíns e que sexan itinerantes.
- 4º Por último, procederá a localizar as vacantes coas mesmas condicións con afíns e que sexan itinerantes.

Xa que logo, se a petición á localidade a formula con Itinerancia SI e Afín SI, adxudicáraselle a petición primeiro sen itinerancia e sen afíns, pero no caso de que a vacante sexa con itinerancia e/ou afíns poderáselle adxudicar.

Neste caso, non precisa formular varias peticións á mesma localidade, unha sen itinerancia e/ou afíns e outra con itinerancia e/ou afíns, xa que, cunha soa petición, a ferramenta informática adxudicará con preferencia as vacantes puras.

Son persoal funcionario de carreira cunha comisión de servizos por conciliación familiar tipo III. Ao resolver o concurso adxúdicaselle a praza solicitada por min a unha persoa cunha comisión de servizos por conciliación familiar tipo III con menor antigüidade no corpo como persoal funcionario de carreira. É correcto?

A prioridade de adxudicación dentro de cada tipo virá determinada, en primeiro lugar, por ser unha única persoa proxenitora antes que pola antigüidade no corpo como persoal funcionario de carreira.

Son persoal docente interino do corpo de mestres da lista única e teño concedida unha comisión de servizos por razón de saúde. Unha vez resolto o concurso non me adxudican ningunha praza. É correcto?

Só se ten dereito á adxudicación de praza por comisión de servizos cando lle corresponde traballar pola devandita lista, de modo que neste caso, se non me corresponde traballar, sería correcto.

Son persoal interino e non se me adxudica ningunha praza das que solicitei no concurso, pero resulta adxudicatario outro persoal interino con menor número de orde. É correcta a adxudicación?

En primeiro lugar habería que comprobar que a praza adxudicada no concurso é a mesma que soliciteu, de modo que, se a praza é itinerante, ten que ter feita a solicitude con intinerancia ou, se é con afíns, ten que ter feita a solicitude con afíns. O mesmo acontece se a praza adxudicada é bilingüe, xa que tería que posuír o bilingüismo e ademais ter solicitada a praza con bilingüismo.

Logo de verificar estas circunstancias, habería que considerar as peticións formuladas na súa solicitude e na solicitude do persoal interino con menor número de orde, xa que, se esta persoa realizou un número maior de peticións e/ou peticións distintas as súas pode resultar adxudicatario, xa que o motor de adxudicación podería non atopar vacantes nas peticións formuladas por vostede, pero si podería atopar vacantes libres que tería que adxudicar se coinciden coas peticións doutro persoal interino.

Acabo de aprobar o concurso oposición do corpo de mestres por unha especialidade. Poderían adxudicarme praza por unha especialidade distinta do meu corpo?

Si, no caso de que non existisen vacantes suficientes da especialidade pola que se aproba, podería adxudicarse nunha especialidade distinta agás Lingua Estranxeira: Inglés e Orientación. A especialidade de Lingua Estranxeira: Inglés podería ser adxudicada de oficio se o persoal que aproba o procedemento selectivo cobre voluntariamente a devandita especialidade no apartado correspondente á adxudicación forzosa.

Son persoal interino e participei no concurso, pero non obtiven praza. Como debo indicar as provincias ou os concellos nos que desexo traballar?

O persoal interino e substituto debe participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais e, para o caso de que non obteña destino neste, deberá ademais, no prazo comprendido entre o día 15 de xuño ao 15 de xullo do ano correspondente, ambos os dous incluídos, formular a solicitude de prestar servizos en determinadas provincias ou concellos na aplicación web www.edu.xunta.gal/substitutos.

Para a solicitude de prestar servizos en determinados concellos deberá achegarse, ademais, a documentación xustificativa da causa á que se acolle e realizar a presentación electrónica da solicitude e da documentación.

Son persoal interino. Para poder acollerme a prestar servizos nunha provincia, teño que ter unha causa que o xustifique?

Non. Para acollerse a prestar servizos nunha provincia, non se esixe causa.

Son persoal interino. Se me acollo a prestar servizos nunha provincia, teño que facelo obrigatoriamente a unha soa provincia?

Non. Podo acollerme a unha ou a varias provincias.

Cal é actualmente o prazo para solicitar prestar servizos nunha ou en varias provincias?

Do 15 de xuño ao 15 de xullo do ano correspondente, ambos os dous incluídos.

Son persoal interino. Despois de obter unha praza en CADP, podo renunciar á praza para acollerme a prestar servizos nunha provincia?

Non.

Son persoal interino. Para acollerme a prestar servizos en determinados concellos, teño que ter unha causa que o xustifique?

Si. As causas recóllense no punto décimo cuarto do Acordo do 20 de xuño de 1995.

En CADP, adxudícaselle destino de oficio ao persoal interino?

Non. Non se adxudica ningún destino que non fose solicitado.

En CADP, para o persoal interino, que supón solicitar provincias?

Solicitar provincias implica que se piden todos os centros da provincia pola orde que se publican na convocatoria do concurso de adxudicación de destinos provisionais. Non sería unha adxudicación de oficio, poderíamos obter un destino solicitado.

O persoal funcionario de carreira que acceda a outro corpo do mesmo ou distinto subgrupo de clasificación está obrigado a participar en CADP?

Non. Pode participar voluntariamente.

O persoal funcionario de carreira en expectativa de destino que adquira unha nova especialidade no concurso-oposición pode participar en CADP ese ano por esa nova especialidade?

Non.

O profesorado do corpo de catedráticos de Música e Artes Escénicas con destino definitivo pode participar voluntariamente en CADP?

Non. Si poden facelo os funcionarios de carreira con destino definitivo do corpo de profesores de Música e Artes Escénicas.

O persoal docente interino ou substituto que obteña destino na resolución definitiva de CADP poderá acollerse ás renuncias establecidas no punto décimo cuarto da Resolución pola que se dá publicidade do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto?

Non, agás causa sobrevida con posterioridade á adxudicación definitiva.

Que o persoal docente interino ou substituto que solicite en CADP unha soa provincia supón que para os chamamentos só realizará substitucións nesa provincia?

Non. Se quere realizar substitución nunha única provincia, deberá realizar a correspondente solicitude no prazo establecido do 15 de xuño ao 15 de xullo, ambos os dous incluídos.



CONCURSO XERAL DE TRASLADOS. CÓDIGO DE PROCEDIMENTO ED012A

É obrigatorio presentar a solicitude electronicamente?

Si, a orde de convocatoria deste procedemento establece que a solicitude de participación no concurso xeral de traslados se presentará por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) no procedemento normalizado ED012A.

Teño que presentar algunha documentación?

Non, a convocatoria non permite presentar documentación neste procedemento.

Para o caso de que precise actualizar e/ou modificar o seu expediente persoal para que se baremen estes méritos no concurso de traslados, debe achegar esta documentación coa solicitude do procedemento normalizado ED011A.

Polo tanto, terá que presentar na sede electrónica dúas solicitudes:

- solicitude de concurso de traslados ED012A (sen achegar ningunha documentación adicional á solicitude)
- solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal (achegará con esta solicitude toda a documentación xustificativa dos méritos que alegue e/ou modifique).

Presentei a solicitude de actualización e/ou modificación do meu expediente persoal mediante o procedemento normalizado ED011A e decateime de que non aleguei un mérito. Como podo solucionalo?

Neste caso deberá proceder a formular unha nova solicitude ED011A, pero deberá realizar unha copia da última solicitude presentada (esta opción está dispoñible na aplicación web).

Unha vez copiada a última solicitude, pode alegar o novo mérito e achegar a documentación xustificativa.

A convocatoria establece que só se terá en conta a última solicitude presentada na sede electrónica da Xunta de Galicia, de xeito que se presenta dúas solicitudes con diferentes méritos só se empregará para a baremación do concurso a última presentada.

Teño un curso realizado despois da entrada en vigor da Orde o 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia e no baremo figura con 0 puntos. Como podo solucionalo?

Mediante o procedemento normalizado ED011A.

No caso de que o curso non figure coa puntuación correspondente, deberá formular unha alegación na lapela de Formación recibida existente na solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal e presentar electronicamente a devandita solicitude xunto co certificado acreditativo do curso na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para formular a alegación, debe acceder ao curso e incluír o certificado deste.

Estou participando no concurso de traslados de ámbito estatal a prazas situadas no ámbito de xestión de Cataluña. Como achego a documentación xustificativa de posuír o requisito de coñecemento da lingua catalá?

Mediante o procedemento normalizado ED011A.

Deberá alegar este requisito na lapela de Linguas existente na solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal e presentar a devandita solicitude xunto co certificado acreditativo do coñecemento da lingua catalá na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Estou participando no concurso de traslados a prazas bilingües. Como achego a documentación xustificativa de posuír o requisito?

Mediante o procedemento normalizado ED011A.

No caso de que o requisito non conste no seu expediente persoal, deberá formular unha alegación na lapela de Linguas existente na solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal e presentar a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto co certificado acreditativo do coñecemento da lingua correspondente na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Teño que presentar o baremo que se xera xunto coa solicitude do concurso de traslados?

Non, só é preciso a presentación electrónica da solicitude de participación no concurso de traslados.

No concurso de traslados de ámbito estatal, se unha Administración educativa non vai a ofertar prazas, tería que convocar o concurso?

Si, para permitir a participación do persoal funcionario do seu ámbito de xestión a prazas doutras administracións educativas e, se é o caso, se procede, a adxudicación daquelas que resulten do propio concurso. Así o establece a DA sexta.3 da LOE.

As funcionarias vítimas de violencia de xénero terán dereito ao traslado a outra praza ou posto propio do seu corpo, de análogas características?

Si. Incluso sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura.

A partir do 7 de outubro de 2022 tamén se establece o mesmo dereito para as funcionarias vítimas de violencia sexual de conformidade coa modificación do EBEP que realiza a disposición final 15.2 da Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro.

Unha persoa en situación de servizos especiais, con reserva de praza, a que praza reingresará se a súa foi suprimida?

Reingresará noutra praza con carácter provisional.

No concurso de traslados, poderase establecer unha puntuación mínima para a obtención de destino definitivo en determinadas prazas?

Non. Prohíbeo o artigo 9.2 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro.

Que postos vacantes se ofertarán no concurso de traslados?

Polo menos, os que se produzan ata o 31 de decembro do curso escolar no que se efectúe a convocatoria, así como aqueles que resulten do propio concurso sempre que, en calquera dos casos, a continuidade do seu funcionamento estea prevista na planificación educativa e en función dos criterios de estabilidade do profesorado nun mesmo centro que as administracións educativas poidan establecer (artigo 9.4 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro).

Se unha persoa funcionaria de carreira do corpo de mestres participa no concurso desde a situación de excedencia polo corpo de profesores de ensino secundario, ofértase a súa resulta do corpo de mestres no concurso?

Non. Ofértanse as resultas que se produzan na resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa. Neste suposto obtén unha praza nun corpo distinto do de mestres.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, poderán ofertarse no concurso prazas nos centros integrados de formación profesional de especialidades do corpo de profesores de ensino secundario con competencia para impartir os módulos formativos de comunicación e sociedade e de ciencias aplicadas da formación profesional básica?

Si. Así se establece na orde de convocatoria do concurso.

O persoal funcionario docente con destino definitivo noutra comunidade autónoma e con destino provisional, en comisión de servizos, na Comunidade Autónoma de Galicia, no concurso de ámbito estatal, poderá presentar a súa solicitude na Comunidade Autónoma de Galicia?

Non. Terá que presentar a súa solicitude na comunidade autónoma na que ten destino definitivo.

O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, que sexa titular de máis dunha especialidade, se quere participar por todas as especialidades, terá que presentar unha solicitude por cada especialidade?

Non. Aínda cando se concursa por máis dunha especialidade ou se soliciten prazas de diferentes administracións educativas, en todos os corpos, o persoal concursante presentará unha única solicitude.

O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que supera o procedemento selectivo e accede ao corpo de profesores de ensino secundario, por promoción interna, está obrigado a participar no concurso de traslados por este corpo para obter unha praza deste?

Non, non está obrigado. Pode participar voluntariamente e solicitar unicamente aquelas prazas que lle interesen.

O persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, ou do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ou do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, que accede ao corpo correspondente de catedráticos, perde a antigüidade de permanencia ininterrompida no centro?

Non.

E perdería puntuación pola antigüidade no corpo?

Non. A puntuación na subepígrafe 1.2 valórase cada ano de servizos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario nalgún dos corpos a que corresponda a vacante.

O persoal docente funcionario de carreira do corpo de profesores de Música e Artes Escénicas, poderá no concurso de traslados solicitar prazas dos conservatorios superiores de música?

Si. Para prazas que poidan ofertarse de nivel 24 e para impartir as materias propias do corpo de profesores de Música e Artes Escénicas.

O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres con destino definitivo no primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, en especialidades distintas a Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, poderá participar no concurso de traslados a prazas de educación infantil e primaria?

Si.

No suposto anterior, se a persoa obtén unha praza nun centro de educación infantil e primaria, poderá volver participar no concurso de traslados para obter unha praza do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria?

Non.

No suposto de persoal docente do corpo de mestres que resulte suprimido nun posto do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, poderá seguir optando no concurso de traslados a obter un novo destino neses postos?

Si. Disposición transitoria primeira.2 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro.

Unha persoa funcionaria docente en situación de excedencia voluntaria por interese particular concedida pola consellería poderá participar no concurso de traslados para reingresar ao servizo activo?

Si, se ao finalizar o curso escolar no que se realicen as convocatorias transcorrese un ano desde que pasou a situación de excedencia voluntaria por interese particular e dous anos desde que obtivo o destino definitivo no que lle foi concedida a excedencia.

Unha persoa que, procedente da situación de excedencia voluntaria por interese particular, reingresase ao servizo activo con destino provisional está obrigada a participar no concurso de traslados?

Si.

No suposto anterior, se non participase no concurso, adxudicaráselle destino de oficio ou declararáselle novamente na situación de excedencia voluntaria?

Adxudicaráselle destino de oficio.

O persoal docente do corpo de mestres que queira exercer o dereito preferente está obrigado a facelo a centro?

Non. Está obrigado a facelo á localidade na que estaba situado o seu centro de destino definitivo.

No caso anterior, se non existisen outros centros na localidade, non poderá exercer o dereito preferente?

Si, farao aos centros da localidade na que fose escolarizado o alumnado.

De exercer o dereito preferente, é obrigatorio facelo tamén á zona?

Non.

No caso de exercer o dereito preferente á zona, é obrigatorio facelo a todas as localidades da zona?

Non. Pode facerse con carácter voluntario a unha ou máis localidades da zona.

Se se exerce o dereito preferente á zona educativa, é obrigatorio facelo en primeiro lugar á localidade de dereito preferente?

Non. Neste suposto pode priorizarse no apartado de peticións as localidades da zona sobre a que lle acredita o dereito preferente.

O persoal que sexa nomeado funcionario de carreira por acceder ao corpo correspondente no concurso de méritos de estabilización de emprego temporal participará no primeiro concurso de traslados con cero puntos?

Non. Participará con puntuación porque non hai fase de prácticas, así que participarán xa coa condición de funcionarios de carreira.

O persoal docente suprimido ou desprazado por falta de horario que exerza o dereito preferente pode ser destinado de oficio transcorridas seis convocatorias?

Non. O artigo 8.4 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, establece que “aos que, cumprindo coa obriga de concursar, exerzan o dereito preferente non lles será adxudicado destino de oficio. Mentres non obteñan destino definitivo, seralles adxudicado destino provisional na localidade ou, no caso do persoal funcionario do corpo de mestres, na zona educativa”.

E o persoal suprimido ou desprazado por falta de horario que participe no concurso de traslados sen exercer o dereito preferente será destinado de oficio?

Si. Non o será nas seis primeiras convocatorias do concurso, pero na sétima convocatoria, se non obtén destino, será destinado de oficio. Artigo 8.3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

O profesorado desprazado por falta de horario pode renunciar á participación no concurso de traslados?

Si, o que exerza o dereito preferente.

Poderá renunciar nas catro primeiras convocatorias desde que se produciu a perda do destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro, localidade ou zona educativa.

O persoal docente funcionario de carreira do corpo de mestres ten dereito preferente no concurso de traslados pola adquisición dunha nova especialidade?

Non. Este dereito está limitado ao persoal dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario e, no futuro, ao corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional. Artigo 16.1.d) do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro.

Que prazas non se adxudicarán de oficio no concurso de traslados?

As bilingües, agás que o persoal concursante así o solicite na adxudicación de oficio, e as itinerantes.

Para estes efectos, non se consideran itinerantes as prazas correspondentes aos colexios rurais agrupados das especialidades de Educación Primaria e Infantil do corpo de mestres.

En que situacións hai un dereito preferente a localidade e non hai dereito preferente a centro?

- Por pasar a desempeñar outro posto na Administración pública, con perda da praza docente que se desempeñaba con carácter definitivo.
- Por reincorporación á docencia en España, por finalización da adscrición en postos ou prazas no exterior.
- En virtude de execución de sentenza ou resolución de recurso administrativo.
- Por rehabilitación para o servizo activo despois de xubilación por incapacidade permanente.

O dereito de concorrencia a cantas provincias poderá realizarse?

A unha. O artigo 18.2.a) do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, establece que “as persoas participantes incluírán nas súas peticións centros dunha soa provincia, a mesma para cada grupo de concorrencia”.

Que número de persoas poden participar en cada grupo de concorrencia?

Como máximo, catro.

Que sucedería se unha persoa do grupo non obtén praza na provincia?

Consideraríanse desestimadas todas as solicitudes do grupo.

No suposto de que non obteñamos destino na resolución provisional do concurso, debemos renunciar igual á participación no concurso de traslados se non queremos obter destino?

Sen ningunha dúbida a resposta é afirmativa. Aínda que non obtivésemos destino na resolución provisional do concurso, se non renunciámos podemos obter destino na resolución definitiva, xa sexa como consecuencia da renuncia doutras persoas participantes ou porque a Administración modifica as vacantes.

Pódese renunciar parcialmente á participación no concurso de traslados?

Non. Non se pode renunciar a determinadas peticións realizadas. Se se renuncia, é para toda a participación no concurso.

Como formulo a renuncia á participación no concurso de traslados?

O persoal que participe voluntariamente no concurso de traslados poderá formular a renuncia á participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo establecido na convocatoria.

A renuncia deberá realizarse tamén dentro dese mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.gal/cxt) na folla habilitada para estes efectos.

No suposto de obter unha praza doutra especialidade no mesmo centro, no corpo de mestres, pérdese a puntuación por permanencia ininterrompida?

Non. Puntúase a permanencia ininterrompida no centro e non desde a praza concreta.

No suposto de obter unha praza doutra especialidades no mesmo centro, nos restantes corpos, pérdese a puntuación por permanencia ininterrompida?

Tampouco. Desde a entrada en vigor do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, compútase a antigüidade no centro e non desde a praza concreta.

O persoal funcionario de carreira docente que estea suprimido cantos anos pode estar sen participar no concurso de traslados?

Ningún. É obrigatorio participar no concurso de traslados con independencia de que se exerza ou non o dereito preferente.

Se non se concursa, será destino de oficio.

O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo para extinguir de profesores técnicos de formación profesional, ou do corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional que accedese ao corpo de profesores de ensino secundario, se pide a excedencia no corpo de profesores de ensino secundario, pode participar no concurso de traslados por este corpo?

Si. Pode participar no concurso de traslados desde a situación de excedencia por prestación de servizos no sector público.

No caso anterior, e para os efectos do concurso de traslados, cales son as vantaxes e os inconvenientes de pedir a excedencia no corpo de profesores de ensino secundario?

As vantaxes son que, despois do primeiro concurso, se participa con puntuación e non con cero puntos.

O inconveniente máis importante é que, por cada ano en excedencia voluntaria no corpo de profesores de ensino secundario, acumularemos unha puntuación de 0,75 por servizos prestados noutros corpos de subgrupo inferior, mentres que o persoal que estea na situación de servizo activo acumulará 2 puntos.

Unha persoa funcionaria de carreira docente estivo cinco anos de provisional. Obtivo praza definitiva no centro A, no que estivo sete anos. Posteriormente trasladouse a B, no que leva catro anos. É suprimida neste centro. Con cantos anos de permanencia ininterrompida participará no concurso de traslados?

Considérase centro desde o que participa o último servido con carácter definitivo, aos que se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera centro. Asemade, acumularanse ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior ao último servido con carácter definitivo. Polo tanto, haberá que acumular os sete anos que estivo no centro A máis os catro do centro B, en total 11 anos de permanencia ininterrompida para os efectos do concurso de traslados.

No caso anterior, acumulará a puntuación por cada ano de provisional con carácter previo á obtención do seu primeiro destino definitivo?

Non. O Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, establece que o persoal que participe con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente á subepígrafe 1.1.1 sumaráselle a obtida polo subapartado 1.1.2. Unha vez obtido un novo destino non poderá acumularse esta puntuación.

A persoa do suposto foi suprimida no seu segundo destino definitivo.

Se, demais, a persoa funcionaria do suposto anterior, posteriormente á supresión, levase tres anos con destino provisional, con que puntuación participará no concurso de traslados no apartado de permanencia ininterrompida?

Coa correspondente a 14 anos de permanencia ininterrompida.

Nos supostos anteriores, se en lugar de tratarse dunha persoa suprimida fose unha persoa desprazada por falta de horario, como sería a puntuación da permanencia ininterrompida?

Igual que a persoa suprimida.

O persoal docente funcionario de carreira que participa no concurso de traslados desde o seu primeiro destino definitivo, ademais da puntuación da permanencia ininterrompida, correspóndelle outra puntuación?

Si. Terá puntuación polos anos de servizo que estivese como provisional no apartado 1.1.2.

No apartado 1.1.2 do baremo, relativo a cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade, compútanse os anos de servizos prestados como persoal interino?

Non.

No apartado 1.2 do baremo do concurso de traslados, relativo á antigüidade no corpo, compútanse os servizos prestados como persoal funcionario interino?

Si. Sentenza 735/2014, do 17 de decembro, Sección Primeira, Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Unha persoa funcionaria de carreira estivo no centro A 5 anos con destino definitivo. Posteriormente, por concurso de traslados, estivo 7 anos en B. En B foi suprimido, estivo 2 anos suprimido e acadou destino en C. Neste último centro C leva 2 anos con destino definitivo. Quere participar no concurso de traslados. Con que puntuación participará no apartado de permanencia ininterrompida?

Coa puntuación que corresponda a 11 anos de permanencia ininterrompida. É dicir, para os efectos da puntuación de permanencia ininterrompida participa desde o centro B.

No punto 1.1 do anexo I Real decreto 1364/2010, establécese: "Nos supostos do primeiro destino definitivo obtido tras a supresión da praza ou posto que se viñese desempeñando anteriormente con carácter definitivo consideráranse como servizos prestados no centro desde o que se concursa, os servizos que se acrediten no centro en que lle se suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión".

O dito no apartado anterior sería de aplicación ao profesorado desprazado por falta de horario?

Si.

CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO

ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRES PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED013A

É obrigatorio presentar a solicitude electronicamente?

Si. A orde de convocatoria deste procedemento establece que a solicitude de participación no concurso específico se presentará por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) no procedemento normalizado ED013A.

Teño que presentar algunha documentación?

Non, a convocatoria non permite presentar documentación neste procedemento.

Para o caso de que precise actualizar e/ou modificar o seu expediente persoal para que se baremen estes méritos no concurso específico debe achegar esta documentación coa solicitude do procedemento normalizado ED011A.

Polo tanto, terá que presentar na sede electrónica dúas solicitudes:

- solicitude de concurso específico ED013A (sen achegar ningunha documentación adicional á solicitude)
- solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal (achegará con esta solicitude toda a documentación xustificativa dos méritos que alegue e/ou modifique).

Teño que presentar o baremo que se xera xunto coa solicitude do concurso de traslados?

Non, só é preciso a presentación electrónica da solicitude de participación no concurso de traslados.

Presentei a solicitude de actualización e/ou modificación do meu expediente persoal mediante o procedemento normalizado ED011A e decateime de que non aleguei un mérito. Como podo solucionalo?

Neste caso deberá proceder a formular unha nova solicitude ED011A, pero deberá realizar unha copia da última solicitude presentada (esta opción está dispoñible na aplicación web).

Unha vez copiada a última solicitude, pode alegar o novo mérito e achegar a documentación xustificativa.

A convocatoria establece que só se terá en conta a última solicitude presentada na sede electrónica da Xunta de Galicia, de xeito que, se presenta dúas solicitudes con diferentes méritos, só se empregará para a baremación do concurso a última presentada.

Se participo no concurso xeral de traslados e no de orientación e quero alegar novos méritos, teño que presentar dúas veces a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal ED011A?

Non. É suficiente con que se formule unha única solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal no procedemento normalizado ED011A.

Lembre que, como se especifica na pregunta anterior, se se presentan varias solicitudes do mesmo procedemento, só se terá en conta a última presentada.

Que persoal docente pode participar neste concurso?

- O persoal funcionario de carreira e o persoal funcionario de prácticas do corpo de mestres que se atope nalgunha das situacións que se establecen na convocatoria.
- O persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres participa con 0 puntos.

Podo participar no concurso e obter adxudicación se non posúo a titulación de Pedagogía, Psicoloxía ou Psicopedagogía?

Si, posuír estas titulacións supón un criterio preferente de adxudicación para o persoal participante, pero non impide a obtención de praza se existen vacantes suficientes.

É o Master en Psicopedagogía unha titulación que outorga preferencia?

Non, xa que non é ningunha das titulacións que se establecen no Decreto 120/1998, do 23 de abril (*Diario Oficial de Galicia* do 27 de abril) nin na convocatoria.

Se participo no concurso de orientación e no xeral de traslados, podo obter destino nos dous?

Non. A adxudicación definitiva dunha praza de orientación implica a exclusión de oficio da participación no concurso xeral de traslados.

A resulta que, de ser o caso, deixa a persoa participante no concurso de orientación incluírse para a adxudicación definitiva do concurso xeral de traslados.

Se quero obter destino no concurso de traslados e non no de orientación, como debo proceder?

Neste caso deberá renunciar ao concurso no prazo de reclamacións e renuncias establecido na convocatoria despois da publicación da resolución de adxudicación provisional deste concurso específico.

Esta renuncia debe formularse aínda no caso de que non se obteña destino na adxudicación provisional, posto que, se obtén destino da resolución definitiva, xa non podería renunciar á praza adxudicada.

Como formulo a renuncia á participación no concurso específico?

O persoal que participe no concurso específico poderá formular a renuncia á participación ao concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo establecido na convocatoria.

A renuncia deberá realizarse tamén dentro dese mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.gal/cxt) na folla habilitada para estes efectos.

CONCURSO-OPOSICIÓN

QUE SE DESENVOLVE POLO PROCEDEMENTO ORDINARIO. PREVISIBLEMENTE CONVOCATORIA DO ANO 2024. VIXENTE O REAL DECRETO 276/2007, DO 23 DE FEBREIRO. CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED001A.

É obrigatorio presentar a solicitude electronicamente?

Si, a orde de convocatoria deste procedemento establece que a solicitude de participación no procedemento selectivo se presentará por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) no procedemento normalizado ED001A.

Como podo ter a seguridade de que a solicitude está correctamente presentada?

Unha vez finalizada a presentación electrónica da solicitude, a sede electrónica permite a descarga dun recibo de presentación onde figura a data e a hora de presentación, así como o número de rexistro de entrada da solicitude.

Onde podo consultar as listaxes de persoas admitidas e excluídas?

No portal da consellería competente en materia de educación: www.edu.xunta.gal.

Ademais, é preciso que verifique que figura correctamente o apartado referido á exención da proba de lingua galega nesta listaxe de admisión e exclusión ao procedemento selectivo.

Onde se realizan as publicacións dos tribunais?

Na páxina web www.edu.xuntagal/oposicions

Na lapela Consultas públicas pódese seleccionar o tribunal ao que foi asignado cada persoa aspirante e consultar todas as publicacións realizadas.

Como se achega a documentación que se debe presentar unha vez publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as persoas que superan o procedemento selectivo?

Por medios electrónicos no procedemento ED001A mediante o trámite activado para estes efectos na carpetá cidadá.

Unha persoa coa titulación de grao en Educación Infantil pode presentarse a unha especialidade de primaria?

Si. Non obstante, se non supera o procedemento selectivo só poderá fomar parte das listas de interinidades e substitucións desa especialidade se aproba a primeira proba da fase de oposición.

Unha persoa coa titulación de graduado en Educación Infantil ou graduado en Educación Primaria pode presentarse ao concurso-oposición para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario?

Si, sempre que acredite que posúe a formación pedagóxica e didáctica. A disposición adicional novena.2 da LOE establece que para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario será necesario posuír o título de grao universitario ou titulación equivalente para os efectos de docencia, ademais da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 desta lei.

Unha persoa coa titulación de graduado en Educación Infantil ou graduado en Educación Primaria pode presentarse ao concurso-oposición para acceder ao corpo de inspectores de educación?

Non. A disposición adicional décima da LOE establece que “para acceder ao corpo de inspectores de educación é necesario pertencer a algúns dos corpos que integran a función pública docente con polo menos unha experiencia de oito anos nestes e posuír o título de doutor, máster universitario, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou título equivalente”.

Para ingresar no corpo de catedráticos de Música e Artes Escénicas requirise a formación pedagóxica e didáctica?

Non. O artigo 96 da LOE esixe acreditar a formación pedagóxica e didáctica para exercer a docencia das ensinanzas artísticas profesionais, pero non nas superiores.

Para ingresar no corpo de profesores de Música e Artes Escénicas a LOE esixe acreditar a formación pedagóxica e didáctica en todas as especialidades?

Non. A disposición adicional novena.2 da LOE exclúe de posuír este requisito nas especialidades propias de Arte Dramática, precisamente porque imparten ensinanzas artísticas superiores.

Para ingresar no corpo de profesores de música e artes escénicas, esíxese neste intre acreditar a formación pedagóxica e didáctica?

Neste intre non. O artigo 100.2 da LOE establece que “para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas reguladas na presente lei, será necesario posuír as titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza. De momento non está regulada a formación pedagóxica e didáctica destas ensinanzas”.

Poden ingresar no corpo de catedráticos de Música e Artes Escénicas, mediante concurso de méritos, persoas que non pertencen ao corpo de profesores de música e artes escénicas?

Si. A disposición adicional novena.3 da LOE establece que “o Goberno, logo de consultar ás comunidades autónomas, establecerá as condicións para permitir o ingreso no corpo de catedráticos de Música e Artes Escénicas, mediante concurso de méritos, a personalidades de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos profesionais”.

Para ingresar no corpo de profesores de ensino secundario, nas especialidades que imparten a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, o Goberno poderá determinar, para os efectos de docencia, titulacións equivalentes ás esixidas na lei?

Non. A disposición adicional novena.7 da LOE limita esta posibilidade para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario ás materias ou áreas de especial relevancia para a formación profesional. En calquera caso, o ingreso realízase por especialidades, polo que debemos interpretar que a lei se refire ás especialidades que imparten módulos profesionais.

Para acceder ao corpo de catedráticos de ensino secundario, ademais de ser persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, é sempre necesario ter a titulación de grao universitario, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura?

Non sempre. Poderase acceder tamén cunha titulación declarada equivalente para os efectos de docencia, pero este acceso estará limitado ás especialidades que teñan unha titulación declarada equivalente e a esas titulacións concretas.

Para acceder ao corpo de catedráticos de ensinanza secundaria, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, de catedráticos de Música e Artes Escénicas e de catedráticos de Artes Plásticas e Deseño, deberase contar cunha antigüidade mínima no corresponde corpo de oito anos como funcionario de carreira, de acordo co disposto na disposición adicional duodécima.2 da LOE. Na Comunidade Autónoma de Galicia computanse para estes efectos o tempo de servizos prestados como persoal funcionario interino ou persoal funcionario en prácticas, en aplicación da Directiva europea 1999/70.

O acceso do persoal docente do subgrupo A2 ao subgrupo A1 está limitado ao persoal dependente da Administración educativa convocante?

Non. Unha persoa dependente dunha comunidade autónoma poderá presentarse para acceder ao subgrupo A1 nunha convocatoria realizada por outra comunidade autónoma sempre que reúna os requisitos establecidos nesta. Estará obrigada a obter o primeiro destino definitivo na comunidade autónoma pola que accede.

No acceso do persoal docente do subgrupo A2 ao subgrupo A1, está previsto unha reserva das prazas que se convoquen?

A disposición adicional duodécima da LOE prevé a reserva dunha porcentaxe, sen especificar cal, nas convocatorias de ingreso nos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores de Artes Plásticas e Deseño.

O artigo 80.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece unha porcentaxe mínima do 25 por 100.

Que antigüidade se require para participar nun procedemento selectivo de mobilidade horizontal?

Ningunha. A disposición adicional duodécima.5 da LOE establece que o persoal funcionario docente poderá acceder a un corpo do mesmo grupo e nivel de complemento de destino, sen limitación de antigüidade, sempre que posúan a titulación requirida e superen o correspondente proceso selectivo.

O persoal funcionario de carreira docente pode presentarse ao concurso-oposición para ingresar no mesmo corpo noutra comunidade autónoma?

Non. O artigo 12.1.e) do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, establece como un dos requisitos: “non ser persoal funcionario de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento como persoal funcionario de carreira do mesmo corpo ao que se refira a convocatoria, agás que se concorra aos procedementos para a adquisición de novas especialidades a que se refire o título V deste regulamento”.

A experiencia docente na educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional é equivalente á formación pedagóxica e didáctica para ingresar no corpo de profesores de ensino secundario?

Si, sempre que se acrediten polo menos 12 meses de servizo con anterioridade ao 1 de outubro de 2009.

A disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008 establece esta equivalencia para as persoas que acrediten que antes do remate do curso 2008/09 impartiron docencia durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, 12 meses en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados de ensinanza regrada debidamente autorizados, nos niveis e ensinanzas cuxas especialidades docentes se regulan no propio real decreto.

A experiencia docente na universidade, ou na educación primaria, ou nas ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño equivale a formación pedagóxica e didáctica para ingresar no corpo de profesores de ensino secundario?

Non. De conformidade coa resposta anterior, a experiencia ten que ser nos niveis e ensinanzas cuxas especialidades docentes se regulan no Real decreto 1834/2008. Neste real decreto establécense as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

No apartado 1.1 do baremo do concurso-oposición regulado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, baremase a experiencia docente unicamente na especialidade á que se opta?

Non. O Real decreto 276/2007 establece unha puntuación de 1,000 puntos por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo ao que opta o persoal aspirante. Polo tanto, tense en conta a experiencia docente en todas as especialidades do corpo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.

Se unha persoa ten unha experiencia docente de, por exemplo, 2 anos, 4 meses e 29 días, que valoración teñen na fase de concurso eses 29 días?

Ningunha. O Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, prevé que as convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de maneira proporcional á valoración total asignada a cada subepígrafe, pero non unha valoración do resto dos días.

Nesta fase de concurso poden valorarse unha experiencia docente superior a cinco anos se se fai en distintas subepígrafes?

Non. No anexo I do Real decreto 276/2007 recóllese que “para os efectos deste apartado se terá en conta un máximo de cinco anos, cada un dos cales deberá ser valorada unha soa das subepígrafes”.

A experiencia docente no mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos non dependentes da Administración educativa ou de centros privados, en que subepígrafe se barema?

Na subepígrafe 1.3.

Que experiencia docente se valora na subepígrafe 1.2?

A experiencia docente en especialidades de distintos corpos ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.

Poderá formar parte dos tribunais persoal funcionario de carreira de corpos non docentes?

Non. O artigo 7.1 do Real decreto 276/2007 establece que os membros dos tribunais serán funcionarios de carreira en activo dos corpos de funcionarios docentes.

As administracións educativas poderían establecer que un determinado número dos membros do tribunais pertenza aos corpos de catedráticos?

Si. O artigo 7.5 do Real decreto 276/2007 establece: que “para a formación dos tribunais correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores de artes plásticas e deseño, as convocatorias poderán establecer cun determinado porcentaxe dos seus membros pertencen aos correspondentes corpos de catedráticos”.

A baremación dos méritos da fase de concurso é unha competencia dos tribunais?

Si. Así o establece o artigo 6.2.b) do Real decreto 276/2007. O artigo 6.5 prevé que “as convocatorias poderán determinar que se encomende a outros órganos da Administración distintos dos tribunais, comisións de selección ou órganos equivalentes, quenes realizarán, por delegación destes, as tarefas de aplicación dos baremos de méritos, achegando a estes unha vez rematada a fase de oposición, os resultados da súa actuación”.

Para reunir o requisito de titulación é preciso ter pagados os dereitos de expedición do título ou é suficiente con ter superadas todas as materias que configuran o plan de estudos?

É preciso posuír o título ou ter satisfeitos os dereitos de expedición deste.

O título de profesor expedido ao amparo do Real decreto 2618/1966, do 10 de setembro, habilita para presentarse ao concurso-oposición para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, na especialidade de Música?

Non. No anexo V do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, non hai ningunha titulación declarada equivalente para a especialidade de Música, polo que é preciso estar en posesión dunha titulación de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou grao. Non obstante, debe terse en conta que o título de profesor superior do plan do ano 1966, o título de grao superior do plan de estudos LOXSE e LOE son equivalentes á licenciatura.

E os que superen os estudos superiores de Música ou de Danza despois da entrada en vigor da LOMLOE?

O artigo 54 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece que “o alumnado que superara os estudos superiores de Música ou de Danza obterá o título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Danza na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable esixa posuír o título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen posúa o título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Danza.

No caso dos idiomas modernos, as probas deben desenvolverse no idioma correspondente?

Si. O artigo 20.2 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, establece que “todas as probas das especialidades de idiomas modernos nos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, e de profesores de escolas oficiais de idiomas desenvolveranse no idioma correspondente”.

Ademais, a programación didáctica deberá realizarse no idioma correspondente.

Podo presentarme ao concurso-oposición, na mesma especialidade, pola quenda libre e pola reserva de prazas do subgrupo A2 ao subgrupo A1?

Non. O artigo 15 do Real decreto 276/2007 establece que “ningunha persoa aspirante poderá presentarse, dentro dunha mesma convocatoria, a prazas dun mesmo corpo e especialidade correspondentes a distintas quendas de ingreso ou accesos entre corpos de funcionarios docentes”.



CONSOLIDACIÓN PARCIAL DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO POLO EXERCICIO DA DIRECCIÓN DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS

En que norma de rango legal se regula a consolidación parcial do complemento específico polo exercicio da dirección dos centros docentes públicos?

No artigo 139.4 da LOE que establece que “os directores dos centros públicos que exercen o seu cargo con valoración positiva durante o período de tempo que cada Administración educativa determine manterán, mentres permanezan en situación de activo, a percepción dunha parte do complemento retributivo correspondente na proporción, condicións e requisitos que determinen as administracións educativas”.

A consolidación precisa unha previa avaliación previa positiva do exercicio da dirección. Cando se considera de forma automática que existe unha avaliación positiva?

Cando se superen os catro anos de mandato.

Para os efectos da consolidación do complemento retributivo correspondente á dirección, computarase como un ano o desempeño da dirección por un período de:

Polo menos, nove meses durante un mesmo curso académico.

O complemento específico correspondente á consolidación parcial polo exercicio da dirección será incompatible:

De acordo coa disposición adicional novena do proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE, “coa percepción da compoñente singular do complemento específico pola titularidade de órganos unipersoais de goberno e co desempeño de posto de traballo docentes singulares que teñan asignada unha contía superior á establecida para as xefaturas de departamento”.

Esta consolidación ten repercusión para a xubilación?

Non.

Cales son actualmente as porcentaxes de consolidación?

- Primeiros 4 anos: 25 %
- Segundos 4 anos: 15 %
- Terceiros 4 anos: 20 %
- O total acumulado non poderá exceder do 60 %

Se o centro durante o primeiro ano foi de categoría A e os tres seguintes de categoría B, cal será a consolidación?

De categoría A. Cando exista cambio de categoría do centro, consolídase sempre o complemento correspondente á maior categoría.

Pode solicitarse intercambios das porcentaxes?

Cando teñamos consolidado, si. Por exemplo, se temos consolidado un 25 % de categoría C e un 15 % de categoría A, podemos solicitar o intercambio, de tal xeito que se nos retribúa un 25 % da consolidación de categoría A e un 15 % da categoría C.

Podemos renunciar a unha porcentaxe consolidada?

Si. Isto interesaranos cando teñamos xa o 60 % consolidado e esteamos exercendo a dirección dun centro de categoría superior ás que teñamos consolidado.

De conformidade coa Orde do 18 de febreiro de 2015, aquelas persoas que non desexen prorrogar o mandato da dirección en que prazo deberán efectuar a solicitude de consolidación parcial do complemento específico da dirección?

No prazo dos tres primeiros meses do ano no que rematan o mandato.

Aquelas persoas que cesen na dirección con anterioridade á data prevista no nomeamento en que prazo deberán efectuar a solicitude de consolidación parcial do complemento específico da dirección?

No prazo de tres meses contados desde o día seguinte á efectividade do cesamento.

Se non solicitamos a consolidación parcial do complemento no prazo establecido, perderíamos definitivamente o dereito a consolidar?

Non. A interpretación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos é que a solicitude formulada fóra do prazo establecido unicamente implica que o dereito a percibir este complemento terá efectividade económica desde a data da solicitude, logo do recoñecemento da avaliación positiva.

CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL. EXTINCIÓN. INTEGRACIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO NOUTROS CORPOS

Algunhas respostas dependen da redacción final do Real decreto 800/2022 polo que se regula integración do profesorado do corpo que se extingue de profesores técnicos de formación profesional no corpo de profesores de ensino secundario e se modifican diversos reais decretos relativos ao profesorado de ensinanza non universitarias.

Que lei declara a extinción do corpo de profesores técnicos de formación profesional?

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE).

Na nova redacción que lle dá á disposición adicional sétima da LOE, establece:

“1. A función pública docente ordénase nos seguintes corpos:

- c) O corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional, que desempeñará as súas funcións na formación profesional e, excepcionalmente, nas condicións que se establezan, na educación secundaria obrigatoria”.

Que disposición regula a integración do persoal funcionario de carreira do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional no corpo de profesores de ensino secundario?

A disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

Esta disposición foi obxecto dunha nova redacción pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.

Poderase seguir nomeando persoal funcionario interino do corpo de profesores técnicos de formación profesional?

Si. A disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional establece:

“Habilitaranse as administracións educativas para que, en tanto non se complete o desenvolvemento regulamentario que proceda das disposicións sobre o profesorado de formación profesional, establecidas na presente lei e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poidan realizar selección de funcionarios de carreira das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público aprobadas, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, así como nomeamentos de persoal interino nese corpo, cos requisitos que existían para el”.

De conformidade coa nova normativa, poderá seguir habendo persoal experto que imparta docencia en formación profesional?

Si. Na nova redacción do artigo 95 da LOE dada pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, establécese:

“2. Excepcionalmente, para a impartición de módulos profesionais en determinadas especialidades, poderanse incorporar, como expertos do sector produtivo, atendendo a súa cualificación e ás necesidades do sistema educativo, profesionais, non necesariamente titulados, que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral. Esta incorporación realizarase no réxime laboral, de acordo coa normativa que resulte de aplicación”.

Que lei crea o novo corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional?

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional. Este novo corpo desempeñará as mesmas funcións que o corpo de profesores técnicos de formación profesional, é dicir, desempeñará as súas funcións na formación profesional e, excepcionalmente, nas condicións que se establezan, na educación secundaria obrigatoria.

Cales son as especialidades do novo corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional?

Recóllense na disposición adicional quinta da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo. Son as seguintes:

- Cociña e Pastelería
- Estética
- Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble
- Mantemento de Vehículos
- Mecanizado e Mantemento de Máquinas
- Patronaxe e Confección
- Peiteado
- Producción en Artes Gráficas
- Servizos de Restauración
- Soldadura

Todo o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores técnicos de formación profesional, das especialidades que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, se integra neste corpo?

Non. De conformidade co punto 1 da disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (redacción modificada pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo), “íntegrase no corpo de profesores de ensino secundario o profesorado en extinción do corpo de profesores técnicos de formación profesional que, no momento de entrada en vigor da LOMLOE ou no prazo establecido no apartado segundo da pre-

sente disposición, posúa a titulación de grao universitario, licenciado ou licenciada, enxeñeiro ou enxeñeira e arquitecto ou arquitecta, ou equivalente para os efectos de acceso á función pública docente, ou outra equivalente para efectos de docencia das especialidades do corpo de profesores de ensino secundario”.

A integración no corpo de profesores de ensino secundario do persoal funcionario de carreira que posúa os requisitos é automática, de oficio?

Non. As persoas terán que facer unha solicitude nun procedemento convocado polas administracións educativas.

O punto 2 da disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (redacción modificada pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo) establece:

“2. O Goberno, tras a consulta ás administracións educativas, establecerá o procedemento e as condicións desta integración que producirá efectos os que reúnan os requisitos e o soliciten dentro do prazo inicial que se estableza, desde a entrada en vigor desta lei. Para os que o soliciten con posterioridade a ese prazo inicial, os efectos serán a partir da data da súa solicitude, sempre que se encontren en condicións de ser integrados nesa data. Ese dereito só poderá ser exercido ata o quinto ano posterior á vixencia desa lei”.

Poderase integrar no corpo de profesores de ensino secundario o persoal funcionario de carreira do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional, das especialidades que se crean no novo corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional? Por exemplo, o profesorado da especialidade de Cociña e Pastalaría?

Si, se reúnen os requisitos de titulación que se establezan e solicitan no procedemento que se convoque.

Para aquelas persoas que reúnan o requisito de titulación no momento da entrada en vigor da LOMLOE e soliciten no prazo inicial que se estableza, que data de efectos terá a integración no corpo de profesores de ensino secundario?

O 19 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a LOMLOE.

O profesorado do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional, das especialidades que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, que non se integre no corpo de profesores de ensino secundario quedará en extinción no corpo de profesores de ensino secundario?

Non. Quedará no corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional.

O apartado 4 da disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (redacción modificada pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo) establece:

“4. O profesorado do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional que non quedase integrado no corpo de profesores de ensino secundario, permanecerá no corpo extinción de profesores técnicos de formación profesional, mantendo a súa atribución docente e todos os dereitos inherentes á súa condición de funcionario. Malia o anterior, este profesorado poderá participar nos procesos de promoción interna que se convoquen”.

O profesorado do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional, das especialidades que se crean no novo corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional, que non se integre no corpo de profesores de ensino secundario integrárase no novo corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional?

Non. A lei non prevé esta integración. Quedará no corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional.

Unha persoa funcionaria de carreira do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional, con destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia e en comisión de servizos na Comunidade Autónoma de Madrid, en que convocatoria do procedemento de integración deberá participar?

Pola Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 3.2 do Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración establece que “o profesorado do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional só poderá participar na convocatoria que efectúe a Administración educativa na que teña destino definitivo ou se encontre en expectativa de destino”.

O profesorado do corpo en extinción que estea na situación de excedencia por interese particular poderá participar no procedemento de integración no corpo de profesores de ensino secundario?

Non, de acordo coa redacción do Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración.

Poderá participar o profesorado que estea na situación de servizo activo ou nas situacións administrativas de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares, excedencia por razón de violencia de xénero ou excedencia por razón de violencia terrorista.

As administracións educativas deberán realizar a convocatoria do procedemento de integración na mesma data?

Non. O Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración prevé que as administracións educativas deberán efectuar unha convocatoria pública para o profesorado do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional que reúna os requisitos e cumpra as condicións establecidas poida integrarse no corpo de profesores de ensino secundario, pero non establece un prazo para a convocatoria. Si establece que o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles.

A presentación da solicitude de integración deberá realizarse:

De forma telemática, de acordo co previsto no artigo 14.2.e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Como poderá acreditarse que se posúe a titulación esixida para a integración?

O Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración establece o seguinte:

- Copia do título académico ou, se é o caso, autorización expresa á Administración convocante para a consulta do Rexistro Nacional de Títulos Universitarios Oficiais.
- Certificación académica que acredite a realización de todos os estudos necesarios para a obtención do título, acompañada do resgardo de pagamento das taxas de expedición deste.

Naqueles casos en que a documentación referida nos apartados anteriores se atope en poder da administración convocante, o persoal solicitante quedará eximido da presentación da devandita documentación.

Se as persoas que solicitan a integración no corpo de profesores de ensino secundario non tivesen a titulación esixida o 19 de xaneiro de 2021, con que efectos se integrarán no corpo?

Nestes casos, de acordo co Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración, os efectos das correspondentes resolucións estimatorias retrotraeranse exclusivamente ao momento en que se cumprisen as condicións esixidas no apartado primeiro do artigo 3 do proxecto. Para estes casos, entenderase como data de cumprimento das condicións relativas á titulación a da solicitude de expedición dos títulos académicos referidos no citado apartado primeiro do artigo 3.

As persas que non realicen a solicitude no prazo da convocatoria poderán realizala posteriormente?

Si. O artigo 8.1 do Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración establece que o profesorado do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional que reúne os requisitos establecidos na disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, con posterioridade á finalización do prazo establecido na convocatoria a que se fai referencia no artigo 4, ou ben non solicitase a integración dentro de devandito prazo, poderá solicitalo con posterioridade na Administración educativa que lle corresponda.

Remata nalgún momento a posibilidade de solicitar a integración no corpo de profesores de ensino secundario?

Si. No prazo de cinco anos a partir da entrada en vigor da LOMLOE. Así o establece a disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (redacción modificada pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo). Polo tanto, ata o 19 de xaneiro de 2026.

Cando a solicitude se realice con posterioridade ao remate do prazo establecido na correspondente convocatoria, de que data serán os efectos das resolucións estimatorias?

Da data de solicitude que efectúe a persoa interesada.

Se unha vez realizada a solicitude de integración no corpo de profesores de ensino secundario, a persoa do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional cambia de destino definitivo, que Administración resolverá o expediente?

A Administración que recibiu a solicitude.

O persoal funcionario de carreira do corpo en extinción de profesores técnicos de formación profesional, poderá acadar unha nova especialidade dentro deste corpo?

Non. Segundo a nova redacción que se propón do artigo 54.1 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, a resposta é negativa.

Non volverán convocarse procedementos selectivos para o ingreso neste corpo. Haberaos para ingresar no corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional.

Que titulacións se pretenden declarar equivalentes para os efectos de docencia no corpo de profesores de ensino secundario?

No Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración modifícase a disposición adicional única.1 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, que quedaría coa seguinte redacción:

“Titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia para ingreso en determinados corpos:

1. Para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, para as especialidades que se detallan no anexo V deste regulamento, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación esixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha titulación de diplomatura universitaria, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

Para ingresar no novo corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional, que titulacións se declaran equivalentes para os efectos de docencia?

No Real decreto 800/2022 polo que se regulará o procedemento de integración modifícase tamén a disposición adicional única.2 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, que establecería as seguintes:

- As de técnico superior da familia profesional ou familias profesionais para cuxas titulacións teña atribución docente a especialidade pola que se concursa.
- Os títulos declarados equivalentes a técnico superior para os efectos académicos e profesionais serán tamén equivalentes para efectos de docencia.

CRITERIOS DE PERDA DO DESTINO DEFINITIVO

En que norma se establecen os criterios de perda do destino definitivo?

Nos artigos 3 e 4 e na disposición transitoria do Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

Aplicase a mesma norma para a perda provisional e a definitiva do destino que se viña desempeñando?

Si.

Cal é o primeiro criterio que se aplica para determinar entre o persoal docente que ocupa praza na mesma especialidade quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva do destino definitivo que se viña desempeñando?

A voluntariedade.

Se ningunha persoa optase voluntariamente polo cesamento no corpo de mestres, que criterios se aplicarían sucesivamente?

- Menor antigüidade ininterrompida, como definitivo, no centro.
- Menor tempo de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira do corpo de mestres.
- Ano máis recente de ingreso no corpo.
- A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- Menor puntuación obtida no procedemento selectivo de seu ingreso no corpo.

Unha persoa tivo destino definitivo no centro A durante 4 anos. Suprimida en A, obtivo destino definitivo en B, no que leva 5 anos definitiva. Para os efectos da perda de destino definitivo en B, cantos anos de antigüidade se lle computarían en B?

9 anos.

No corpo de mestres, se o número de solicitudes de cesamento nunha especialidade fose maior que o de mestres que deban cesar, cales serían os criterios para optar?

- Maior antigüidade ininterrompida con destino definitivo no centro.
- Maior número de anos de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira do corpo de mestres.
- Promoción de ingreso máis antiga.
- A maior existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- Maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso ao corpo.

Cales son os criterios de perda do destino definitivo, nos corpos que imparten as ensinanzas secundaria e de réxime especial, para o persoal que accedeu a estes a través de procedementos de provisión de postos convocados con posterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto?

Unha persoa do corpo de catedráticos por especialidade terá dereito preferente para quedar con destino definitivo no centro.

- Menor antigüidade ininterrompida como definitivo na praza.
- Menor tempo de servizos como persoal funcionario do corpo.
- Ano máis recente de ingreso no corpo.
- Non pertencer ao corpo de catedráticos.
- A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- Menor puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

No suposto anterior, se o número de solicitudes de cesamento fose maior que o de persoal funcionario que deba cesar, cales son criterios de prioridade para optar?

- Maior antigüidade con destino definitivo ininterrompido na praza.
- Maior número de anos de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira.
- Ano máis antigo de ingreso no corpo.
- Pertencer ao corpo de catedráticos.
- A maior existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

De conformidade coa disposición transitoria do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, para o persoal funcionario docente que imparte ensinanzas de secundaria ou de réxime especial que acceden ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos convocados con anterioridade á entrada en vigor do citado decreto, se ninguén opta voluntariamente polo cesamento, cales son os criterios da perda do destino definitivo que se aplicarán sucesivamente?

- Unha persoa do corpo de catedráticos por especialidade terá dereito preferente para quedar con destino definitivo no centro.
- Menor tempo de servizos efectivo como persoal funcionario de carreira do corpo.
- Menor antigüidade ininterrompida como definitivo na praza.
- Ano máis recente de ingreso no corpo.
- Non pertencer ao corpo de catedráticos.
- Menor puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

No suposto anterior, se o número de solicitudes de cesamento fose maior que o de persoal funcionario que deba cesar, os criterios de prioridade para optar serán:

- O maior número de anos de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira.
- A maior antigüidade con destino definitivo ininterrompido na praza.
- O ano máis antigo de ingreso no corpo.
- A pertenza ao corpo de catedráticos.
- A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

DEREITOS DAS PERSOAS NAS SÚAS RELACIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (BOE NÚM. 236, DO 2 DE OUTUBRO). ARTIGO 13

- a) A comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración.
- b) A ser asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas administracións públicas.
- c) A utilizar as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
- d) A acceder á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico.
- e) A ser tratadas con respecto e deferencia polas autoridades e persoal empregado público, que haberá de facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigacións.
- f) A esixir as responsabilidades das administracións públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.
- g) A obter e utilizar os medios de identificación e sinatura electrónica establecidos nesta lei.
- h) Á protección de datos de carácter persoal e, en particular, á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.
- i) Calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

DEREITOS DA PERSOA INTERESADA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (BOE NÚM. 236, DO 2 DE OUTUBRO). ARTIGO 53

- a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesadas; o sentido do silencio administrativo que corresponda, no caso de que a Administración non dite nin notifique resolución expresa en prazo; o órgano competente para a súa instrución, de ser o caso, e resolución; e os actos de trámite ditados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

Quen se relacione coas administracións públicas a través de medios electrónicos terá dereito a consultar a información á que se refire o parágrafo anterior no punto de acceso xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso. Entenderase cumprida a obrigaición da Administración de facilitar copias dos documentos contidos nos procedementos mediante a posta ao dispor destas no punto de acceso xeral electrónico da Administración competente ou nas sedes electrónicas que correspondan.

- b) A identificar as autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- c) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario. No caso de que, excepcionalmente, deban presentar un documento orixinal, terán dereito a obter unha copia autenticada deste.
- d) A non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate que xa se atopen en poder das administracións públicas ou que fosen elaborados por estas.
- e) A formular alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- f) A obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- g) A actuar asistidos por un asesor ou asesora cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.
- h) A cumprir as obrigações de pagamento a través dos medios electrónicos previstos no artigo 98.2.
- i) Calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DESAPRAZAMENTO POR FALTA DE HORARIO

VÉXASE O APARTADO DE “CONCURSO DE TRASLADOS”

Que diferenzas hai entre o persoal docente desprazado por falta de horario e o persoal docente suprimido?

O persoal desprazado non perde o seu destino definitivo e o persoal suprimido, si.

Como consecuencia do anterior, o persoal docente desprazado pode deixar de selo en próximos cursos, por aumento de matrícula, por algunha xubilación no seu centro ou outras circunstancias, e xa permanece no centro co destino definitivo que nunca perdeu. O persoal docente suprimido, se se orixina unha praza no centro do que foi suprimido, terá que obtela por concurso de traslados.

O persoal docente desprazado por falta de horario que exerza o dereito preferente poderá renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias desde que se produciu o desprazamento. No entanto, o persoal docente suprimido non pode renunciar.

Por outra parte, ambos os dous participan cos mesmos dereitos no concurso de traslados.

Cando se considera que un persoal docente é desprazado por falta de horario?

Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispoña de ningunha hora da súa especialidade. Así mesmo, considérase desprazado por falta de horario o profesorado que dispoña de menos de cinco sesións lectivas da súa especialidade e que estas poidan ser asumidas por profesorado doutro departamento.

A persoa docente desprazada por falta de horario pode ser desprazada forzosamente a unha localidade distinta daquela na que ten destino definitivo?

Non.

O persoal docente desprazado por falta de horario participará obrigatoriamente no concurso de traslados?

Si, agás no suposto previsto habitualmente na convocatoria do concurso; cando haxa unha persoa con destino definitivo no seu centro, do mesmo corpo e especialidade, nacida nunha determinada data.

DIRECCIÓN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS

LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN

Proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Para ser candidato ou candidata á dirección dun centro docente público, é necesario ser persoal funcionario de carreira na función pública docente?

Si. Non pode presentarse o persoal docente interino. Artigo 133.2 da LOE.

O nomeamento da dirección dos centros integrados de formación profesional realizarase por concurso de méritos?

Non. Realizarase por libre designación.

Para ser candidato ou candidata á dirección é necesario ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como persoal funcionario de carreira na función pública docente?

Non. En aplicación da Directiva europea 1999/70/CE, o proxecto de decreto establece como un dos requisitos: “Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como persoal funcionario na función pública docente nun dos corpos aos que se fai referencia na letra anterior”.

Pode ser candidato ou candidata á dirección o persoal docente funcionario de carreira pertencente ao corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional?

Si. Así o recolle expresamente o proxecto de decreto no artigo 4.1.a)

Para ser candidato ou candidata á dirección, é necesario que se exercesen funcións docentes como persoal funcionario de carreira, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas que ofrece o centro ao que se opta?

É necesario que se exercesen funcións docentes como persoal funcionario durante un período de polo menos cinco anos nalgunha das ensinanzas que ofrece o centro ao que se opta, pero non necesariamente como persoal funcionario de carreira. Tamén se computan os servizos prestados como persoal funcionario interino, en aplicación da Directiva europea 1999/70/CE.

Para ser candidato ou candidata á dirección, é preciso posuír a certificación acreditativa de que se superase un curso de formación sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva?

Si. O artigo 134.1.c) da LOE establece que as administracións educativas poderán considerar como requisito que se superase un programa de formación sobre competencias para o desempeño da función directiva.

O proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos recolle esta formación como un requisito para presentarse á dirección.

Pode un profesor ou profesora que non teña destino definitivo participar no concurso de méritos de acceso á dirección?

Si. En ningún momento se esixe como requisito ter destino definitivo para poder participar no concurso de méritos. Obviamente, haberá que reunir os requisitos que se establecen na convocatoria.

Pode unha persoa funcionaria de carreira dun corpo docente dependente dunha comunidade autónoma que non sexa Galicia, presentarse ao concurso de méritos da dirección?

Non. O artigo 4.1.d) do proxecto de decreto establece como un dos requisitos para presentarse á dirección: “Estar prestando servizos nun centro educativo dependente da consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia e depender organicamente desta”.

Pode presentarse á dirección unha persoa funcionaria de carreira dun corpo docente que dependa doutra comunidade autónoma e preste servizos en comisión de servizos na Comunidade Autónoma de Galicia?

Non. Como se pon de manifesto na resposta anterior, é preciso depender organicamente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Pode presentarse á dirección unha persoa funcionaria de carreira dun corpo docente que estea en situación de servizos especiais ou de excedencia por coidado de familiares ou en excedencia voluntaria?

Si. Dentro dos requisitos para ser candidato ou candidata á dirección non se encontra o ter que estar na situación de servizo activo.

Será necesario estar nunha destas situacións por resolución da consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia e reunir os restantes requisitos. O persoal en situación de excedencia voluntaria deberá reunir, o 1 de xullo do ano correspondente, os requisitos para reingresar ao servizo activo.

Unha persoa funcionaria de carreira do corpo de profesores técnicos de formación profesional con quince anos de servizo accede ao corpo de profesores de ensino secundario e leva tres de servizo neste corpo. Pode presentarse ao concurso de méritos para acceso á dirección?

Si. Neste intre non se esixe ter unha antigüidade de, polo menos, cinco anos no corpo da función pública docente desde o que se opta. O requisito é ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como persoal funcionario na función pública docente.

Unha persoa funcionaria de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, reúne o requisito para ser candidata á dirección dunha escola oficial de idiomas?

En principio, non. Un dos requisitos para presentarse á dirección dun centro docente público é “exercer funcións docentes como persoal funcionario, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro ao que se opta”.

Unha persoa funcionaria de carreira do corpo de mestres que preste servizos nun instituto nos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria reúne o requisito para ser candidata á dirección?

Si, reúne o requisito de exercer funcións docentes como persoal funcionario, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro ao que se opta.

E se a persoa do corpo de mestres que presta servizos no instituto é da especialidade de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe?

Tamén. Así se recolle expresamente no artigo 4.1.c) do proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE.

O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario reúne os requisitos para presentar candidatura á dirección dun centro público integrado?

Si, porque nestes centros impártese tanto o nivel de educación primaria como o nivel de educación secundaria.

O persoal docente que estea en comisión de servizos na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reúne o requisito para presentar a candidatura á dirección?

Si. Incluso pode presentarse o persoal que non estea prestando servizos, como é o caso dos que están na situación de excedencia voluntaria.

O persoal candidato á dirección que resulte seleccionado para exercer o cargo nun centro distinto daquel no que teña destino definitivo perde o seu destino definitivo?

Non. Estarán en comisión de servizos no centro no que exercen a dirección.

Os directores e directoras dun centro docente público poden participar no concurso de traslados e acadar un novo destino sen que implique o cesamento no cargo?

Si. Débese ter en conta que non é necesario ter destino definitivo no centro para ser candidato ou candidata á dirección. En consecuencia, se se participa e obtén destino no concurso de traslados, unicamente se modifica o centro desde o que se está en comisión de servizos, agás que a persoa interesada solicite voluntariamente o cesamento.

As persoas candidatas á dirección poderán formar parte da comisión de selección?

Non.

O persoal docente do centro educativo poderá formar parte da comisión de selección como representante do consello escolar?

Non. O artigo 135.3 da LOE establece que polo menos un terzo dos membros da comisión será elixido por e entre as persoas membros do consello escolar que non son persoal docente.

Un alumno ou alumna poderá formar parte da comisión de selección como representante do consello escolar?

Si, pero o proxecto de decreto establece que a representación do consello escolar na comisión de selección non poderá recaer en alumnado que estea matriculado nun curso inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

Para a selección do director ou directora, terán preferencia as candidaturas do profesorado do centro?

Si. O artigo 135.5 da LOE establece que a selección se realizará valorando especialmente as candidaturas do profesorado do centro.

O proxecto de decreto establece que a selección se realizará considerando primeiro as candidaturas do profesorado do centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non fosen seleccionadas, a comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

Cando se produce un nomeamento, con carácter extraordinario, da dirección dun centro docente público?

- En ausencia de candidaturas á dirección.
- Nos centros de nova creación.
- Cando a comisión de selección non seleccione a ningunha persoa candidata.

No nomeamento da dirección con carácter extraordinario é preceptivo oír o claustro de profesorado?

Non. É preceptivo oír o consello escolar.

Cando se produce un nomeamento, con carácter accidental, da dirección dun centro docente público?

Cando se produza o cesamento da dirección durante o curso escolar. Este nomeamento accidental será ata o 30 de xuño.

Unha vez rematado o máximo de tres mandatos de 4 anos exercendo a dirección, é posible continuar sendo director ou directora no mesmo centro?

Si, pero é necesario presentarse novamente ao concurso de méritos e resultar seleccionado ou seleccionada.

O consello escolar do centro pode promover o cesamento da dirección?

Si, pode realizar unha proposta motivada, pero limitada ao seguinte motivo: incumprimento grave das funcións inherentes ao cargo da dirección. Así se recolle no artigo 138.d) da LOE.

O persoal docente avaliado negativamente no exercicio da dirección poderá presentar solicitude para participar no concurso de méritos para acceder á dirección?

Si, pero non poderá facelo durante un período de tres anos.

De acordo coa disposición adicional cadraxésimo cuarta da LOE, considéranse equivalentes á certificación acreditativa de superar o programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva?

As habilitacións e acreditacións de directores e directoras de centros públicos expedidos con anterioridade á entrada en vigor da lei.

Esta disposición adicional foi engadida pola Lei 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE).

ELECCIÓN DE HORARIOS

Cando unha persoa teña que elixir horario en máis dunha quenda, elixirá horario despois de que o profesorado de cada quenda teña elixido todo o seu horario?

Non. Elixirá horario en cada unha das quendas na orde que lle corresponda, de acordo co establecido na Orde do 28 de xuño de 2010.

Que grupos de alumnado se elixirán en primeiro lugar?

Os que estean a desenvolver:

- o proxecto Abalar
- as seccións bilingües
- as materias que se imparten nunha lingua estranxeira
- calquera outro que resulte dos criterios pedagóxicos establecidos polo claustro.

Que profesorado terá prioridade para a elección dos grupos de alumnado mencionado no apartado anterior?

O profesorado que fose formado especificamente pola Administración educativa para tal fin ou acredite que posúe a titulación, experiencia ou formación adecuada.

Cando existan varios profesores ou profesoras que reúnan os requisitos para a elección destes grupos, cal será a prioridade de elección?

A establecida con carácter xeral na Orde do 28 de xuño de 2010.

Na elección de horarios, deberá garantirse que o persoal docente pertencente ao corpo de mestres completa o seu horario entre o primeiro e o segundo curso de educación secundaria obrigatoria?

Si.

A elección de horarios en que criterios básicos se fundamenta?

Nos de equidade e mutuo acordo.

De conformidade coa Orde do 28 de xuño de 2010, de non haber mutuo acordo, a orde de eleccións será:

En primeiro lugar, o profesorado con destino definitivo no centro.

En segundo lugar, o profesorado con destino provisional no centro.

Nos institutos de educación secundaria nos que se imparten ensinanzas ao alumnado en dúas ou máis quendas, que se elixirá en primeiro lugar?

Quenda.

De conformidade coa Orde do 28 de xuño de 2010, o profesorado especialista:

Non poderá elixir cursos inferiores se quedasen os superiores para profesorado de afíns ou para persoal docente interino.

O persoal docente poderá elixir horario de disciplinas afíns en canto non estean totalmente cubertas todas as horas do seu propio departamento?

Non, agás o profesorado que se formou e está a impartir na actualidade determinados módulos profesionais.

Para a impartición dos módulos profesionais da formación profesional, terán prioridade:

O persoal docente con maior preparación específica neles.

Nos institutos de educación secundaria, para o persoal que accedeu ao posto de traballo en virtude de procedementos de provisión convocados con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, despois do catedrático/a máis antigo/a no corpo, ten prioridade na elección a persoa con máis anos de servizos como funcionario de carreira no corpo ou a persoa con maior antigüidade con destino definitivo na praza?

A persoa con maior número de anos de servizos efectivo como funcionaria de carreira no corpo.

Nos centros de educación infantil e primaria, que grupos serán asignados ao persoal do corpo de mestres que fose formado especificamente pola Administración educativa ou posúan a titulación, experiencia ou formación adecuada?

Os grupos nos que se estea a desenvolver:

- o proxecto Abalar
- as seccións bilingües
- os que se imparten en lingua estranxeira.

Nos restantes grupos, no caso de non acadar consenso, en que se baseara a proposta da xefatura de estudos?

- Respetar, en todo caso, o posto de traballo e/ou a especialidade
- Respetar o dereito de cada grupo de alumnos e alumnas a manter o mesmo titor durante todo o ciclo, incluído o segundo ciclo da educación infantil.

A aprobación provisional dos horarios correspóndelle:

Á dirección do centro.

Contra a aprobación provisional dos horarios poderase reclamar ante:

A inspección educativa, no prazo de dez días.

A aprobación definitiva dos horarios correspóndelle:

á Inspección educativa.

Contra a aprobación definitiva dos horarios procede:

Un recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a xefatura territorial correspondente.

Unha persoa obtivo destino definitivo no centro A no que estivo 4 anos. Obtén por concurso de traslados destino definitivo no centro B no que leva 3 anos. Que antigüidade ten en B para os efectos da adscrición funcional?

7 anos. Deben computarse os catro que estivo con destino definitivo no centro A. A antigüidade no centro de supresión compútase tamén para os efectos de adscrición funcional e non só para a puntuación no concurso de traslados, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



EQUIPO DIRECTIVO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS

A quen lle corresponde realizar a proposta de nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo?

Ao director ou directora do centro, de acordo co establecido no artigo 131.4 da LOE.

A dirección do centro, ten que escoitar o claustro de profesores e o consello escolar con carácter previo a formular a proposta de nomeamento?

Non. Ten que comunicarllo previamente. O artigo 131.4 da LOE establece que “o director ou directora, logo da comunicación ao claustro de profesores e ao consello escolar, formulará unha proposta de nomeamento e cesamento á Administración educativa dos cargos de xefe de estudos e secretario de entre o profesorado con destino en devandito centro”.

O cesamento da dirección do centro educativo implica o cesamento do resto do equipo directivo?

Sí. O artigo 131.5 da LOE establece que “todos os membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ao remate do seu mandato ou cando se produza o cesamento do director ou directora”.

ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

REAL DECRETO 270/2022, DO 12 DE ABRIL, POLO QUE SE MODIFICA O REGULAMENTO DE INGRESO, ACCESOS E ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES NOS CORPOS DOCENTES A QUE SE REFIRE A LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, E REGÚLASE O RÉXIME TRANSITORIO DE INGRESO A QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN TRANSITORIA DÉCIMO SÉTIMA DA CITADA LEI, APROBADO POR REAL DECRETO 276/2007, DO 23 DE FEBREIRO

O artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, establece unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas:

- de natureza estrutural
- que estean dotadas orzamentariamente
- e ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas da oferta de emprego de estabilización de emprego temporal deberá producirse?

Con anterioridade ao 31 de decembro de 2022.

A resolución dos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal deberán rematar?

Con anterioridade ao 31 de decembro de 2024.

De conformidade co artigo 2.3 da Lei a taxa de cobertura temporal deberá situarse por debaixo do:

Oito por cento (8 %) das prazas estruturais.

Cantas prazas de estabilización de emprego temporal se ofertarán para o persoal docente na Comunidade Autónoma de Galicia?

1.281 das cales:

- 1.156 convocaranse mediante concurso de méritos
- 125 por concurso-oposición

Aos procesos selectivos de estabilización do emprego temporal poderá presentarse unicamente o persoal interino?

Non. Poderán presentarse todas as persoas que reúnan os requisitos. O artigo 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, establece que se garantirá o principio de libre concorrencia.

De conformidade co establecido no artigo 2.5 da Lei 20/2021, da resolución dos procesos selectivos non poderá derivar, en ningún caso,

- incremento de custo,
- incremento de efectivos.

Deberán ofertarse necesariamente neste procesos prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal temporal.

De conformidade co artigo 2.6 da Lei 20/2021, que persoal terá dereito a unha compensación económica?

O persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización.

De que contía será a compensación económica para o persoal funcionario interino?

Vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades.

A non participación do persoal funcionario interino no proceso selectivo de estabilización implicará a perda do dereito á compensación económica?

Si.

A Lei 20/2021 permite que se adopten medidas de axilización dos procesos selectivos?

Si. A disposición adicional cuarta establece que as administracións públicas deberán asegurar o cumprimento do prazo establecido para a execución dos procesos selectivos mediante a adopción das medidas apropiadas para o desenvolvemento áxil dos procesos selectivos, tales como a redución de prazos, a dixitalización dos procesos ou a acumulación de probas nun mesmo exercicio, entre outras.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, prevé unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración?

Si, nas disposicións adicionais sexta e oitava.

A convocatoria realizarase unha soa vez polo sistema de concurso.

No ámbito da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que condicións deben cumprir as prazas que se ofertarán a concurso de méritos en aplicación da disposición adicional sexta?

1. Que a praza estea ocupada na data do 30.09.2021 por persoal interino a xornada completa.
2. Que a praza estivese ocupada ininterrompidamente por persoal interino con anterioridade ao 01.01.2018, aínda que non ten que ser a mesma persoa interina.
3. Que a praza sexa estrutural.
4. A praza ten que ser estrutural todos os anos.

No ámbito da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que condicións deben cumprir as prazas que se ofertarán a concurso de méritos en aplicación da disposición adicional oitava?

1. Que sexan prazas ocupadas actualmente por persoal interino a xornada completa.
2. Que a persoa interina que a desempeña veña prestando servizos en calquera praza ininterrompidamente con anterioridade ao 01.01.2016.
3. Que a praza sexa estrutural.
4. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional sexta.

5. Enténdese que a persoa interina desempeña unha praza ininterrompidamente con anterioridade ao 01.01.2016 aínda que sexa en distintas especialidades do mesmo corpo e incluso en corpos distintos.
6. As prazas non teñen que ser temporais desde o 01.01.2016.

No ámbito da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que condicións deben cumprir as prazas que se ofertarán ao concurso-oposición previsto no artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro?

1. Que a praza estivese ocupada na data do 30.09.2021 por persoal interino a xornada completa.
2. Que a praza estivese ocupada ininterrompidamente por persoal interino con anterioridade ao 01.01.2018, aínda que non ten que ser a mesma persoa interina.
3. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional sexta.
4. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional oitava.
5. Que a praza sexa estrutural.
6. A praza ten que ser estrutural todos os anos.

Que prazas non se consideran estruturais?

- a) As ofertadas para provisión temporal con xornada reducida.
- b) As que non teñen unha duración, como mínimo, desde o 1 de outubro ata o 31 de agosto do ano inmediatamente seguinte.
- c) As que sexan propiedade dunha persoa titular que non as desempeña temporalmente.
- d) As derivadas das reducións de xornada lectiva do persoal que desempeña cargos directivos nos centros tipo A.
- e) As prazas desempeñadas en especialidades non vixentes.
- f) As prazas desempeñadas por persoal seleccionado como persoal especialista.
- g) As prazas do corpo de profesores de Música e Artes Escénicas afectadas pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 469/2019, do 23 de outubro, de acceso ao corpo de catedráticos de Música e Artes Escénicas.

No concurso de méritos e no concurso-oposición de estabilización de emprego temporal, ofértanse prazas en centros concretos e determinados?

Non. Os criterios comentados nas epígrafes anteriores utilízanse para calcular o número de prazas que se van convocar por corpo e especialidade, pero non para ofertar prazas concretas.

A obtención dun destino concreto acadarase a través da participación no concurso de traslados.

Convocaranse prazas de estabilización de emprego temporal no extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional?

Non. As prazas que corresponda convocar polo persoal interino do corpo de profesores técnicos de formación profesional efectuarase, segundo corresponda, no corpo de profesores de ensino secundario ou no corpo de profesores especialistas de sectores singulares da formación profesional.

No concurso de méritos que se vai desenvolver nos procesos de estabilización de emprego temporal, ofertáranse prazas de promoción interna?

Non. De conformidade co establecido no número 1 do artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no concurso de méritos previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non se ofertarán prazas de promoción interna.

Nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, ofertáranse prazas de reserva para persoas con discapacidade?

Si. O artigo 7 do Decreto 80/2022, do 25 de maio, establece que do total de prazas ofertadas neste decreto para ingreso nos corpos docentes se reservará unha cota do 7 % do conxunto delas para ser cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Elaborarase unha lista para realizar interinidades ou substitucións co persoal que participe no concurso de méritos?

Non.

E co persoal que participe no concurso-oposición de estabilización de emprego temporal?

Tampouco.

De conformidade co Real decreto 270/2022, do 12 de abril, o baremo do concurso de méritos estruturarase en tres bloques. Cada bloque terá un máximo de puntuación?

Si. Coa seguinte distribución:

- Experiencia docente previa: máximo sete puntos.
- Formación académica: máximo tres puntos.
- Outros méritos: máximo cinco puntos.

As administracións educativas poderán incluír no baremo do concurso de méritos cuestións non incorporadas no Real decreto 270/2022?

Non. A disposición transitoria quinta do Real decreto 276/2007, incorporada polo Real decreto 270/2022, non deixa marxe para que as administracións educativas incorporen cuestións non recollidas no propio real decreto. O punto 2 desta disposición transitoria quinta establece: que "...o concurso excepcional de estabilización so constará da valoración dos méritos a que se refire esta disposición transitoria".

No Real decreto 270/2002 establécese que para o baremo da experiencia docente previa se terá en conta un máximo de dez anos. Supón isto que só se computarán os servizos prestados nos dez últimos anos contados desde a convocatoria do concurso?

Non. Poderán computarse os servizos prestados por cada persoa durante toda a súa carreira profesional, pero non poderán valorarse máis de dez anos de servizos.

Valoraranse unicamente os servizos prestados como persoal interino?

Non. Valoraranse tamén os servizos prestados como persoal funcionario de carreira noutros corpos distintos aos que se opta.

Valoraranse os servizos prestados como persoal substituto?

Sí. Estes servizos son prestados coa condición xurídica de persoal interino.

Neste concurso de méritos, baremanse igual todos os servizos prestados no corpo ao que se opta?

Non. Teñen un maior valor os servizos prestados no corpo e na especialidade a que se opta, que se valorarán con 0,700 puntos por cada ano de servizos, mentres que os servizos prestados no corpo, pero nunha especialidade distinta á que se opta valorarán con 0,350 puntos por cada ano de servizos.

Nos dous casos, sempre que os servizos se prestasen en centros públicos creados e sostidos polas administracións educativas.

Se se opta ao corpo de profesores de ensino secundario, en que apartado se baremarían os servizos prestados como persoal funcionario de carreira do corpo de mestres?

Na epígrafe 1.3 cun valor de 0,125 puntos por ano. Trataríase de experiencia docente noutras especialidades doutros corpos diferentes ao que se opta.

Unha persoa pode ter puntuación no concurso de méritos no apartado 1.1, por servizos prestados no corpo e na especialidade á que se opta, e no apartado 1.2, por servizos prestados no corpo e noutra especialidade á que se opta?

Si. Sempre sen superar o máximo de dez anos de experiencia docente previa que poden terse en consideración.

Que se baremará no bloque doutros méritos?

A superación da fase de oposición na mesma especialidade do corpo ao que se opta e a formación permanente.

Unha persoa que superase a primeira proba da fase de oposición terá puntuación no apartado doutros méritos?

Non. É necesario superar a fase de oposición, é dicir, as dúas probas do proceso selectivo.

Se superei a fase de oposición nunha especialidade do corpo ao que opto, pero nunha especialidade distinta daquela á que pretendo acceder, terei puntuación no apartado doutros méritos?

Non. De conformidade co Real decreto 276/2007, valorarase con 2,5 puntos a superación da fase de oposición na mesma especialidade do corpo á que se opta.

Que puntuación se outorga por superar a fase de oposición no mesmo corpo e especialidade á que se opta?

2,5 puntos pola superación do procedemento selectivo, ata un máximo de dous procedementos, nas convocatorias celebradas desde o 2012, incluído.

Unha persoa que queira participar no concurso de méritos na Comunidade Autónoma de Galicia e noutras comunidades autónomas terá que realizar dúas solicitudes?

Si. Cando menos terá que realizar dúas solicitudes. A propia da Comunidade Autónoma de Galicia e, como mínimo, outra en función do que establezan as convocatorias das restantes comunidades autónomas.

O concurso de méritos de estabilización de emprego temporal terá unha fase de prácticas?

Non.

No concurso de méritos de estabilización de emprego temporal, valorarase a nota media do expediente dunha titulación declarada equivalente para os efectos de docencia?

Si, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo contida na Sentenza núm. 856/2018, do 24 de maio. Só se computará cando a persoa aspirante alegue a devandita titulación para o ingreso ao corpo e non posúa a titulación esixida con carácter xeral.

No concurso de méritos de estabilización de emprego temporal, valórase no apartado 2.4b) o nivel avanzado B2 das escolas oficiais de idiomas?

Non. Valorarase o nivel avanzado C1 e C2 de acordo co Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro.

Valoraranse no apartado 2.4b) outras certificacións de nivel de competencia lingüística C1 e C2 distintas das das escolas oficiais de idiomas, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL)?

Si, en aplicación da xurisprudencia do Tribunal Supremo recollida na Sentenza núm. 757/2021, do 31 de maio.

No concurso de méritos de estabilización de emprego temporal, poderá participarse por máis dunha especialidade?

Si, pero haberá que facer unha solicitude por cada especialidade na que se participe.

Se participo por máis dunha especialidade, terei que actualizar o expediente persoal e achegar a documentación xustificativa dos méritos alegados en cada especialidade?

Non. A solicitude de actualización do expediente persoal e a documentación xustificativa dos méritos alegados realizarase unha soa vez.

Podo presentarme ao concurso de méritos de estabilización de emprego temporal por máis dun corpo?

Si. Neste suposto presentarase unha solicitude por cada corpo e por cada especialidade pola que se participa.

No concurso de méritos valoraranse os servizos prestados na Universidade?

Non.

No concurso de méritos valoraranse os servizos prestados en centros públicos dependentes da Administración educativa que imparte docencia nun nivel ou etapa educativa distinto do que imparte o corpo ao que se opta?

Si, na subepígrafe 1.3.

No concurso de méritos valorarase a experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo ao que se opta en centros privados ou centros públicos non dependentes dunha Administración educativa?

Non.

A valoración da experiencia docente verase reducida cando os servizos se prestasen nunha xornada de traballo inferior á completa?

Non.

Valoraranse os servizos prestados como persoal laboral docente de Relixión?

Si, como servizos prestados noutra especialidade.

Na subepígrafe 2.2.1 do baremo valorase o estar en posesión do título oficial de máster. Cantos másteres se poden puntuar?

Un.

Valorase o máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas?

Unicamente naqueles corpos e especialidades nas que non é esixible.

Valorase o título superior das Ensinanzas Artísticas equivalentes a grao?

Si, sempre que non fose presentado como requisito de ingreso ao corpo.

Valorase neste concurso de méritos o estar en posesión do Celga 4?

Non.

A obtención dunha nova mención correspondente a un mesmo título valorase como un novo título de grao?

Non.

Para que se valore un título de técnico superior de formación profesional ou de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior é necesario acreditar que non foron utilizados para a obtención do título alegado para ingreso no corpo?

Si. Mediante a presentación do título de bacharelato ou outros títulos.

Se posúo un certificado de nivel avanzado C1 e outro de nivel avanzado C2 dun mesmo idioma, valoraránseme dous certificados?

Si, agás no caso da lingua galega en que se valorará só o nivel C2, xa que o nivel C1 é o nivel esixido para o ingreso no corpo.

Na subepígrafe 3.2 do baremo, de formación permanente, valóranse os cursos inferiores a 20 horas?

Non.

Os cursos inferiores a 3 créditos e non inferiores a 2 créditos poderán valorarse no concurso de méritos?

Si, a subepígrafe 2.5 do anexo IV do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, establece que “para os efectos desta subepígrafe se poderán acumular os cursos non inferiores a 2 créditos que cumpran os requisitos que se especifican nesta subepígrafe”.

Valoraranse os cursos organizados polos conservatorios de música?

Si, pero exclusivamente para a especialidade de Música do corpo de profesores de ensino secundario e en todas as especialidades dos corpos de catedráticos e profesores de Música e Artes Escénicas.

A formación permanente, para ser valorada, ten que estar relacionada coa especialidade á que se opta?

Si. Na subepígrafe 2.5 do anexo IV do Real decreto 276/2007 establécese que serán valorados os cursos de formación permanente e perfeccionamento superados, relacionados coa especialidade á que se opta ou coa organización escolar, as novas tecnoloxías aplicadas á educación, a didáctica, a psicopedagogía ou a socioloxía da educación, convocados por administracións públicas con plenas competencias educativas, ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas, ou actividades recoñecidas pola Administración educativa correspondente.

A fase de oposición do concurso-oposición de estabilización de emprego temporal de cantas probas constará?

Unha única proba estruturada en dúas partes.

No concurso-oposición de estabilización de emprego temporal, a fase de oposición terá carácter eliminatorio?

Si. A disposición transitoria cuarta do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, engadida polo Real decreto 270/2022, establece que “a nota final e global da proba se expresará en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso”.

E son eliminatorias cada unha das partes da proba?

Non. A mesma disposición transitoria cuarta establece que “a fase de oposición constará dunha única proba estruturada en dúas partes, que non terán carácter eliminatorio”.

No concurso-oposición de estabilización de emprego temporal, haberá que presentar e defender unha programación didáctica?

Non.

En que consistirá a parte A da proba?

No desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante, de entre un número de temas, extraído polo tribunal ao chou.

En que consistirá a parte B da proba?

Na preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica. Nalgunhas especialidades constará tamén dun exercicio de carácter práctico.

En que especialidades haberá un exercicio de carácter práctico?

Poderase incorporar un exercicio práctico naquelas especialidades que inclúan contidos de carácter aplicado, habilidades instrumentais ou técnicas.

Nas especialidades de formación profesional deberá realizarse un exercicio de carácter práctico.

HABILITACIÓN PARA O EXERCICIO DA DOCENCIA EN CENTROS PRIVADOS NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL. PROCEDEMENTO CÓDIGO ED302B

O meu domicilio é fóra de Galicia, podó habilitarme?

Si sempre que posúa unha oferta de emprego dun centro privado da Comunidade Autónoma de Galicia.

Posúo a titulación de grao en Educación Primaria coa mención de Lingua Estranxeira: Inglés, preciso habilitarme?

Non, o anexo III da Orde de 22 de xullo de 2020 relaciona a titulación de grao en Educación Primaria coa mención de Lingua Estranxeira: Inglés como unha das titulacións que non precisan de habilitación para a impartición da Lingua Estranxeira: Inglés no nivel educativo de primaria en centros privados.

Posúo un certificado de correspondencia do meu título de diplomatura universitaria, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica a un MECES 2. Podó habilitarme para impartir en educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros privados?

Non, a finalidade destes certificados MECES é facilitar a mobilidade no estranxeiro dos egresados das universidades españolas con títulos anteriores ao plan Bolonia, pero os certificados de correspondencia non outorgan ningún título diferente ao que se posúe nin supoñen ningún cambio nas competencias profesionais para as que habilita o título posuído, de modo que non se poderán habilitar para a impartición en educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato, agás naqueles casos expresamente previstos polo Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, para estas titulacións.

Aínda non finalicei o Máster do Profesorado, podó habilitarme?

Non, soamente se lles outorgará a habilitación a aquelas persoas que acrediten todos os requisitos esixidos polo Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, e, polo tanto, deberá acreditarse que se posúe o título de máster regulado pola Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, polo que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas ou poidan acreditar algunha das ensINANZAS, titulacións ou experiencia docente de conformidade co establecido no artigo 5.2 da Orde de 22 de xullo de 2020.

Se estiven impartindo Relixión en educación secundaria obrigatoria nun centro público ou privado de ensinanza regrada, debidamente autorizado, durante 12 meses con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, podo acreditar a formación pedagóxica e didáctica?

Si, a Comisión Autonómica de Habilitacións de Galicia acordou na sesión do 28 de xullo de 2016 que as persoas que impartisen Relixión en educación secundaria obrigatoria nun centro público ou privado de ensinanza regrada, debidamente autorizado, durante 12 meses con anterioridade ao 1 de outubro de 2009 acreditarían a formación pedagóxica e didáctica.

Podo acreditar a formación pedagóxica e didáctica coa impartición na universidade antes do 1 de outubro de 2009?

Non, soamente se poderá acreditar a formación pedagóxica e didáctica coa impartición de materias nos niveis e ensinanzas cuxas especialidades docentes se regulan no Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

Son graduado en Ciencias Empresariais e posúo 24 créditos de materias relacionadas coas matemáticas. Podo habilitarme nesta materia por titulación e formación de educación superior adecuada?

Non. Ademais de posuír a formación de educación superior adecuada (24 créditos universitarios oficiais de materias relacionadas), é imprescindible posuír unha titulación da rama de coñecemento esixida polo anexo do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo. Neste caso, para a impartición da materia de Matemáticas, o anexo do real decreto non permite que unha persoa coa titulación de grao da rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas imparta a devandita materia, de modo que por titulación, en ningún caso, poderá obter a habilitación, xa que a normativa esixe que se cumpran os dous requisitos para obter a habilitación, tanto a titulación de grao dunha rama de coñecemento concreta como a formación adecuada, así que, se non se posúe algún destes, como é o caso, non se poderá outorgar a habilitación.

Son graduado en Ciencias Empresarias e superei a primeira proba da fase de oposición da especialidade de Matemáticas do corpo de profesores de ensino secundario no último procedemento selectivo convocado pola consellería competente en materia de educación. Podo habilitarme en Matemáticas?

Si. O artigo 3.1b) do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, establece que a cualificación específica requirida para impartir as materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato poderá acreditarse mediante a certificación de superar a proba á que fai referencia o artigo 21.1 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e régúlase o réxime transitorio de ingreso ao que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, da especialidade á que está asignada a materia correspondente nos anexos III, IV e V do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio

da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e os ensinos de réxime especial se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

Polo tanto, no caso de que se supere só a primeira proba da fase de oposición da especialidade de Matemáticas, poderá obter a habilitación desta materia aínda que non posúa a titulación da rama de coñecemento requirida polo anexo do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, xa que mediante este procedemento de acreditación de cualificación específica soamente se esixe a superación da primeira proba da fase de oposición da especialidade sen que sexa esixible unha titulación determinada. En consecuencia, para obter a habilitación unicamente será preciso achegar a certificación de que superou a primeira proba da fase de oposición, a formación pedagóxica e didáctica e o coñecemento da lingua galega.

Son Graduado en Educación Infantil e superei a fase de oposición da especialidade de Primaria. Podo habilitarme para a impartición de Primaria?

Sí. O Real decreto 476/2013, do 21 de xuño, dispón que a superación da fase de oposición da especialidade correspondente, á que fan referencia os artigos 18 e seguintes do Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, permitirá a habilitación daquelas persoas que así o acrediten.

De conformidade con este real decreto, un graduado en Educación Infantil que supere a fase de oposición da especialidade de Primaria (isto é, a primeira proba e a segunda proba, a diferenza do que ocorría no caso anterior no que era suficiente con acreditar a superación da primeira proba) poderá obter a habilitación para impartir en primaria.

Teño o título de grao en Educación Infantil coa mención de Música. Podo obter a habilitación de Música en Primaria por titulación?

Non. O artigo 5.1 do Real decreto 476/2013, do 21 de xuño, establece que as ensinanzas de Música na educación primaria serán impartidas por mestres que estean en posesión do título de grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria e que inclúa unha mención en Música ou, no caso de carecer dela, que posúa algún dos requisitos que se establecen no artigo 5.2a).

Polo tanto, para obter a habilitación por titulación en calquera das ensinanzas ou postos de educación primaria (Música, Educación Física, Lingua Estranxeira, así como en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) será preciso posuír un título de grao en Mestre de Educación Primaria.

Preciso obter algunha habilitación para impartir en bilingüismo?

Non. Soamente deberá posuír algunha das titulacións ou ensinanzas que se relacionan segundo o idioma na Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competen-

cia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

Debe posuír 24 créditos universitarios oficiais para habilitarse ademais dunha titulación de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou grao dunha rama de coñecemento concreta.

O ano pasado rematei un curso de verán de 2 créditos na universidade relacionado coa Bioloxía. Podería computar para habilitarme nesta materia?

Non. Os créditos teñen que acreditarse nunha titulación universitaria oficial de modo que só se consideran aqueles que se cursan e superan nun título de licenciatura, enxeñaría, arquitectura, diplomatura, enxeñería técnica, arquitectura técnica ou grao así como nun título universitario oficial de máster ou nun doutoramento.

É necesario que posúa unha oferta de traballo se quero habilitarme en formación profesional?

Si, así o esixe o artigo 6.2 da Orde de 22 de xullo de 2020. Así mesmo, só se poderá habilitar nos módulos profesionais dos ciclos formativos que se impartan no centro.

Se acredito 24 créditos universitarios oficiais de materias relacionadas co módulo profesional que solicito, poden habilitarme para a impartición do módulo?

Non, para a formación profesional é preciso ter unha das titulacións que se relacionan no real decreto polo que se aproba o título para a impartición do módulo solicitado. No caso de que a titulación sexa xenérica, as ensinanzas conducentes á titulación alegada deben englobar todos os resultados de aprendizaxe do módulo profesional.

Quero impartir o módulo profesional de Lingua Estranxeira nun ciclo formativo e a aplicación web non me permite solicitalo. Como me habilito?

Neste caso poderán impartir os módulos profesionais de Lingua Estranxeira todas aquelas persoas que estean habilitadas para impartir a Lingua Estranxeira correspondente na educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Son graduado en Lingua e Literatura Inglesa e posúo a habilitación para impartir en secundaria e bacharelato no meu centro. Agora precisan que imparta tamén a ensinanza en primaria. Podo habilitarme?

Si, aínda que en primaria só poden impartir as persoas coa titulación de grao en Educación Primaria, a normativa permite que, de modo excepcional, o profesorado que estea impartindo docencia das linguas estranxeiras en educación secundaria obrigatoria ou bacharelato poida impartir as ensinanzas das linguas estranxeiras respectivas na etapa de educación primaria, sempre que se trate do mesmo centro ou centros da mesma persoa titular. A impartición en educación secundaria das linguas estranxeiras acreditarase coa certificación da dirección do centro, co visto praxe da inspección educativa.

Teño que acreditar o coñecemento da lingua galega para impartir calquera ensinanza en centros docentes privados?

Si.

No caso de que as persoas estivesen contratadas por centros privados de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e sexan trasladadas a centros privados da mesma titularidade nesta comunidade, disporán de tres anos desde a súa incorporación para acreditar a formación necesaria en lingua galega. Deste modo, obterán unha habilitación condicionada que expirará no prazo de tres anos desde o seu outorgamento no caso de non acreditar o coñecemento da lingua galega de conformidade co establecido pola Orde de 22 de xullo de 2020.

É obrigatorio presentar a solicitude electronicamente?

Si. O artigo 12 da Orde do 22 de xullo de 2020 establece que se presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos mediante o procedemento normalizado código ED302B.

Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

Os prazos de presentación de solicitudes da habilitación de cada ano natural serán os seguintes:

- a) Do 10 de xaneiro ao 31 de xaneiro, ambos os dous incluídos.
- b) Do 15 de marzo ao 31 de marzo, ambos os dous incluídos.
- c) Do 1 ao 30 de xuño, ambos os dous incluídos.
- d) Do 1 de setembro ao 15 de setembro, ambos os dous incluídos.

Cando o último día do prazo sexa inhábil, o prazo entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Teño unha oferta dun centro privado para traballar e non teño habilitación e tampouco está aberto o prazo de presentación de solicitudes. Como debo proceder?

Neste caso deberá poñerse en contacto coa xefatura territorial correspondente en función da provincia na que se atopa o centro no que vai a impartir para que se verifique se cumpre cos requisitos que se esixen para a impartición das ensinanzas. No suposto de cumprir con todos os requisitos esixidos, poderá comezar a traballar no centro educativo condicionado a que solicite a habilitación no vindeiro prazo.

Existe algunha páxina web onde obter información sobre o proceso de habilitación?

Si, na páxina web www.edu.xunta.gal/habilitacions

Nesta mesma páxina ten ao seu dispor os teléfonos de contacto coas distintas unidades administrativas das xefaturas territoriais nas que se tramitan as solicitudes de habilitación.

É preciso o pagamento dalgunha taxa para obter a habilitación?

Non, unicamente se deberá pagar unha taxa se se solicita unha certificación de todas as materias nas que está habilitado/a obtidas nas diferentes convocatorias nas que se formulou unha solicitude.

As instrucións para obter o certificado pode consultalas na páxina web www.edu.xunta.gal/habilitacions

Posúo habilitacións de materias LOMCE. Teño que solicitar novamente as habilitacións de LOMLOE?

Non. As persoas que posuían unha resolución de habilitación de materias que manteñen no novo sistema LOMLOE a mesma denominación do anterior sistema educativo LOMCE non teñen que solicitar de novo a habilitación, xa que a habilitación permanece no novo sistema educativo.

Ademais, estas persoas foron habilitadas de oficio nas novas materias LOMLOE segundo a correspondencia que se relaciona no anexo da Orde do 27 de maio de 2022 (DOG núm. 106 do 3 de xuño de 2022) e na corrección de erros efectuada (DOG núm. 111 do 10 de xuño de 2022).



INTEGRACIÓN TOTAL OU PARCIAL OU CAMBIO DE ENSINANZAS DESDE UN CENTRO A OUTRO

No caso de integración total ou parcial ou cambio de ensinanzas dun centro a outro, o persoal docente con destino definitivo poderá optar entre trasladarse ao centro que vai o alumnado ou quedar na situación de suprimido?

Non. De existir vacante ou no caso no que esa integración ou cambio orixine vacante no centro receptor das ensinanzas, quedarán adscritos definitivamente no novo centro.

E se non hai nin se orixina vacante no centro receptor das ensinanzas?

Neste caso o persoal docente con destino definitivo poderá optar por quedar como persoal suprimido ou con destino definitivo no centro receptor das ensinanzas. Neste último suposto, este persoal, de ser o caso, será desprazado por falta de horario e deberá participar obrigatoriamente nos concursos de traslados ata a obtención dun novo destino definitivo.

O persoal docente que por mor da integración total ou parcial ou cambio de ensinanzas dun centro a outro obteña destino no centro receptor das ensinanzas que antigüidade terá no novo centro de destino?

Manterá, para todos os efectos, a antigüidade que posuía no centro de orixe.

INTERCAMBIOS PROVISIONAIS DE PRAZAS

**DO PERSOAL DOCENTE QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, EN CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN.
PROCEDEMENTO CÓDIGO ED002A**

É obrigatoria a presentación electrónica da solicitude?

Si. O artigo 3 da Orde do 17 de xuño de 2017 dispón que as solicitudes se presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo oficial de solicitude segundo o anexo I que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

Teño que presentar algunha documentación?

Non, só é necesario a presentación da solicitude por medios electrónicos no procedemento código ED002A.

As persoas que solicitamos o intercambio provisional temos que cubrir unha soa solicitude?

Non, debe haber tantas solicitudes como persoas interesadas existan en intercambiar a praza. Na solicitude temos que facer constar os datos da persoa coa que queremos solicitar o intercambio de praza.

Para solicitar un intercambio provisional de prazas, teñen que ser ineludiblemente dous docentes ou poden ser máis?

Poden ser máis. O artigo 2 da Orde do 17 xuño de 2017 establece que poderán solicitar o intercambio provisional de prazas dúas ou máis persoas funcionarias de carreira, en prácticas ou interinas, en servizo activo.

Poderíase solicitar un intercambio provisional de prazas co destino que teña unha persoa que está nun CFR?

Non. O artigo 2.1c) da Orde do 17 de xuño de 2017 determina que é preceptivo que as persoas terán que desempeñar a súa función docente no centro educativo durante o curso académico para o que se solicita o intercambio provisional.

Cal é o prazo de solicitude?

O prazo de presentación de solicitudes para o persoal obrigado a participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais é o seguinte:

- a) Dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da resolución de adxudicación definitiva de destinos provisionais na páxina web da consellería.
- b) Catro (4) días hábiles desde o día 1 de setembro. A resolución de autorización de intercambio provisional de praza terá efectos administrativos da data en que se dite e efectos económicos do día 1 de outubro. Neste segundo prazo soamente poderán formular a solicitude de intercambio provisional de praza as persoas que non participasen no prazo establecido no parágrafo anterior.

O prazo para as persoas que non estean obrigadas a participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais do curso académico correspondente é o seguinte: desde o día 15 de xullo ata o 31 de xullo.

Pode concederse o intercambio provisional de prazas entre persoas de distinta especialidade?

Non. O artigo 2.1b) da Orde do 17 de xuño de 2017 dispón que será necesario que a praza corresponda á mesma especialidade.

Existen límites temporais para os intercambios provisionais?

Con carácter xeral resolveranse favorablemente aquelas solicitudes que cumpren cos requisitos establecidos e que non excedan de tres anos, e non causen graves prexuízos a terceiras persoas interesadas.

Pola súa vez, as solicitudes de persoas que xa gozaron de tres anos de intercambio provisional das prazas de destino e aquelas que impliquen a máis de dúas persoas resolveraas a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos, logo do informe da comisión de valoración.

Pódese conceder o intercambio provisional entre persoal funcionario con destino definitivo e outro con destino provisional?

Sí, así o establece o artigo 7.1c) da Orde do 17 de xuño de 2017.

Pódese conceder o intercambio provisional entre unha persoa do corpo de catedráticos da escola oficial de idiomas e unha persoa do corpo de profesores de escolas oficias de idiomas?

Sí, o artigo 2.3 da Orde do 17 de xuño de 2017 determina que se considera o mesmo corpo:

- a) O corpo de catedráticos/as de ensino secundario e o corpo de profesores/as de ensino secundario.
- b) O corpo de catedráticos/as de escolas oficiais de idiomas e o corpo de profesores/as de escolas oficiais de idiomas.
- c) O corpo de catedráticos/as de Artes Plásticas e Deseño e os profesores/as de Artes Plásticas e Deseño.

Teño concedida unha comisión de servizos por motivos de saúde. Podo solicitar un intercambio provisional?

Non, o artigo 2.2 da Orde do 17 de xuño de 2017 establece que non poderá concederse un intercambio provisional de postos de traballo ao persoal funcionario docente que desempeñe o posto de traballo en réxime de comisión de servizos.

LICENZAS E PERMISOS

ORDE DO 29 DE XANEIRO DE 2016 POLA QUE SE REGULA O RÉXIME DE PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE QUE IMPARTE AS ENSEINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN

A orde do 29 de xaneiro de 2016, que regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na LOE, é de aplicación ao profesorado de Relixión?

Si.

Hai un permiso retribuído para o persoal funcionario e docente e laboral en estado de xestación?

Si, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo e ata a data do parto.

No suposto de xestación múltiple, este permiso poderase iniciar o primeiro día da semana 35 de embarazo e ata a data do parto.

No caso do permiso da nai biolóxica por nacemento, para que a nai poida gozar do permiso de xeito interrompido, é necesario que traballen os dous cónxuxes?

Si. Artigo 121.3 da Lei 1/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Cal é a duración do permiso da nai biolóxica por nacemento na Comunidade Autónoma de Galicia?

Vinte e dúas semanas.

En canto se ampliará este permiso de vinte e dúas semanas no caso de discapacidade do fillo ou filla?

Unha semana. Tamén se ampliará nunha semana o permiso do outro proxenitor diferente da nai biolóxica.

En canto se ampliará este permiso de vinte e dúas semanas por partos múltiples?

Unha semana máis por cada fillo/a a partir do segundo. Tamén se ampliará unha semana máis por cada fillo/a o permiso do outro proxenitor diferente da nai biolóxica.

Este permiso da nai biolóxica por nacemento, amplíase no caso de partos prematuros e naqueles nos que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto?

Si. Tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.

A nai biolóxica poderá cederlle unha parte deste permiso ao outro proxenitor?

Non.

No caso de falecemento da nai, poderá gozar do permiso da nai biolóxica por nacemento o outro proxenitor?

Si. Descontarase, se é o caso, o período de duración do permiso consumido pola nai falecida.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, redúcese a duración deste permiso da nai biolóxica por nacemento?

Non, agás que unha vez rematadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao servizo activo.

Que se requirirá para o gozo deste permiso de forma interrompida?

Ademais de que traballen os dous cónxuxes, un aviso previo de polo menos 15 días e realizárase por semanas completas.

Deste permiso da nai biolóxica por nacemento pode facerse uso a xornada parcial?

Si. Pode gozarse a tempo completo ou a tempo parcial, en réxime de media ou un terzo da xornada.

Cando o permiso se goza a tempo parcial, a súa duración ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice.

Gozar deste permiso a tempo parcial pode solicitarse con posterioridade ao inicio deste?

Si. Pode solicitarse tanto ao inicio como nun momento posterior e poderase estender a todo o período da súa duración ou a unha parte.

Durante o período de gozo da nai biolóxica deste permiso por nacemento poderase participar en cursos de formación que convoque a Administración?

Si, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio. Artigo 121.7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Cal é a duración do permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, na Comunidade Autónoma de Galicia?

Vinte e dúas semanas. Artigo 122.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

É obrigatorio gozar a tempo completo algún período deste permiso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento?

Si. Seis semanas deberán gozarse a xornada completa de forma obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento.

Teñen dereito os dous proxenitores a este permiso de adopción?

Si.

Se non traballan os dous proxenitores, como debe gozarse este permiso?

De forma ininterrompida.

Se fose necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado, a que se terá dereito?

A un permiso de ata tres meses de duración, fraccionables por elección da persoa titular do dereito, percibindo durante ese período exclusivamente as retribucións básicas. Artigo 123.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Nos casos de adopción ou acollemento internacional, pode adiantarse o goce do permiso?

Si. Pode iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

En que supostos o persoal empregado público que estea gozando do permiso da nai biolóxica por nacemento ou por adopción, ou por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, pode facer uso do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla?

- Cando a persoa titular do dereito falecese con anterioridade a utilización íntegra do permiso.
- Se a filiación do outro proxenitor non estivese determinada.
- Cando na resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado con anterioridade á utilización do permiso, se lle recoñece á persoa que estea gozando del a garda do fillo ou filla.

- Cando se trate de familia monoparental.

Este suposto non está recollido na Lei 2/2015, do 29 de abril, pero parece razoable que se aplique neste caso tamén, toda vez que é unha única persoa a que se fará cargo do fillo ou filla.

A persoa titular do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, poderá cederlle unha parte deste á nai biolóxica?

Non.

O persoal funcionario interino ou substituto que non estivese prestando servizos e reunise os requisitos para estar gozando dos permisos por nacemento da nai biolóxica, por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, por lactación dun fillo menor de doce meses ou dunha licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lle correspondan?

Si. Tomará posesión coa finalidade de que os servizos que lle correspondería prestar lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos e os económicos cando non tivese dereito ás prestacións correspondentes.

No suposto de que no momento da finalización do permiso estivese vixente o nomeamento de interinidade ou substitución, terá dereito a optar pola incorporación á praza. En caso contrario, cesará nela tamén para os efectos administrativos.

Poderá tamén tomar posesión coa pretensión de solicitar a excedencia por coidado de familiar regulada no artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Que persoal funcionario terá dereito ao permiso de lactación dun fillo ou filla menor de doce meses?

A nai biolóxica e o outro proxenitor diferente da nai biolóxica.

Nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, terase dereito a este permiso de lactación?

Si. Neste caso o permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non cumprira os doce meses.

Pode transferirse o exercicio deste permiso de lactación ao outro proxenitor?

Non.

En que consiste o permiso de lactación?

Ten dúas modalidades:

- Unha (1) hora de ausencia do posto de traballo que pode dividirse en dúas fraccións.
- Ou ben, substituílo por unha redución de xornada: de media hora ao inicio e ao final da xornada, ou unha hora ao inicio ou ao final da xornada.

Poderá acumularse total ou parcialmente en xornadas completas, ata un máximo de catro semanas.

De conformidade co establecido no artigo 7.4 da Orde do 29 de xaneiro de 2016, cando se goce do permiso de lactación por xornadas completas, tenderase a que estas xornadas sexan, como mínimo, de dúas semanas continuadas.

Cando non se produza a acumulación en xornadas completas, no casos de conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, como se terá que gozar o permiso de lactación?

No horario complementario fixo ou de obrigada permanencia no centro.

O gozo deste permiso de lactación terá que realizarse inmediatamente despois das vinte e dúas semanas do permiso por nacemento da nai biolóxica ou do doutro proxenitor distinto da nai biolóxica?

Non, sempre que se goce con anterioridade a que o fillo ou filla cumpra os doce meses.

De conformidade coa Orde do 29 de xaneiro de 2016, en todo o relativo a permisos e licenzas, equipárase a unión de feito ao matrimonio e o convivente ao cónxuxe?

Sí, se se produciu a inscrición nun rexistro oficial de parellas de feito.

No caso do permiso retribuído por falecemento, os días de gozo deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao feito que xera o dereito a el?

Sí, tendo en conta que os días son hábiles.

Por outra parte, a Sentenza do Tribunal Supremo 257/2020 establece que os permisos deben iniciarse en día laborable.

Nos supostos dos permisos retribuídos por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, computarase sempre o día do feito causante?

Non. Computarase unicamente cando a persoa non preste servizos ese día e lle correspondese prestalos.

Para a determinación dos días de duración dos permisos relacionados no apartado anterior, terase en conta a localidade na que estea situado o centro no que se presta servizos?

Non. Terase en conta a localidade de residencia que o funcionario ou funcionaria comunicase previamente ao centro educativo ou, no seu defecto, á Administración educativa.

Cal é a duración do permiso para concorrer a exames finais?

O permiso abranguerá todo o día en que se realicen as probas. Cando a persoa interesada tivese que desprazarse, o permiso ampliarase, se fose necesario, polo tempo mínimo indispensable para as viaxes de ida e volta.

As persoas que gozasen dun permiso de matrimonio, se contraen un novo matrimonio, poderán volver gozar deste permiso?

Si.

E os conviventes que gocen deste permiso e que con posterioridade contraian matrimonio coa mesma persoa terán dereito a volver gozar deste permiso?

Non.

Poderemos gozar dun permiso retribuído por accidente ou enfermidades moi graves de que familiares?

- Cónxuxe
- Parella de feito
- Familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade

Existe algunha excepción para que este permiso por accidente ou enfermidade moi grave poida ser gozado por un familiar en segundo grao?

Si, cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.

Se houbese máis dun titular desde dereito polo mesmo feito causante o tempo de gozo deste permiso, poderase ratear entre eles?

Si, respectando, en todo caso, o prazo máximo de trinta días naturais.

O persoal funcionario docente ten dereito a ausentarse do seu posto de traballo para a asistencia a consultas e revisións médicas?

Si, polo tempo indispensable, e sempre que as revisións médicas deban realizarse durante a xornada laboral e estean incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público, incluído o réxime especial de funcionarios públicos.

O persoal funcionario docente ten dereito a ausentarse do seu posto de traballo por causa de enfermidade ou accidente que non dea lugar a unha situación de incapacidade temporal?

Si. Achegarase a xustificación documental que se relaciona no anexo VI da Orde do 24 de febreiro de 2016.

Enténdese, para estes efectos, que non dan lugar á incapacidade temporal as ausencias do posto de traballo que por enfermidade ou accidente non superan os tres días.

O persoal funcionario docente ten dereito a un permiso para o acompañamento ás revisións ou consultas médicas, aos tratamentos de quimioterapia e radioterapia e ás intervencións médicas invasivas?

Si, enténdese como un deber inescusable de carácter público ou persoal, e para acompañar:

- As fillas e fillos con discapacidade
- As fillas e fillos menores de idade
- As persoas maiores ao seu cargo

E para acompañar as fillas e fillos maiores de idade, ou cónxuxe ou parella de feito?

Si, se se acredita que necesitan acompañamento.

O persoal funcionario docente ten dereito a permiso por asuntos particulares sen xustificación?

Si. Ata catro días como máximo por curso académico, atendendo sempre ás necesidades do servizo, dos cales dous poderán ser en días lectivos.

Hai un permiso para a asistencia a actividades de formación do profesorado organizadas polos servizos centrais da consellería?

Si. A admisión a estas actividades implica o permiso para asistir a elas.

No suposto de que o persoal funcionario docente colla unha baixa por incapacidade temporal no mes de agosto, considerarase que estivo de vacacións durante o mes de xullo?

Si, agás que xustifique que estivo prestando servizos.

Cando o persoal funcionario docente estea ou inicie o permiso por nacemento da nai biolóxica, do outro proxenitor distinto da nai biolóxica, por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento ou por lactación no transcurso do mes de agosto, considerarase que gozaron das vacacións durante o mes de xullo?

Non, polo que terán dereito aos días de vacacións que correspondan, segundo a data de inicio ou de finalización do permiso.

As dirección dos centros están obrigadas a aceptar as xustificacións non documentais no caso de ausencias imprevistas?

Non. Poden aceptar as xustificacións non documentais ata un máximo de vinte e catro períodos lectivos durante o curso académico, pero non están obrigadas.

MOBILIDADE NOS PROPIOS CENTROS DO PERSOAL DOCENTE FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CORPO DE MESTRES

Cando se produce unha vacante por xubilación, poderemos aplicar a Orde do 30 de marzo de 1992 pola que se regula a mobilidade do persoal funcionario pertencente ao corpo do mestres nos propios centros por incremento de postos de traballo no centro en calquera área ou especialidade?

Non. Para aplicar o proceso de mobilidade no propio centro, é preciso que se produza un incremento de postos, é dicir, un incremento do catálogo, sexa por modificación dos catálogos con carácter xeral ou por incremento do número de unidades no centro.

Existe algún suposto no que poidan participar neste procedemento o persoal funcionario do corpo de mestres que accedese ao centro por concurso do curso académico 1990/91 ou posteriores?

Si, poderá solicitar este profesorado cando posúa a correspondente habilitación, estea adscrito a postos de traballo que se vexan afectados por diminución, nun número máximo igual á redución de postos.

E o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que accedeu ao centro por concurso convocado con anterioridade ao convocado no curso 1990/91 poden participar sempre neste proceso de mobilidade?

Non sempre. Para que poida participar, é preciso que non obtivesen un novo posto de traballo no centro como consecuencia doutros procesos de adscrición ou de mobilidade no propio centro.

Para estes efectos non se terá en conta a adscrición do ano 1996.

ÓRGANOS COLEXIADOS

LEI 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DE RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO (BOE NÚM. 236, DO 2 DE OUTUBRO)

Pódese incorporar algún punto á orde do día dunha convocatoria se todas as persoas presentes están de acordo?

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría de conformidade co artigo 17.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O órgano colexiado pode constituírse a distancia?

Si, o artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, establece que todos os órganos colexiados se poderán constituír, convocar, levar a cabo as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, salvo que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario

Cales son os medios electrónicos válidos para realizar unha sesión a distancia?

A lei establece que, entre outros, se considerarán incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Os membros do consello ou do claustro que voten en contra ou se absteñan quedan exentos da posible responsabilidade derivada dos acordos?

Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivar dos acordos.

Como debe expedir a certificación dos acordos a persoa que ocupe a secretaría do órgano colexiado?

A certificación será expedida por medios electrónicos, salvo que a persoa interesada manifeste expresamente o contrario e non teña obriga de relacionarse coas administracións por esta vía. Con carácter xeral (salvo obriga expresa), as persoas físicas non están obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. Pola contra, están obrigadas:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obligatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas en

exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

- d) Quen represente a unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración.
- e) O persoal empregado das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de persoal empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.

Sería legal gravar as reunións oficiais do claustro e do consello para redactar as actas?

Poderán gravarse as sesións que realice o órgano Colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola persoa que exerza a secretaría da autenticidade e integridade deste e cantos documentos en soporte electrónico se utilicen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

Con que antelación hai que realizar as convocatorias do consello escolar e do claustro de profesorado?

Nas reunións ordinarias, cunha antelación mínima dunha semana.

Se os asuntos que se van tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas, e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia.

O profesorado substituto forma parte do claustro do profesorado?

Si. O claustro estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizos no centro

O profesorado en incapacidade temporal ou licenza por enfermidade pode asistir ás reunións do claustro do profesorado?

Nalgúns casos. Entre outras normas, o artigo 23 do Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas, establece que “non poderá asistir ás devanditas reunións o profesorado en situación de incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos en que así o determine a consellería competente en materia de educación, entre os cales se incluírá a elección de horario, cargos directivos, membros do consello escolar e análogos”.

É obrigatoria a asistencia ás reunións do claustro de profesores e do consello escolar?

Si. A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos Colexiados de goberno que corresponda é obrigatoria, polo que as ausencias terán o carácter de horas lectivas para os efectos de faltas de asistencia e permisos.

É obrigatoria a asistencia ás sesións dos órganos de coordinación docente?

Si, polo que as ausencias terán o carácter de horas lectivas para os efectos de faltas de asistencia e permisos.

Que número de persoas membros do consello escolar ou do claustro de profesorado deben solicitar unha reunión para que a petición sexa vinculante para a presidencia?

Un terzo, polo menos. Neste caso, a presidencia convocará no prazo máximo de 20 días e a sesión realizarase no prazo máximo dun mes desde a petición.

Quen fixa a orde do día do claustro de profesorado e do consello escolar?

A presidencia do órgano, é dicir, a dirección do centro, tendo en conta, se é o caso, as peticións das demais persoas membros realizadas coa debida antelación.

Que quórum é necesario en primeira convocatoria do claustro ou do consello escolar?

É necesaria a asistencia das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou, se é o caso, das que as substitúan, e a metade, polo menos, das persoas membros destes órganos colexiados.

Se non se produce quorum na primeira convocatoria, cal sería o quorum para constituírse validamente en segunda convocatoria?

En segunda convocatoria será suficiente a asistencia da terceira parte das persoas membros e, en todo caso, nun número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza da persoa que exerza a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Con que maioría deben adoptarse os acordos do claustro de profesores?

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. A consellería competente en materia de educación poderá establecer unha maioría cualificada en determinados supostos.

Con que maioría deben adoptarse os acordos do consello escolar?

Preferiblemente, por consenso. Para os casos en que non haxa consenso, por maioría de votos. A consellería competente en materia de educación poderá determinar a necesidade de aprobación por maioría cualificada daquelas decisións con especial incidencia na comunidade educativa.

A presidencia ten voto de calidade?

Si. No caso de igual número de votos positivos que negativos, dirime o voto da presidencia.

Nas eleccións ao consello escolar, son electores e elixibles os pais de alumnos maiores de idade?

Si. Os pais representan o sector pais no consello escolar. Polo tanto, non son representantes dos seus fillos.

Que repercusión ten na composición do consello escolar a variación do número de unidades do centro?

Non ten ningunha repercusión ata que proceda a renovación parcial do consello escolar.

As persoas membros natos do consello escolar poden ser, á súa vez, persoas membros electos?

Non.

O profesorado en comisión de servizos en que centro é elector e elixible?

No centro no que imparten docencia.

É posible realizar eleccións parciais ao consello escolar?

Non. As baixas no consello escolar que non poidan proveerse cubriranse no momento no que proceda a renovación parcial deste.

Pode rexeitarse a dimisión dunha persoa membro do consello escolar?

Non. A renuncia deberá formularse de forma expresa. A presidencia do consello escolar limitarase a aceptala por escrito e a informar as restantes persoas membros do consello.

Cando corresponda unha única persoa representante dos pais no consello escolar, como será nomeada?

Por elección, e non por proposta da asociación de nais e pais de alumnos.

O profesorado representante no consello escolar que sexa nomeado director, xefe de estudos ou secretario manterá a representación no consello?

Non. Non se pode ser membro nato do consello escolar e, á súa vez, membro electo.

Un profesor ou profesora representante do claustro no consello escolar que resulte desprazado/a por falta de horario recuperaría a condición de membro do consello no curso académico seguinte se imparte docencia no seu centro de destino definitivo?

Non. Unha vez perdida a representación, xa non se recupera, con independencia de que a vacante se cubrise ou non.

O alumnado de educación primaria pode ser elixido membro do consello escolar?

Non. O alumnado poderá ser elixido membro do consello escolar a partir do primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.

PERDA DA CONDICIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO

Cales son as causas de perda da condición de persoal funcionario?

- a) A renuncia á condición de persoal funcionario
- b) A perda da nacionalidade
- c) A xubilación total
- d) A sanción disciplinaria firme de separación do servizo
- e) A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que seca firme
- f) O falecemento

A renuncia expresa é unha das causas da perda da condición de persoal funcionario. Inhabilita para novo ingreso?

A renuncia non inhabilita para un novo ingreso, de modo que poderemos volver a opositar ao mesmo corpo e especialidade á que renunciámos.

Ten algún sentido presentar unha renuncia á condición de persoal funcionario?

Unicamente cando non reunamos o requisito para solicitar unha excedencia voluntaria por interese particular.

Neste caso si, posto que, se temos outra dedicación profesional que non é compatible co exercicio da docencia e non damos clase, podería considerarse abandono do servizo.

O abandono do servizo é unha falta moi grave que pode ser sancionada coa separación do servizo. Esta sanción implica a imposibilidade para o acceso á función pública cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada.

A perda da nacionalidade española implica a perda da condición de persoal funcionario?

Só se non se obtén outra nacionalidade que permita o acceso ao emprego público en España.

A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público nunha sentenza xudicial implica a perda da condición de persoal funcionario?

Si, sempre que a sentenza sexa firme.

No caso de inhabilitación absoluta, produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos desempeñados.

Para o suposto de inhabilitación especial, só se produce a perda respecto dos empregos ou cargos especificados na sentenza.

PERMUTAS

Se unha persoa ten 10 anos de servizos como persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia e outra 4 anos de servizos como persoal funcionario de carreira e 2 como persoal funcionario interino da Comunidade Autónoma de Galicia, poderían permutar?

Si. Aínda que o artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia establece como un dos requisitos para a concesión da permuta que se prestase un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira, en aplicación da Directiva europea 1999/1970 computárianos os dous anos de servizo como persoal funcionario interino.

Poderían permutar unha persoa do corpo de catedráticos e unha persoa do corpo de profesores de ensino secundario?

Si, porque no sistema de provisión mediante concurso de traslados concorren ás mesmas prazas. Na disposición adicional sexta do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, establécese como unha das condicións “que ambos os destinos sexan de igual natureza e correspondan a idéntica forma de provisión”.

Se acabo de permutar, podo participar no concurso xeral de traslados?

Non. Deberá permanecer no posto obtido por permuta un mínimo de dous anos para poder participar no concurso.

PERSOAL COIDADADOR

O persoal coidador enténdese como un recurso profesional de apoio para atender o alumnado con necesidades educativas especiais. Que características debe presentar este alumnado?

Algunha das seguintes:

- Necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
- Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.
- Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar para os cales careza da autonomía necesaria.
- Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

Cales son as funcións do persoal coidador?

- Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión. Esas atencións tamén se estenden ás noites no caso de alumnado internado en centros de educación especial.
- Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- Nos casos excepcionais en que sexa necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- Colaborar nas actividades complementarias en que participe a alumna ou alumno.
- Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.
- Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

Cal é a ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais?

A ratio non excederá de 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.

De conformidade coa disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o contrato de traballo do profesorado de Relixión poderá ser?

A tempo completo ou a tempo parcial. A disposición adicional terceira establece que “en todo caso, a proposta para a docencia corresponderalles ás entidades relixiosas e renovarase automaticamente cada ano. A determinación do contrato, a tempo completo ou a tempo parcial segundo o que requiran as necesidades dos centros, corresponderalles ás Administracións educativas competentes. A remoción, se é o caso, axustarase a dereito”.

De acordo coa publicación das relacións de postos de traballo do profesorado de Relixión, o contrato do profesorado de relixión é?

A tempo completo.

De conformidade co artigo 4 do Real decreto 696/2007, do 1 de xuño, por canto tempo será a contratación do profesorado de Relixión?

Por tempo indefinido, agás nos casos de substitución do titular da relación laboral que se realizará de conformidade co artigo 15.1 do Estatuto dos traballadores.

De acordo co artigo 7 do Real decreto 696/2007, do 1 de xuño, cales son as causas de extinción do contrato do profesorado de Relixión?

Cando a Administración competente adopte unha resolución en tal sentido, logo da incoación dun expediente disciplinario.

- a) Por revogación axustada a dereito da acreditación ou da idoneidade para impartir clases de Relixión por parte da confesión relixiosa que a outorgou.
- b) Polas demais causas de extinción previstas no Estatuto dos traballadores.
- c) No caso de traballadores estranxeiros, pola extinción ou a non renovación da autorización de residencia ou de residencia e traballo, como consecuencia da concorrencia dalgún dos supostos para a devandita extinción ou o incumprimento dalgún dos requisitos para a renovación establecidos na normativa de estranxeiría e inmigración.

A renovación automática da proposta da autoridade eclesiástica ten que formalizarse por escrito?

Non. O artigo 2.1 da Orde do 17 de xullo de 2007 establece que “a proposta para a docencia que lle corresponde ás entidades relixiosas considerárase renovada automaticamente, sen necesidade de que se teña que formalizar por escrito”.

Como atenderá a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as novas necesidades de profesorado de Relixión?

Prioritariamente, co profesorado que actualmente está prestando servizos.

Caso de non ser posible, con novos nomeamentos de persoal laboral temporal ata a súa convocatoria mediante concurso de traslados.

Ademais da impartición de docencia da área ou materia de Relixión, que outras funcións docentes pode desempeñar o profesorado de Relixión?

De conformidade co artigo 4 da Orde do 17 de xuño de 2007, entre outras:

- Gardas
- Titorías de país e nais
- Dinamización das TIC, de biblioteca, de convivencia escolar, da mellora da calidade educativa, de programas internacionais

O profesorado de relixión pode resultar desprazado por falta de horario?

Si. Así o establece o artigo 5 da Orde do 17 de xullo de 2007. Tamén lle resultarán de aplicación as prioridades para a obtención dun novo destino establecidas con carácter xeral para o persoal funcionario docente dos corpos regulados na LOE.

Na orde do 17 de xullo de 2007, régúlase un concurso de traslados para o profesorado de Relixión?

Si. No artigo 6.

Poderá participar no concurso de traslados o profesorado de Relixión doutras comunidades autónomas?

Non. O concurso de traslados será entre o profesorado de Relixión que presta servizos no correspondente nivel educativo na Comunidade Autónoma de Galicia e que posúa o nivel de formación e perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

Ademais do profesorado de Relixión con contrato laboral indefinido, poderá participar no concurso o profesorado de Relixión con contrato laboral temporal?

Si.

Se un profesor ou profesora de Relixión con contrato laboral temporal obtén unha praza no concurso de traslados, que sucedería co seu contrato?

Pasaría a ter un contrato laboral indefinido.

De conformidade co artigo 6 da Orde do 17 de xullo de 2007, que se valorará, como mínimo, no concurso de traslados?

- a) A experiencia docente como profesor de Relixión, de maneira preferente nos centros públicos e no mesmo nivel educativo da praza á que opta.
- b) As titulacións académicas, de modo preferente as máis afíns polo seu contido, á ensinanza da relixión.
- c) Os cursos de formación e perfeccionamento que estean relacionados coa didáctica, a organización escolar ou análogos, de modo preferente os máis afíns polo seu contido a ensinanza da relixión.

Cales son requisitos esixibles para as novas contratacións de profesorado de Relixión?

- Titulación esixible, ou equivalente, no respectivo nivel educativo.
- Ser proposto pola autoridade da confesión relixiosa para impartir a devandita ensinanza.
- Obter a declaración de idoneidade ou certificación equivalente da confesión relixiosa obxecto da materia educativa.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega.

Que retribucións percibirá o profesorado de Relixión?

As que correspondan no respectivo nivel educativo ao profesorado interino.

O profesorado de Relixión ten dereito a percibir o complemento específico por función titorial e outras funcións docentes?

Si. Este complemento regúlase na Orde do 17 de xullo de 2007, que no artigo 2 establece que resultará de aplicación ao profesorado de Relixión.

O profesorado de Relixión con contrato laboral indefinido ten dereito a que se lle conceda unha excedencia por interese particular?

Si. Esta excedencia implica a perda da praza.

O profesorado de Relixión poderá realizar intercambios provisionais das súas prazas?

Si. A Orde do 17 de xullo de 2017 pola que se regulan os intercambios provisionais de prazas de persoas docente que imparte as ensinanzas reguladas na LOE é de aplicación ao profesorado de Relixión.

PROFESORADO ITINERANTE

É persoal docente itinerante todo o persoal que presta servizos en máis dun centro educativo?

Non. Hai que desempeñar postos de traballo que comprenden máis dun centro educativo situados en distinta localidade e que implican desprazamentos habituais desde un centro base a outro ou outros centros públicos nos que imparten docencia ou realizan actuacións de atención directa co alumnado.

O profesorado de Relixión pode ter a consideración de profesorado itinerante?

Si.

Que profesorado se considera, en todo caso, itinerante?

O profesorado que imparte docencia nos colexios rurais agrupados e as orientadoras o orientadores que teñan centros adscritos ou presten servizos en centros compartidos.

No concurso de traslados, considéranse itinerantes todos os postos dos colexios rurais agrupados?

Non. Non se consideran itinerantes os postos das especialidades de Educación Infantil e de Educación Primaria.

Cal é a compensación horaria lectiva semanal do profesorado itinerante?

- Ata 50 km: 2 horas
- Desde 51 km ata 100 Km: 3 horas
- Desde 101 km ata 150 Km: 4 horas
- Máis de 150 km: 5 horas

A redución de horario lectivo do profesorado itinerante pode implicar un incremento do horario complementario fixo?

Non.

O profesorado itinerante que faga desprazamentos dun centro a outro no horario lectivo do alumnado...

Computará este desprazamento como horario lectivo ata o máximo que establece o apartado segundo do acordo, sen que poida efectuarse unha dobre compensación horaria lectiva semanal, é dicir, non poderá, ademais, engadir a compensación horaria establecida no acordo.

De conformidade co Acordo de itinerancias do 18 de febreiro de 2008, os postos de traballo itinerantes serán de aceptación obrigatoria?

Non. Serán de aceptación voluntaria.

Que distancia non se poderá superar entre o centro de destino e os centros aos que o profesorado se ten que desprazar?

Con carácter xeral, os 35 km. En casos excepcionais poderán superarse co acordo da correspondente xunta de persoal.

Cantos son os quilómetros máximos que realizará o profesorado itinerante?

250 km semanais con carácter xeral. En casos excepcionais, poderán superarse co acordo da correspondente xunta de persoal.

O profesorado itinerante terá dereito a compensación económica polos desprazamentos?

Si, cando se desprace desde o centro base a outro centro educativo ou desde un centro educativo a outro.

O profesorado itinerante terá dereito a percibir os custos de locomoción só cando preste servizos en dous ou máis centros no mesmo día?

Non. Terá dereito tanto que o faga no mesmo día como en día diferente.

Cales son os dereitos cando preste servizos en dous centros en días diferentes?

De conformidade co punto primeiro da Circular número 10/2008, "o profesorado itinerante que presta servizos en dous ou máis centros educativos, tanto que o faga no mesmo día como en día diferente, e con independencia da súa localidade de residencia, terá dereito a percibir os custos de locomoción previstos no apartado sexto do acordo, polos días que traballe no centro ou centros distintos do centro base, polos quilómetros existentes desde o centro base ao centro no que se prestan servizos, computados en viaxe de ida e volta".

O profesorado dos colexios rurais agrupados que se desprace a facer gardas a algunha unidade distinta da de adscrición terá dereito a percibir as axudas de custo?

Si.

Quen realizará o pagamento destes desprazamentos?

O centro educativo, con cargo aos custos de funcionamento.

Que sucede cando se transforma unha praza ordinaria en itinerante?

A transformación dunha praza ordinaria en praza itinerante ou o incremento nun cincuenta por cento ou máis da itinerancia dará dereito ao persoal titular desta a pasar á situación de suprimido ou suprimida ou a permanecer con destino definitivo na praza.

PRÓRROGA NO SERVIZO ACTIVO

Unha vez que facemos 70 anos, podemos solicitar a prórroga ata rematar o curso académico?

Si. Resulta de aplicación o artigo 68.5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A solicitude de prórroga no servizo activo cando debe solicitarse?

Cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que se cumpre a idade de xubilación forzosa.

Por que prazo se concederá a prolongación na permanencia no servizo activo?

A prolongación no servizo activo concederase, se é o caso, por períodos dun ano, renovables anualmente por solicitude da persoa interesada cun prazo de antelación mínimo de tres meses e máximo de catro meses á data de remate da prolongación concedida.

Temos que pasar unha revisión médica para que se nos conceda unha prórroga na situación de servizo activo?

Non.

Pódenmos desestimar a nosa solicitude de permanencia na situación de servizo activo polo feito de estar en licenza por enfermidade ou incapacidade temporal?

Si.

O persoal funcionario interino pode solicitar unha prolongación da permanencia na situación de servizo activo?

Si. Aplícase a Directiva europea 1999/1970.

O persoal funcionario que estea en situación de servizos especiais pode solicitar a prórroga no servizo activo?

Si, e continuará na situación de servizos especiais, pero a concesión da prórroga permitiralle reingresar no servizo activo se cesa a causa da concesión dos servizos especiais.

RECURSO DE ALZADA

LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (BOE NÚM. 236, DO 2 DE OUTUBRO). ARTIGO 121 E 122

Contra que actos?

- Resolucións que non esgotan a vía administrativa
- Actos de trámite "cualificados":
 - a) Os que deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto.
 - b) Os que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento.
 - c) Os que producen indefensión.
 - d) Os que producen un prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

Ante quen?

O mesmo órgano que ditou o acto ou o órgano competente para resolvelo.

Prazo para interpoñelo?

O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes, se o acto fose expreso. Se o acto non fose expreso, poderase interpoñer un recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

Prazo que ten a Administración para resolver

Tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso.

Recursos contra a resolución do recurso de alzada


Non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión.

Si cabe o recurso contencioso-administrativo.

Prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo

Dous meses, se hai resolución expresa.

Se a Administración non resolve e o silencio é desestimatorio, o Pleno do Tribunal Constitucional, na Sentenza do 10 de abril de 2014, estableceu que neste caso non hai prazo para interpoñer o recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa. Polo tanto, mentres a administración non resolva, poderase presentar o recurso contencioso-administrativo en calquera momento sen suxeición a prazo.



RECURSO DE REPOSICIÓN. ARTIGO 122 E 123

Carácter

Potestativo.

Contra que actos?

Actos administrativos que lle poñan fin á vía administrativa.

Ante quen se interpón?

O mesmo órgano que ditou o acto.

Prazo para interpoñelo?

Un mes se o acto fose expreso.

Se o acto non fose expreso poderase interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

Prazo que ten a Administración para resolver

Un (1) mes.

Recursos contra a resolución do recurso de reposición

Recurso contencioso administrativo que só se poderá interpoñer unha vez que se resolva o recurso ou transcorrido o prazo de resolución (1 mes) sen que a Administración ditase resolución expresa.

Prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo

Dous meses, se hai resolución expresa.

Se a Administración non resolve e o silencio é desestimatorio, o Pleno do Tribunal Constitucional, na Sentenza do 10 de abril de 2014, estableceu que neste caso non hai prazo para interpoñer o recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa. Polo tanto, mentres a Administración non resolva, poderase presentar o recurso contencioso administrativo en calquera momento sen suxeición a prazo.

RECOÑECIMENTO DE ESPECIALIDADES DO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CORPO DE MESTRES.

PROCEDEMENTO CÓDIGO ED020A

Son persoal funcionario en prácticas. Podo solicitar o recoñecemento de especialidades?

Non, soamente pode solicitar o recoñecemento o persoal funcionario de carreira.

Que é preciso para o recoñecemento?

Posuír algunha das titulacións ou requisitos que figuran no anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

É obrigatorio presentar a solicitude electronicamente?

Sí, o artigo 3 da Orde do 23 de xuño de 2020 establece que se presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos mediante o procedemento normalizado código ED020A.

Teño que presentar algunha documentación?

Non se xa consta no seu expediente persoal a titulación ou os requisitos esixidos. En caso contrario, deberá achegar a documentación necesaria para o recoñecemento.

Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

Durante os meses de xuño e setembro.

Teño que solicitar o recoñecemento da especialidade de Primaria?

Non, a especialidade de Educación Primaria seralle recoñecida de oficio pola Administración educativa ao persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que posúa algunha das titulacións que para esta especialidade se determinan no anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro.

Posúo a titulación de grao en Educación Primaria pola Universidade de Vigo e obtiven a mención de Educación Especial nunha universidade distinta. Como podo acreditarlo?

Neste caso será preciso que se acredite coa titulación de grao e a certificación académica da universidade na que obtivo a mención onde conste a superación desta.

Posúo a titulación de grao en Educación Primaria pola Universidade de Vigo e obtiven posteriormente a mención de Educación Especial na mesma universidade. Como podo acreditálo?

Deberá acreditálo co título de grao onde conste a mención obtida. Tamén se poderá acreditar coa certificación supletoria provisional do título.

Quero obter o recoñecemento da especialidade de Lingua Estranxeira. Que documentación debo achegar?

No suposto de ter a especialidade ou mención no seu título, pero non consta a lingua cursada neste deberá achegar a certificación académica da universidade para verificar a lingua estranxeira cursada na súa titulación.

Teño o máster en Psicopedagogía. Podo obter o recoñecemento da especialidade de Pedagogía Terapéutica?

Non, o anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, establece unicamente a licenciatura en Psicopedagogía.

Teño o título de grao en Educación Infantil coa mención de Lingua Estranxeira: Inglés. Podo obter o recoñecemento de Lingua Estranxeira: Inglés?

Non, o anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, establece unicamente que poderán obter este recoñecemento as persoas que posúan a titulación de grao en Educación Primaria.

Pode unha persoa coa titulación de grao en Educación infantil con algunha mención obter o recoñecemento por titulación dalgunha especialidade de primaria?

Non, o anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, establece unicamente que poderán obter o recoñecemento das especialidades de primaria por titulación as persoas que posúan a titulación de grao en Educación Primaria.

Preciso obter algún recoñecemento para impartir en bilingüismo?

Non, soamente deberá posuír algunha das titulacións ou ensinanzas que se relacionan segundo o idioma na Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

Son persoal funcionario en prácticas da especialidade de Educación Infantil coa titulación de grao en Educación Primaria. Podo participar no concurso de adxudicación de destinos provisionais coa especialidade de Primaria?

Si, o persoal funcionario en prácticas de calquera especialidade que sexa nomeado o 1 de setembro dese ano persoal funcionario de carreira e posúa a titulación de grao en Educación Primaria participará e poderán adxudicárselle en prazas da especialidade de Primaria.

REDUCCIÓN DE XORNADA

Temos dereito a unha redución de xornada retribuída por coidado dun familiar?

Si. Para atender o coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, ou dun menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple, por razóns de enfermidade moi grave.

Cal é a duración desta redución de xornada?

A redución é de ata o 50 % da xornada laboral e durante o prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo á extrema gravidade da enfermidade padecida, ata unha duración máxima de dous meses.

Se houbese máis dun titular deste dereito, poderíase ratear entre eles esta redución da xornada?

Si, respectando, en todo caso, o prazo máximo dun mes ou, se é o caso, de dous meses.

O persoal funcionario docente terá dereito a unha redución de xornada por garda legal?

Si, coa redución proporcional das retribucións. A redución será dun medio ou dun terzo da xornada laboral, nos supostos recollidos no artigo 32.1 da Orde do 29 de xaneiro de 2016.

O persoal funcionario docente ten dereito a unha redución de xornada de traballo sen unha causa que a xustifique?

Si. Ten dereito a unha redución de xornada por interese particular. Deberá ser unha redución de media xornada e coa diminución proporcional das súas retribucións.

REHABILITACIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL FUNCIONARIO

En que supostos é posible a rehabilitación da condición de persoal funcionario?

- Concesión preceptiva sempre que se acredite a desaparición da causa que motivou a perda da condición de persoal funcionario:
 - a) Cando se recupere unha nacionalidade que permita o acceso ao corpo ao que se pertenceu.
 - b) Cando desapareza a incapacidade que motivou a perda, no caso de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Neste caso reservárase o posto de traballo que ocupase con carácter definitivo se se presenta a solicitude de rehabilitación antes de dous (2) anos desde que se extinguiu a relación de servizo como consecuencia da xubilación por incapacidade permanente.

- Concesión potestativa (carácter excepcional e por solicitude da persoa interesada):
No suposto de condena á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido.

Existe un informe favorable previo do órgano ao que lle correspondan as funcións de asesoría xurídica, oído o órgano de representación do persoal funcionario, e motivación da rehabilitación.

Transcorrido o prazo de tres meses, a solicitude de rehabilitación poderá entenderse desestimada.

RESPONSABILIDADE CIVIL

Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ante quen se exige a responsabilidade patrimonial da Administración pública?

Este artigo determina que, para facer efectiva a responsabilidade, se lle esixirá directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e prexuízos causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.

No caso de acudir aos tribunais de xustiza, ante que xurisdicción se demanda a responsabilidade patrimonial?

O artigo 2e) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, establece que a orde xurisdiccional contencioso-administrativa coñecerá das cuestións que se susciten en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas calquera que sexa a natureza da actividade ou o tipo de relación de que derive, non podendo ser demandadas aquelas por este motivo ante as ordes xurisdiccionais civil ou social, aínda cando na produción do dano concorran con particulares ou contén cun seguro de responsabilidade.

Xurisprudencia sobre o ámbito temporal do deber de vixilancia do profesorado sobre o alumnado

Sobre este particular, o Tribunal Supremo ten reiterado en numerosas ocasións que as potestades de vixilancia e control son delegadas polos pais e nais do alumnado nos centros de ensino desde o momento en que o alumnado menor de idade accede ao centro ata que se produce a súa saída ordenada e comprende as actividades escolares, extraescolares e complementarias.

Como afecta a existencia de transporte escolar á responsabilidade do centro?

Neste caso, a responsabilidade é distinta en función do réxime no que se presta o servizo complementario:

- a) Réxime de xestión directa polo propio centro: a responsabilidade polos danos imputables a un defectuoso funcionamento do servizo ou a un caso fortuito recaería na Administración titular do centro educativo.
- b) Réxime de contratación do servizo cun terceiro: neste caso interviría a responsabilidade das empresas encargadas da súa prestación.

O alumnado menor de idade pode saír do centro no recreo?

A xurisprudencia ten declarado como indemnizables as lesións sufridas polo alumnado fóra do centro escolar sempre que respondan a un incumprimento do deber de vixilancia sobre a permanencia deste no centro.

Así, para evitar a posible responsabilidade da Administración, o alumnado menor de idade non pode saír do centro durante todo o horario lectivo, incluído o recreo.

RETRIBUCIÓNS

A percepción da compoñente do complemento específico correspondente á “función titorial e outras funcións docentes” é compatible coa percepción da compoñente do complemento específico por razón de desempeño de órganos unipersoais de goberno?

Si.

E coa percepción da compoñente do complemento específico por razón de desempeño de postos de traballo docentes singulares?

Si.

E coa percepción da consolidación do complemento específico correspondente ao exercicio da dirección?

Si.

O persoal docente, se cumpre un trienio prestando servizos a tempo parcial, cando pase a xornada completa, percibe a contía do trienio completa ou parcial?

Completa.

O profesorado que imparte ensinanzas de adultos en centros ordinarios terá dereito a percibir unha compoñente do complemento específico?

Non. Na orde pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas establécese un complemento para o profesorado que imparte docencia en centros específicos de ensinanzas de adultos.

É compatible a percepción da compoñente do complemento específico polo desempeño da xefatura de departamento e por impartir docencia en centros específicos de ensinanzas de adultos?

Non. É incompatible percibir máis dunha compoñente singular do complemento específico polo desempeño de órganos unipersoais de goberno e polo desempeño de postos de traballo docentes singulares. Neste caso, os dous son postos de traballo docentes singulares.

É compatible a percepción da consolidación parcial do complemento específico das direccións dos centros escolares públicos e do complemento específico correspondente á xefatura de departamento?

Si. O proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións establece que “o complemento específico correspondente á consolidación parcial deste complemento polo exercicio da dirección será incompatible coa percepción da compoñente singular do complemento específico pola titularidade de órganos unipersoais de goberno e co desempeño de postos de traballo docentes singulares que teñan asignada unha contía superior á establecida para as xefaturas de departamento”.

O persoal funcionario docente que estea prestando servizos nun centro educativo ou na inspección educativa, e teña consolidado o nivel 30 ten dereito a percibir como compoñente xeral do complemento específico o establecido para o nivel 30?

Non. Ten consolidado o nivel de complemento de destino, pero non se consolida o específico. Percibirá como compoñente xeral do complemento específico o correspondente ao seu corpo.

Se gozamos dun permiso sen soldo durante dous meses, percibiremos completa a paga extraordinaria?

Non. Reducirásenos na parte proporcional aos servizos non prestados.

O persoal funcionario do corpo de mestres da especialidade de Pedagogía Terapéutica que obteña un destino definitivo ou provisional nun instituto de educación secundaria ten dereito a percibir o complemento específico correspondente á diferenza entre os niveis 24 e 21?

Non. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 18 de xullo de 2012 (STS/JAL 6551/2012).

No suposto dun departamento unipersoal, se a persoa que desempeña a xefatura de departamento é nomeada cargo directivo, percibiríanse os dous complementos?

Non. Son complementos incompatibles.

O persoal docente funcionario de carreira que supere os 90 días de licenza por enfermidade terá dereito a que se lle complemente a contía aboada por MUFACE para acadar o cen por cento das retribucións?

Si. Na orde de instrucións de nóminas establécese que “durante o ano 2022 os/as traballadores/as en situación de licenza por enfermidade ou incapacidade temporal percibirán un complemento retributivo desde o primeiro día da devandita situación que, sumado á prestación do réxime da Seguridade Social ou do réxime de mutualismo administrativo, acade o 100 % das retribucións fixas do mes anterior á baixa”.

Para os efectos retributivos dos órganos unipersoais de goberno dos centros educativos, e determinar o tipo de centro, nos centros de educación infantil e primaria, ademais das unidades que de dereito lle correspondan ao centro, computaranse aquelas que teña habilitadas?

Si. A Circular 1/1996 foi modificada pola Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 1 de outubro de 2012.



RÉXIME DISCIPLINARIO

En que caso se pode sancionar como falta grave o incumprimento inxustificado da xornada de traballo?

Cando supoña un incumprimento que, acumulado, sexa dun mínimo de dez (10) horas ao mes ou dunha porcentaxe equivalente no caso de que o seu cómputo se faga por períodos superiores ao mes.

Entenderase por incumprimento total da xornada de traballo diaria a ausencia inxustificada do posto de traballo durante a duración íntegra desta.

Que acontece se durante un procedemento disciplinario se perde a condición de empregado público?

Con carácter xeral declarárase de oficio a finalización do procedemento e ordenárase o arquivamento das actuacións.

Non obstante para o caso do persoal funcionario interino poderá continuarse a tramitación do procedemento, caso no que poderían darse as seguintes situacións cando se dite a resolución impondo sanción:

- O persoal interino ten de novo a condición de empregado público: aplicarase a sanción disciplinaria que corresponda.
- O persoal interino non ten a condición de empregado público: a sanción quedará en suspenso ata que o persoal interino teña de novo a condición de empregado público, momento en que se procederá a aplicar a correspondente sanción sempre que esta non prescribise.

Cal é a sanción prevista para o persoal funcionario que intervéñ nun procedemento administrativo cando concorre unha causa de abstención?

A lei tipifica como falta grave esta conduta pola que se podería impoñer calquera das seguintes sancións:

- Suspensión firme de funcións por un período de entre quince días e tres anos.
- Traslado forzoso con cambio de localidade por un período dun ano, que impedirá obter destino, por ningún procedemento, na localidade desde a cal se produciu o traslado.
- Traslado forzoso sen cambio de localidade por un período dun ano.
- Demérito.

No suposto de resultar sancionado coa separación do servizo, poderíamos volver opositar para ingresar novamente no corpo?

En caso de separación do servizo, non poderemos acceder ao corpo do cal fomos separados, pero poderíamos acceder a outro corpo.

Ademais, a anotación da sanción de separación do servizo non será obxecto de cancelación.

Está establecida como falta a obtención das probas nun proceso selectivo? Cal é a sanción prevista?

Si. O artigo 185.1 p) da Lei 2/2015, do 29 de abril, establece que é unha falta moi grave cometer fraude nun proceso selectivo a través de calquera comportamento tendente a obter anticipadamente as probas, obter mediante dispositivos electrónicos ou utilizando outro tipo de mecanismos os seus resultados no momento da súa realización, ou alterar os resultados das probas unha vez realizadas.

A sanción prevista para esta falta é a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 5 anos.

E se a persoa aspirante copia a outra persoa aspirante durante a realización das probas do proceso selectivo?

Neste caso a lei prevé esta conduta como unha falta grave tipificada no artigo 186.1 y). A sanción pola comisión desta falta é a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 2 anos.

En que prazo prescriben as faltas e as sancións?

- | | |
|-------------|---|
| • Faltas: | Moi graves → 3 anos
Graves → 2 anos
Leves → 6 meses |
| • Sancións: | Moi graves → 3 anos
Graves → 2 anos
Leves → 1 ano |

O réxime disciplinario regulado no título IX da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia é de aplicación ao profesorado de Relixión?

Si. O artigo 183.4 da lei establece que “o réxime disciplinario do persoal laboral se rexe, no non previsto neste título, pola lexislación laboral”.

O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade é unha falta?

Si, moi grave.

A sanción de separación do servizo do persoal interino comporta a revogación do nomeamento e, ademais...

A exclusión definitiva da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego.

A sanción de suspensión de funcións do persoal funcionario interino por falta moi grave supón...

A exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego que se encontren vixentes no momento de impoñerse a sanción polo mesmo período de duración desta.

A sanción de suspensión de funcións do persoal funcionario interino por falta grave supón...

A exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego que se encontren vixentes no momento de impoñerse a sanción por un período dun ano e un día, ou polo tempo da suspensión se este é maior.

A suspensión de funcións do persoal funcionario interino por un período inferior a 15 días pola comisión dunha falta leve implica a revogación do nomeamento de persoal interino?

Non.

Esta suspensión de funcións ao persoal funcionario interino por comisión dunha falta leve implica tamén a exclusión da totalidade das listas de espera que se encontren vixentes no momento de impoñerse a sanción por un período máximo dun ano. En que momento se executaría esta exclusión?

No momento do cesamento como persoal funcionario interino.



SEXENIOS

Se para perfeccionar un sexenio alegamos que fixemos ensinanzas de réxime especial, cando teñen que estar iniciadas e rematadas?

Resulta irrelevante cando sexan iniciadas e teñen que estar rematadas no período do sexenio.

Faciamos o segundo sexenio o día 1 de outubro de 2020. Non obstante, ao non poder xustificar as horas de formación, non o perfeccionamos ata o 1 de xaneiro de 2021. Cando faremos o terceiro sexenio?

O 1 de xaneiro de 2027. A xurisprudencia ratificou a posición da Administración educativa de que o cómputo do próximo sexenio se inicia unha vez perfeccionado o anterior.

No caso do persoal funcionario docente en situación de servizos especiais ten que acreditar horas de formación para perfeccionar un sexenio?

Está exento de acreditar 20 horas por cada ano en situación de servizos especiais.

O persoal docente interino ten dereito a percibir os sexenios?

Si, en aplicación da Directiva europea 1999/70/CE.

O profesorado de Relixión ten dereito a percibir os sexenios?

Si.

O persoal docente desempeñando postos da relación de postos de traballo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten dereito a percibir os sexenios?

Si.

O profesorado que tutele as prácticas do persoal aspirante seleccionado nos concursos-oposición para ingreso nos corpos docentes ten algún recoñecemento para os efectos do perfeccionamento dos sexenios?

50 horas.

As horas de impartición de cursos son válidas para o perfeccionamento de sexenios?

Si, sempre que fosen organizados pola consellería competente en materia de educación.

Os servizos prestados na función pública docente universitaria compútanse para os efectos de perfeccionamento de sexenios?

Si.

Para o perfeccionamento dos sexenios, téñense en conta os cursos organizados polas universidades?

Teñen que estar recoñecidos pola consellería competente en materia de educación.

Ao persoal funcionario docente que preste servizos nunha Administración distinta da educativa, élle computable este tempo para os efectos de sexenios?

Si, sempre que estea na situación de servizo activo no corpo docente.

SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (BOE núm. 261, do 31 de outubro)
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, do 4 de maio)

Unha persoa funcionaria do corpo de mestres con 10 anos de servizo que accede ao corpo de profesores de ensino secundario e leva 2 anos de servizo neste último corpo, pode solicitar unha excedencia voluntaria por interese particular?

Si, o persoal funcionario de carreira pode obter a excedencia por interese particular cando prestase servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude, pero non esixe que sexan precisamente no último corpo.

Existe un período máximo de duración da excedencia voluntaria por interese particular?

Non, a lei non prevé un período máximo de duración.

Existe un período mínimo de duración da excedencia voluntaria por interese particular?

Si, a lei prevé un mínimo dun (1) ano.

Unha persoa funcionaria de carreira do corpo de mestres con dous anos de servizo como persoal funcionario de carreira e outro como persoal interino reuniría o requisito para solicitar a excedencia voluntaria por interese particular?

A consellería competente en materia de educación entende que se pode conceder dado que a lei esixe un mínimo de tres anos de servizos efectivos inmediatamente anteriores á solicitude, pero non establece taxativamente que sexan prestados como persoal funcionario de carreira.

Ademais, entende que resultaría de aplicación a Directiva 1999/1970.

Cal é a situación administrativa do persoal funcionario de carreira que pase a prestar servizos noutro corpo como persoal interino?

O persoal funcionario de carreira que pase a prestar servizos como persoal interino noutro corpo en calquera Administración pública, organismo, axencia ou entidade do sector público será declarado na situación administrativa de excedencia por interese particular.

Cal é a situación administrativa do persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que promociona ao corpo de profesores de ensino secundario?

Excedencia por prestación de servizos no sector público, salvo que lle corresponda quedar noutra.

No caso de excedencia por coidado dun fillo ou filla, existe o dereito á reserva do posto de traballo durante a duración de toda a excedencia?

O posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo resérvase durante toda a duración da excedencia. Se se ocupa un posto de traballo con carácter provisional, a reserva manterase mentres o posto non se cubra por outro procedemento de provisión previsto na lei.

O gozo da excedencia por coidado de fillo ou filla pode ser interrompido?

Si, a lei prevé que se poderá facer uso deste de forma fraccionada.

O gozo da excedencia por coidado de fillo ou filla de forma interrompida pode levar a que teñamos dereito a esta excedencia cando o fillo ou filla supere os tres anos, se levamos gozado menos tempo desta excedencia?

Neste caso a lei prevé un réxime diferenciado para a excedencia por coidado de fillos/as e a excedencia por coidado de familiares de primeiro e segundo grao de parentesco.

En ambos os dous casos a excedencia ten unha duración máxima prevista de tres anos pero na excedencia por coidado de fillos e fillas establécese un día concreto de

inicio do prazo da excedencia (o do nacemento do fillo ou filla) e tamén de finalización da excedencia (cando o noso fillo ou filla cumpra os tres anos), é dicir, aínda que non solicitásemos a excedencia, o cómputo para o seu gozo xa comezou no día do seu nacemento.

No primeiro caso, o lexislador establece un dereito de excedencia para o empregado público en razón da idade do fillo ou filla. Entende o lexislador que se debe protexer a necesidade de coidado dos fillos e fillas ata que fagan a idade de tres anos.

Polo tanto, o fundamento da concesión da excedencia e a especial necesidade de coidado que debe recibir dos seus pais ou nais un neno ou nena ata que ten tres anos de idade e non que os pais e nais teñan dereito a gozar dun período de excedencia de tres anos con independencia da idade do seu fillo ou filla.

O gozo interrompido da excedencia permite que os pais e nais poidan incorporarse ao traballo nos períodos que lles resulten máis ventaxosos para conciliar o coidado dos seus fillos e fillas coa vida laboral, pero non permite alongar o gozo desta excedencia despois de que o noso fillo ou filla faga os tres anos.

Non ocorre o mesmo no caso da excedencia por coidado dun familiar de primeiro ou segundo grao, posto que a lei nesta situación o que protexe é a especial necesidade de coidado cando por razón de accidente, enfermidade ou idade da persoa non se pode valer por si mesma e non desempeña actividade retribuída, posto que se establece como *dies ad quem* (finalización da excedencia) un período de tres anos desde o día en que se inicia o seu gozo.

Non obstante, nada impide que, logo de finalizar a excedencia por coidado dun fillo ou filla por facer os tres anos de idade, se poida solicitar a excedencia por coidado de familiares ao abeiro do artigo 176.1.b) da Lei 2/2015, do 29 de abril, se se precisa para o seu coidado por razón dun accidente ou de enfermidade deste fillo ou filla, pero nunca por razón de idade (situación xa protexida no período ata os tres anos de idade polo artigo 176.1a) da Lei 2/2015, do 29 de abril).

Así se pronuncian a Sentenza de 18 de xuño de 2018 da Sección Sexta do Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (STS 2327/2018) para o caso de xuíces e maxistrados e a Sentenza de 5 de febreiro de 2021 da Sala do Social do Tribunal Supremo en recurso para a unificación da doutrina (STS 456/2021).

A excedencia por coidado de fillo ou filla pode ser solicitada por dúas persoas?

Si. A excedencia é un dereito individual do persoal funcionario.

Non obstante, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento do servizo.

O persoal funcionario interino ten dereito á excedencia por coidado de familiares?

Si, o persoal funcionario interino ten dereito á excedencia por coidado de familiares.

Cales son os requisitos para a concesión da excedencia por razón de violencia de xénero?

As funcionarias vítimas de violencia de xénero teñen dereito a solicitar a situación de excedencia sen que sexa esixible o requisito de prestar un tempo mínimo de servizos previos nin un prazo de permanencia nesta situación.

Durante os seis primeiros meses de permanencia nesta situación tense dereito á reserva do posto de traballo que se desempeñase e a que o tempo sexa computable para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que resulte de aplicación.

Cando as actuacións xudiciais así o esixan, este período prorrogarase por prazos de tres meses, ata un máximo total de dezaioito, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.

Durante os tres primeiros meses desta excedencia, a funcionaria ten dereito a percibir as súas retribucións íntegras e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.

A partir do 7 de outubro de 2022 pódese conceder tamén a excedencia por razón de violencia sexual de conformidade coa modificación do EBEP realizada pola disposición final 15.3 da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro.

Cales son os requisitos para a concesión da excedencia por razón de violencia terrorista?

O persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista terá dereito a gozar dun período de excedencia nas mesmas condicións que as vítimas de violencia de xénero.

Será preciso contar co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme.

Esta excedencia manterase durante o período temporal que resulte necesario para a protección e asistencia social integral da persoa á que se lle concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista ou pola ameaza á que se atopa sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

O persoal funcionario de carreira ao que se lle incoase un expediente disciplinario ten dereito a que se lle conceda unha excedencia por interese particular?

Non. O artigo 172.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, establece que non pode declararse a excedencia por interese particular cando ao persoal funcionario se lle instrúa un expediente disciplinario.

En que situación administrativa será declarada unha persoa funcionaria de carreira que non tome posesión do destino adxudicado mediante concurso?

En excedencia voluntaria por interese particular.

Unha persoa que cese na situación de servizos especiais ten que realizar unha solicitude de reingreso ao servizo activo?

Si, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao do cesamento na situación de servizos especiais.

En que situación administrativa quedará unha persoa que cesa na situación de servizos especiais e non solicita o reingreso no servizo activo no prazo dun mes?

Na situación de excedencia por interese particular.

O persoal funcionario de carreira docente que cesa na situación de servizos especiais e solicita o reingreso ao servizo activo ao mes da data do cesamento ten dereito a que se lle aboe ese mes?

Non. Xera o dereito retributivo desde a data na que solicita o reingreso e toma posesión.

O persoal funcionario dos corpos docentes que sexa nomeado para desempeñar un posto en áreas funcionais da alta inspección de educación en que situación administrativa estará?

Na situación de servizos especiais. Artigo 167.m) da Lei 2/2015, do 29 de abril.

Cando se accede á condición de deputado do Parlamento de Galicia, pásase obrigatoriamente á situación de servizos especiais?

Non sempre. Cando non se perciban retribucións periódicas, poderá optarse entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuízo da normativa sobre incompatibilidades aplicable aos deputados.

As persoas que perdan a condición de parlamentarios por disolución da Cámara ou finalización do seu mandato, poden permanecer na situación de servizos especiais?

Si, ata a nova constitución da Cámara.

O persoal funcionario de corpos docentes que resulte electo nunha entidade local e non teña dedicación exclusiva quedará na situación administrativa de servizos especiais?

Non. Quedará na situación administrativa de servizo activo. Para quedar en situación de servizos especiais deberá ter dedicación exclusiva.

O persoal funcionario docente en situación de servizos especiais ten dereito a optar pola retribución do posto que desempeña ou a retribución como docente?

Non. Percibirá as retribucións do posto ou cargo que desempeña, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que se teñan recoñecidos en cada momento.

SUPRESIÓN DE POSTOS

Nun CRA, no caso de supresión, queda suprimida a persoa con menor antigüidade ininterrompida no centro ou a que desempeña precisamente a unidade que resulta suprimida?

Quedaría a persoa con menor antigüidade ininterrompida no centro. A Dirección Xeral de Persoal, nun escrito do 27 de xuño de 2003, contesta o seguinte:

“Como consecuencia do exposto, e en resposta á consulta formulada, esta dirección xeral resolve que os colexios rurais agrupados son un único colexio, para os efectos de determinar entre varios mestres que ocupan prazas da mesma especialidade quen é a persoa afectada por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva de destino”.

Coa normativa actualmente vixente, artigo 3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, aplicaríanse sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Menor antigüidade ininterrompida, como definitivo, no CRA.
- b) Menor tempo de servizos como persoal funcionario de carreira do corpo de mestres.
- c) Ano máis recente de ingreso no corpo.
- d) A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.
- e) Menor puntuación obtida no procedemento selectivo a través do que se ingresou no corpo.

O persoal funcionario docente suprimido poderá ser desprazado provisionalmente da zona educativa?

Forzosamente, non, sempre que cumpran coa obriga de participar no concurso de traslados e exerzan o dereito preferente.

Voluntariamente, si.

O artigo 8.4 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, establece que ás persoas que, cumprindo coa obriga de concursar, exerzan o dereito preferente non lles será adxudicado destino de oficio. Mentres non obteñan destino definitivo, seralles adxudicado destino provisional na localidade ou, no caso de persoal funcionario do corpo de mestres, zona educativa.

Nun centro hai unha persoa funcionaria do corpo de mestres A suprimida, que estivo 6 anos con destino definitivo neste. Posteriormente estivo 4 con destino definitivo noutro centro e logo acadou novamente destino definitivo no centro inicial no que leva 2 anos.

Outra persoa funcionaria do corpo de mestres, B, leva 3 anos con destino definitivo no centro. Ao ter que quedar unha delas suprimida, a persoa A di que ten que quedar suprimida a persoa B por ter menos anos de destino definitivo no centro. É isto correcto?

Non. De acordo cos criterios establecidos no artigo 3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, o criterio é de menor antigüidade ininterrompida. Polo tanto, aínda que a persoa A ten unha antigüidade no centro de 8 anos e a persoa B de 3, a persoa B ten máis anos de antigüidade ininterrompida no centro que A. Non existindo voluntariedade, a persoa suprimida sería A.

Nun departamento en extinción de tecnoloxía está adscrita unha persoa funcionaria de carreira do corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional, con 30 anos de antigüidade no corpo. No mesmo departamento, unha persoa funcionaria de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de Tecnoloxía ten 28 anos de servizos no corpo. Os dous obtiveron a praza definitiva con anterioridade ao 1 de setembro de 2006. Cal debe ser a persoa desprazada por falta de horario?

A persoa funcionaria de carreira do corpo de profesores de ensino secundario. A disposición transitoria do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, establece como primeiro criterio para o desprazamento, para os suposto de acceso a praza con anterioridade á entrada en vigor do decreto, “menor tempo de servizos efectivos como funcionaria ou funcionario de carreira do corpo ao que pertenza cada funcionaria ou funcionario”.

XORNADA DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTE

A regulación da xornada de traballo do persoal funcionario docente é de aplicación ao profesorado de Relixión?

Si. A Orde do 23 de xuño de 2011, modificada pola Orde do 4 de xuño de 2012, regula a xornada de traballo do persoal funcionario e do persoal laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Cal é a xornada semanal do persoal funcionario docente e laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial?

Trinta e sete horas e media das cales se dedicarán trinta (30) horas ás actividades do centro con presenza neste. Das devanditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de 5 horas diarias, de luns a venres.

Nos centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria e de educación especial, computarán as gardas como horario lectivo?

Si. Computarán como horario lectivo as gardas, as gardas de recreo e as gardas para custodiar o alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

Para as gardas de transporte, cal será o número de persoal docente de garda?

1 profesor/a por cada cincuenta alumnos/as ou fracción.

Nos períodos de lecer, cal será a rateo do persoal docente de garda?

En educación infantil: 1 mestre/a por 25 alumnos/as ou fracción.

En educación primaria: 1 mestre/a por cada 50 alumnos/as ou fracción.

Cal é a xornada semanal do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas?

Trinta e sete horas e medias das cales dedicarán trinta (30) ás actividades do centro con presenza nel.

Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo.

Destas 23 horas, 20 terán carácter lectivo.

As 3 restantes distribuiranse entre dúas gardas e unha hora de tutoría de pais/nais e alumnado.

Nas horas de garda, incluíranse as gardas de transporte escolar?

Si, nos centros que proceda, incluíranse as gardas de recreo e para custodiar o alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

Con que frecuencia se realizarán as reunións dos departamentos didácticos?

Faranse como mínimo unha vez ao mes.

Como se computarán as reunións do departamento?

Terán o mesmo carácter que as reunións do claustro e computaranse dentro das sete horas complementarias non fixas.

En todos os centros, a que se destinará o horario de dedicación directa ao centro que non corresponda a tarefas lectivas?

Entre outras, a actividades relacionadas coas titorías e orientación do alumnado, titorías de pais e nais, gardas cando non teñan o carácter de lectivas, reunións de equipos de ciclo, departamento, sesións de avaliación, dinamizacións, participación en reunións de órganos colexiados e reunións para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación.

A que se dedicará o horario semanal de non obrigada permanencia no centro?

As sete horas e media de non obrigada permanencia no centro destinarase ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

Se no centro non existise horario lectivo completo da especialidade docente, como se complementa o horario?

Pódese optar por completar a súa xornada lectiva noutro centro da localidade, de acordo coa súa especialidade ou competencia docente, ou no propio centro, impartindo materias afíns.





ANPE
SINDICATO INDEPENDENTE



TRABALLO INDEPENDENCIA EFICACIA
SINDICALISMO NEGOCIADOR
PROFESIONALIDADE ESCOLA DEREITO
REIVINDICATIVO PROFESORADO
ENSINO ENSINO PÚBLICO
INDEPENDENCIA ENSINANZA
DEFENSOR PROFESOR INDEPENDENCIA
ENSINO SINDICALISMO EFICACIA
PROFESIONALIDADE ESCOLA DEREITO
DOCENTES NEGOCIADOR
TRABALLO ESCOLA DEREITO
REIVINDICATIVO PROFESORADO
DEFENSOR PROFESOR ENSINANZA
TRABALLO EFICACIA
SINDICALISMO NEGOCIADOR
PROFESIONAIS ESCOLA DEREITO
REIVINDICATIVO PROFESORADO
ENSINO ENSINO PÚBLICO
DOCENTES ENSINANZA
DEFENSOR PROFESOR EFICACIA
ENSINO SINDICALISMO DOCENTES
PROFESIONALIDADE DOCENTES
DOCENTES ESCOLA EFICACIA
TRABALLO NEGOCIADOR
REIVINDICATIVO ESCOLA DEREITO
ENSINO PÚBLICO PROFESORADO

Xa podes seguirmos nas redes sociais
máis importantes



Busca ANPE Galicia,
preme en "gústame"



Busca @AnpeGalicia
e séguenos en Twitter

e mantente informado minuto a minuto
de todas as novas do ensino

www.anpegalicia.es

ANPE GALICIA

Edificio Witland
Camiños da Vida s/n, Planta 2.ª - Of. 4C
15705 Santiago de Compostela
981 552 393 · galicia@anpe.es

ANPE CORUÑA

Rúa Fernando Macías, 10 - 1.º A3
15004 A Coruña
981 271 915 - 615 866 058
acoruna@anpe.es

ANPE CORUÑA - Sede Santiago

Edificio Witland
Camiños da Vida s/n, Planta 2.ª - Of. 4C
15705 Santiago de Compostela
981 552 393 - 698 164 585
santiago@anpe.es

ANPE LUGO

San Roque, 94-98 - Entpla. esq.
27002 Lugo
982 227 912
lugo@anpe.es

ANPE OURENSE

Progreso, 123 - 1.ª Local 3
32003 Ourense
988 255 852 - 608 404 555
ourense@anpe.es

ANPE PONTEVEDRA-VIGO

República Argentina, 10 - Entr. ofic. 3
36201 Vigo - Pontevedra
986 437 043
pontevedra@anpe.es